

---

---

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*A ESCRITURA QUE ILUMINA*

O LEGADO EPISTOLAR DE JOSÉ MEJUTO BERNÁRDEZ  
(PRESO ANTIFRANQUISTA, 1936-1937)

XESÚS ALONSO MONTERO  
OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ  
ANA PAULA MEJUTO SOBA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS  
UNIVERSIDADE DO ALGARVE

2020

---

---



*A ESCRITURA QUE ILUMINA*

O LEGADO EPISTOLAR DE JOSÉ MEJUTO BERNÁRDEZ

(PRESO ANTIFRANQUISTA, 1936-1937)



COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*A ESCRITURA QUE ILUMINA*  
O LEGADO EPISTOLAR DE JOSÉ MEJUTO BERNÁRDEZ  
(PRESO ANTIFRANQUISTA, 1936-1937)

XESÚS ALONSO MONTERO  
OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ  
ANA PAULA MEJUTO SOBA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS  
UNIVERSIDADE DO ALGARVE

FARO  
2020

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

DIRECTOR **PERE FERRÉ**

SUBDIRECTORA **M<sup>a</sup> JESÚS BOTANA VILAR**

SECRETARIADO CIENTÍFICO **CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ**

DOI 10.34623/81tp-gs43

## ÍNDICE XERAL

Limiar: a resistencia da memoria .....	11
Sobre as cartas de José Mejuto (Xesús Alonso Montero) .....	19
Mejuto nas prisións franquistas (Olivia Rodríguez González) .....	41
Cartas de amor entre os crimes (Ana Paula Mejuto Soba) .....	73
Referencias bibliográficas .....	99

Fotos procedentes dos arquivos de Alvarellos Editora,  
Real Academia Galega e Ana Paula Mejuto e familia.  
Agradecemos a súa cesión para ser reproducidas neste libro.



Derradeira foto conservada de José Mejuto Bernárdez, tomada probablemente nun traslado do cárcere para declarar perante o xuíz a principios de 1937.

As súas palabras son coma pontes inacabadas, entre a morte e a vida.

As súas palabras son coma pontes inacabadas: quen as lea, seguiraas transmitindo.

(Ana Paula Mejuto)



## Limiar

### A resistencia da memoria

Os autores deste libro demos a coñecer en varios foros e publicacións, desde 2013, a insólita historia das cartas de José Mejuto Bernárdez. Este obreiro republicano fixoas chegar á súa familia durante os meses de prisión que precederon o consello de guerra do exército sublevado en 1936, que o 12 de maio de 1937 o condenou a morte en Pontevedra.

As cartas posúen por moitas razóns un carácter extraordinario. Durante 78 anos permaneceron no ámbito privado dunha familia de Cangas do Morrazo (Pontevedra) terriblemente golpeada pola guerra civil. Sobreviviron a esta e á primeira posguerra en terra hostil e resistiron a emigración a Arxentina —no fondo, un desterro político— do grupo familiar encabezado por mulleres. A viúva, Alejandra Nogueiras Lagoa, foi quen de levalas consigo como cartas de amor que nunca deixaría de reler. Só a morte en 1988 a separaría delas. Tempo despois, unha das netas ofreceuse como depositaria das cartas que coñecera dende nena nas mans da avoa e fixo delas unha lectura atenta. A conmoción que lle produciron a esta neta, Ana Paula Mejuto, cambiaría, segundo explica ela, a súa vida. A partir dese intre procurou canles para darlles nova vida e encetou a escritura dun libro de memoria familiar que logrou rematar en 2009. Mejuto recobraba a vida a través da escritura, na compañía sempre rememorada do outro avó, o rioxano de Cameros Pablo Soba Arenzana, ao que nin tempo lle deixaron para dicir nada, antes de ser *paseado* en 1936. Tiña Ana Paula Mejuto a convicción de que os dous crimes de guerra deixaran nos descendentes unha fonda pegada en forma de desacougo que nalgúns casos se manifestaba como doenza ou mesmo infortunio. Vía preciso ordenar, narrar e transmitir esa historia familiar oculta tanto tempo. Porque, se daba convertido en memoria pública a que durante tanto tempo fora memoria familiar, de silencio e resistencia, quizais lograría a curación desas feridas da alma.

Nun primeiro momento, fracasou ao tentar convencer editores, tanto arxentinos como galegos, do interese da publicación do seu libro. Uns vían o que se contaba nel como dificilmente encaixábel no ámbito lector arxentino. Outros prestaron oídos xordos e deixaron pasar a oportunidade de facer súa unha historia excepcional. Houbo, finalmente, artistas e intelectuais que,

de recalada en Buenos Aires, ao coñeceren o proxecto de Ana Mejuto, a animaban a seguir adiante. Foi o caso de Eduardo Galeano que, conmovido coas tribulacións de José Mejuto Bernárdez, deixou á neta o galano dunhas fermosas palabras preliminares que o destino ía converter nas derradeiras en ser editadas polo escritor uruguaio.

Así estaban as cousas cando en 2012 nos atopamos Ana Paula Mejuto e Olivia Rodríguez no mítico Café Tortoni de Buenos Aires. Iniciamos unha amizade que medrou con anos de experiencias compartidas arredor do que desde aquela se convertería nunha aventura que aínda continúa. O libro terminaría tendo por autor o propio José Mejuto Bernárdez, ao que Ana Paula cedía finalmente a palabra. Dous anos máis tiveron que pasar para que, co impulso de Xesús Alonso Montero, coñecido especialista na memoria da II República, lograrse ver a luz. O editor asinado que é Henrique Alvarellos puxo os medios para que, a través da escritura de José Mejuto, se coñecese a vileza dos asasinatos na zona sometida polo exército golpista. Dos milleiros de asasinatos, porque el representa a todos os que sufriron a mesma sorte como vítimas da represión franquista lonxe do campo de batalla.

Se a supervivencia das cartas posúe un carácter extraordinario, non é menos asombroso o feito de que o obreiro metalúrxico que foi José Mejuto se lanzase á escritura en penosas circunstancias. Primeiro, no Frontón de Vigo convertido en cárcere; despois, no campo de concentración da Illa de San Simón; e, unha vez sentenciado, no cárcere provincial de Pontevedra. Empeza escribindo cartas sucintas e formais para tranquilizar a muller, Alejandra, e a familia integrada pola nai, Josefa, a irmá, Carmela, e os catro filliños entre seis anos e uns meses de vida: Isabel, Josefina, Fernando e Manuel. Quere que as mulleres permanezan unidas pase o que pase, porque ten medo do ambiente familiar hostil que as arrodea mentres el está preso, xa que aí se urdiron as denuncias falsas. A medida que fai chegar cartas aos seus para consolalos e acougalos, vai decatándose de que a escritura funciona tamén como bálsamo á súa terríbel situación. A última é do 16 de xullo, e o fusilamento ten lugar o día 27 dese mes, cando o preso conta 31 anos.

Quen se acerque a estas cartas, gran parte das cales burlaron a censura, poderá comprobar a elegancia da redacción de Mejuto, que destila o espírito cívico propio da cultura que a República se esforzou, nos poucos anos da súa existencia, en expandir polo Estado, especialmente a través dos mestres e as bibliotecas populares. Mejuto tiña inclinacións humanistas, nutridas na lectura de prensa e libros, para as que sen dúbida lle faría de mentor Ángel Bernárdez Rodríguez. Periodista de vella traxectoria federalista, que chegou

a presidente da Asociación de Prensa de Vigo, este padriño e tío materno de Mejuto morría en 1935, afortunadamente a tempo de non coñecer o que a guerra ía supoñer para a España republicana e os seus seres queridos.

Por outra banda, Mejuto era sindicalista, como obreiro metalúrxico concienciado na preguerra. Na Federación da UGT de Vigo acadaría por votación o posto de delegado en 1932. Liberado do traballo no taller, empregou varios meses en mellorar a sorte dos obreiros nuns anos difíciles de tensións coa patronal e apenas dereitos laborais. Casara con Alejandra en 1930 e unha vez apartado do labor sindical, rexenta ao pé da casa familiar un taller de mecánica naval. A familia política vai facerlle a vida imposíbel. As vinganzas persoais son un fenómeno multiplicado pola violencia na retagarda franquista e os verdugos de Mejuto ilustran moi ben o comportamento salvaxe de certas persoas en situacións límite. Hai unha carta, na que xa reparara Xesús Alonso Montero neste sentido, onde José Mejuto lle di á nai que, de non ser porque están eles, as mulleres da familia e os meniños que van quedar orfos, se aledaría de deixar este mundo onde os seres humanos chegan a semellante grao de abxección e agresividade.

As cartas son legado e testamento con últimas vontades. A viúva cumprirá fielmente o aconsellado polo seu compañeiro e será a cabeza do grupo familiar feminino na diáspora, forte e rexa até a morte. A convivencia diaria cos asasinados do marido, donos da represión continuada, non a fará calar, pois conta co apoio do seu apelido e sabe que os cuñados falanxistas non poden fenderlle a vida tan facilmente.

Continuamos os últimos anos descubrindo algunhas probas máis do carácter extraordinario desta escritura epistolar. Por exemplo, fixemos unha lectura paralela, nun sentido naturalmente diverxente, do proceso que levou á morte a Mejuto, tomando como base o expediente da causa onde acabou sentenciado. Por outro lado, coñecemos as circunstancias da vida da nena Isabel Mejuto Nogueiras, que non chegaba aos sete anos de idade cando o pai foi fusilado. É a nena que aparece nun dos relatos máis conmovedores dos que, como probas da represión franquista en Galiza, Luís Seoane e Manuel D. Benavides levaron ao libro anónimo editado en París en 1938, *La Galice sous la botte de Franco. Episodes de la terreur blanche dans les provinces de Galice, rapportés par ceux qui les ont vécus*, publicado tamén en castelán, tanto na capital francesa como en Bos Aires. Neste relato, Isabel, a picariña con fame, enfróntase a un garda de Cangas que a interpela. O recompilador de historias certas —todos os historiadores posteriores parten deste libro de relatos orais que denuncian o que está a pasar en Galiza— vai deixalo escrito nun capituliño dedicado precisamente a José Mejuto.

As cartas viaxaron desde Galiza a Buenos Aires en 1952, cando a familia iniciou a emigración a América por quendas. Continuaron a vivir xuntos. Cada integrante foinas lendo ao seu tempo e como puido. Manuel, o fillo máis novo de José e pai de Ana Mejuto, tan só puido delas aos sesenta anos. Puxo un vidro enriba delas. Sabía que as cartas de seu pai podían anegarse coas súas bágoas.

No ano 2018, a familia doa as cartas á Real Academia Galega. Destino circular: a palabra de José Mejuto volveu á súa terra despois de setenta e dous anos afastada dela na outra beira do mar.

Queremos agradecer a súa xenerosa acollida a don Pere Ferré da Ponte e dona M<sup>a</sup> Jesús Botana Vilar (que tanto coidou desta edición). Na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais da Universidade do Algarve, abeiro do Centro de Estudos Galegos, eles traballan para que Galiza estea presente na cultura universitaria portuguesa. Un día de 2018 coñecémonos no fermoso campus da Universidade en Faro, co gallo do acto que organizaron arredor da historia de José Mejuto e da obra *Cartas de un condenado a muerte*. E sucedeu o que sucede cando xente sensible se coñece: xurdiu unha fonda ligazón de amizade e agarimo. Case a primeira vista.

Quedamos entón en escribirmos un libro, e este vén sendo a materialización daqueles momentos compartidos.

Olivia Rodríguez González e Ana Mejuto Soba queren deixar expreso agradecemento a don Xesús Alonso Montero. A súa presenza, sabia e xenerosa, foi inspiradora. Ambas as dúas sentímonos orgullosas de compartir con el este libro.

A escritura é resistencia. A memoria, tamén. Xa o sabía José Mejuto, cando, malia estar lonxe da súa familia e encarcerado, escribe sobre as súas cartas (26 de xuño de 1937):

Las cosas más complejas leeréis en ellas porque no son escritas, como veréis, en la misma hora ni en el mismo día, sino a todas horas y todos los días; tan imperiosa, tan grande es la necesidad que tengo de hablar y de expansionar mi espíritu con vosotros después de tan larga separación, que ante la imposibilidad material de hablaros a presencia vuestra recurro a este medio, único de que dispongo de ir trazando sobre el papel las ideas que expresan los sentimientos que espontáneamente brotan de mi alma...

As cartas de Jose Mejuto transmiten unha enerxía que racha a morte e fai vibrar a vida. Como é posíbel que as palabras dun home preso, no limiar da morte, contaxien vitalidade a quen as le?

Fixémonos esta pregunta unha infinidade de veces.

No cárcere hai un home escribindo que traza palabras de amor e de esperanza para a súa familia. Non son a dor nin a crueldade carcereira a súa inspiración. A escritura é a ponte que une seres queridos. É o medio para expandir o seu espírito con eles.

Xorde unha auténtica linguaxe da vida nas cartas de José Mejuto. Unha linguaxe que transmite a enerxía da natureza cando esta o envolve. Que deixa no papel a profunda verdade do corazón de quen escribe.

Son cartas rebordantes de vida, escritas por un penado que humaniza a morte deshumanizada.

Estamos a presenciar sucesos inevitabelmente dramáticos, mais a pegada que queda nas misivas ten o poder de conectarnos coa forza vital da esperanza nun futuro mellor que transmite José Mejuto.

Tal vez porque atravesou a traxedia estando namorado.

Tal vez porque foi deixando a súa alma entre liñas.

Tal vez porque expresa as voces e os ideais dos que loitaban por un mundo máis xusto, resistindo a escuridade e os crimes

Tal vez porque o amor é unha forza que impulsa a vida,

O seu corpo quedaba fronte aos verdugos, as súas cartas ían camiño da luz.





Anuncio perante a prensa da doazón das cartas de José Mejuto Bernárdez á Real Academia Galega. As académicas Rosario Álvarez Blanco e Margarita Ledo Andión acompañan a Carolina Straguzzi Mejuto, Olivia Rodríguez González, Ana Mejuto Soba e Xesús Alonso Montero. Salón da RAE (A Coruña). 27 de decembro de 2013.



## Sobre as cartas de José Mejuto Bernárdez (1936-1937), antes e despois da súa condena a morte.

### Prólogo a un prólogo

Hai un xénero epistolar, as cartas dos republicanos condenados a morte na España do 36 (e anos posteriores), ao que teño dedicado notable e intensa atención desde hai décadas, nalgúns casos antes da morte de Franco (20 de novembro de 1975). Xa en 1966 exhumei unha carta especialmente conmovedora no volume clandestino *Galicia Hoy* (Ruedo Ibérico, París-Buenos Aires). Tratábase da carta de Víctor Casas Rey ao secretario xeral do Partido Galeguista, o arquitecto Manuel Gómez Román, do 2 de novembro de 1936, unha das poucas escritas en galego naquela situación (Anónimo, 1966). Pasou o tempo e fun recadando cartas (e testamentos), algunhas, non moitas, xa impresas en publicacións varias; e outras, inéditas nas mans de parentes, camaradas ou amigos. Por certo, algúns familiares aínda hoxe son remisos a proporcionaren copias de tan elocuentes documentos, proba evidente de que Franco, o franquismo, non deixou de gobernar a vida de tantos e tantos compatriotas.

Froito das miñas investigacións foi o groso volume *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, que publicou, en Vigo, Xerais, no ano 2009. Continúa 120 cartas nesa primeira edición, que chegan a 126 na segunda, de 2010. En revistas e colectáneas teño publicado outras mostras deste tráxico xénero epistolar. En xeral, as cartas por min recolleitas e publicadas son textos que centran a súa atención nos últimos días —ou nas últimas horas— do condenado. En canto ás de José Mejuto Bernárdez, estamos ante un relato moi amplo, a película de quen conta á familia as súas coitas desde que o ingresan no cárcere (fins de setembro de 1936) ata que, en maio de 1937, o condenan a morte. As cartas posteriores, ata xullo dese ano, son a segunda parte dun filme cada vez máis dramático. Como película completa dun preso que pensa saír en liberdade (pois non fixera nada punible) e que, pasado un tempo, se atopa cunha sentenza inimaxinable, non existe —que eu saiba— na nosa bibliografía, un discurso epistolar tan fermoso e tan completo.

Co título *Cartas de un condenado a muerte* foron publicadas en Santiago de Compostela, por Alvarellos Editora, no ano 2015. O volume contén un

prólogo luminoso —verdadeiramente luminoso— de Ana Paula Mejuto, neta do infortunado autor destas cartas maxistras; tamén contén unha cronoloxía e un meticuloso traballo sobre o Expediente da profesora Olivia Rodríguez. O editor compostelán consigna na cuberta do volume “Con la participación de Eduardo Galeano”. En efecto, o gran Galeano, xa nas proximidades do seu pasamento, escribiu pouco máis de media ducia de liñas, das que non renuncio a transcribir as finais:

La sencilla historia de este obrero gallego, culpable de nada, es la historia de España, condenada a cuarenta años de miedo y casi cuarenta años de amnesia.

Eu, desde 2015, non volví sobre o tema. Por conseguinte, neste traballo colectivo coordinado pola profesora Olivia Rodríguez, non teño nada que engadir ao “Prólogo” que figura naquela edición do volume. Agradezo á coordinadora a paciencia e, tamén, a axeitada tradución galega do meu texto prologal. A miña gratitude á Universidade do Algarve (Faro, Portugal) e ao seu Centro de Estudos Galegos da Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, por acolleren esta colectánea de estudos, tan ben coordinada desde a Universidade da Coruña, pola profesora Olivia Rodríguez González.

Vigo, febreiro de 2020

### **Post scriptum.**

Gustaríame que, como Apéndice do meu primitivo prólogo, se ofrecesen aos lectores dúas cartas de José Mejuto Bernárdez, xa condenado a morte: a do 24 de maio de 1937 e a do 2 de xuño do mesmo ano (contidas en Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 125-131, 132-133). Nelas, no esencial, cóntanse as mesmas cousas, pero cómpre vermos o que teñen de diferente —no relato e nas cavilacións—, diferenzas condicionadas, basicamente, polos destinatarios das misivas: na primeira, os catro fillos, pequenos aínda, e que só, de grandes, comprenderán a traxedia de que lles fala o pai; e na segunda, a súa muller, Alejandra Nogueiras, de cheo mergullada nos feitos e na emoción que a carta denuncia e expón.

## Epistolario singular en tempos de guerra e inxustizas: unhas cantas reflexións<sup>1</sup>

José Mejuto Bernárdez, o autor deste epistolario, cumpriría nestas datas cento catorce anos. Naceu en Coiro, aldea de Cangas do Morrazo (Pontevedra), o 19 de marzo de 1906. Pero morreu hai moito tempo, o 27 de xullo de 1937, con trinta e un anos de idade. Fusilárono ese día os peóns dos que, armados, se sublevaran contra a República Española no tráxico verán de 1936. Antes, José Mejuto padeceu un xuízo militar protagonizado pola total indefensión do acusado.

Nada nos permite pensar, nin sequera sospeitar, que José Mejuto protagonizase actividades políticas negativas para os sublevados de xullo de 1936 que, dende o día 20 dese mes, se fixeron donos de Galicia. Cómpre dicir, unha vez máis, que en Galicia non houbo Guerra Civil; só houbo represión, feroz represión. *Retratouna* en dous álbums de debuxos un artista maxistral que se chamaba Castelao. Ambos son de 1937: *Galicia mártir* e *Atila en Galicia*.

Antes de xullo de 1936, José Mejuto estaba dedicado por enteiro —era mecánico desde a adolescencia— ao seu traballo e ao seu fogar, xa con catro fillos nestas datas. Sabemos que os domingos e festas de gardar dedicaba horas e horas a xogar con eles e tamén a cantarlles cancións, unha das súas facetas artísticas. É certo que José Mejuto non omite, nos seus escritos, que “tenía un ideal político de esquerda”. Afirmo na penúltima das súas cartas, a do 10 de xullo de 1937, carta que ignoramos como chegou á súa familia, pois de lela un funcionario da prisión —era preceptivo—, tal afirmación non favorecería en nada ao prisioneiro, xa condenado legalmente a morte, e nun momento no que súa esposa, Alejandra, nun xesto máis desesperado que esperanzado, estaba en Burgos para solicitar un indulto de Franco, do Xeneralísimo, como consignan as cartas. Alejandra Nogueiras Lagoa non logrou en Burgos, capital política dos sublevados, romper a barreira que protexía o gabinete daquel Xefe de Estado frío, distante, cruel.

Alejandra levaba na súa alforxa de muller namorada e arrichada papeis que demostraban que o marido era vítima de medias verdades, falsidades e

---

<sup>1</sup> Versión galega, de Olivia Rodríguez González, do prólogo para a edición das cartas de José Mejuto en Alvarellos Editora (2015, pp. 11-26).

insidias, procedentes, en boa parte, de falanxistas que nunca toleraron que José Mejuto lles reclamase unha presa de moedas que lle debían. Aquí, nesta trama, está a familia Moldes, parentes seus de infausta memoria, e un seminarista, Vicente, cómplice, por acción ou omisión, das manobras de Moldes e outros aproveitados. O que ía para clérigo e preferiu quedar como falanxista con emprego desde 1938 de Alférez Provisional<sup>2</sup>, era irmán de Alejandra: cuñado, pois, do infortunado José Mejuto.

José Mejuto e Alejandra Nogueiras casaran a finais de 1930 e, pouco despois, el deixa de ser operario, como torneiro, para instalar na vila de Cangas un taller mecánico de reparación de barcos. Corría o ano 1935. O habitual, cando José Mejuto non estaba no seu traballo ou xogando ou cantando cos fillos, era velo cun libro nas mans. Así o lembran moitos. Estamos ante un lector ávido, un verdadeiro *letraferit*, como se di no catalán balear. Este cidadán letraferido —ferido pola letra impresa— leu moito con fruición e aproveitamento. Hai unha proba irrefutable: estas trinta e catro cartas, que non son obra dun literato, senón dun mecánico cualificado pola Escola de Peritos Industriais de Vigo, foron escritas con ortografía, sintaxe e puntuación verdadeiramente aceptables e cun léxico rico por quen aprendeu todo o referido ás humanidades, autodidacticamente, nas lecturas de libros diversos e tamén de xornais; lecturas estas frecuentes en todos aqueles que tiñan inquedanzas políticas. José Mejuto, como epistológrafo, é tamén un comunicador moi didáctico, tanto que, xa condenado a morte, é quen de explicar a seus fillos —para cando teñan algúns anos máis— en que consistiu a súa traxedia dentro da traxedia española do 36 e que mans sucias, naquel arbitrario contexto, propiciaron a súa condena a morte. O comunicador José Mejuto sabe moi ben como dirixirse a súa esposa pero tamén a súa nai ou a outros achegados.

Era, este escritor intitulado, un óptimo explicador, sempre nunha prosa coidada, culta, de vocabulario moi escolleito. A súa prosa, en ocasións, é un pouco libresca: o seu castelán recorda o dos libros e os periódicos da época ben escritos. Apenas hai vulgarismos ou galeguismos nun home que, sen dúbida, coñecía ben o idioma galego e utilizábao con frecuencia en non poucos ámbitos do seu acontecer diario. Só rexistro “dean” (por “den”) e nalgunha carta percíbese un estraño voseo. É certo que hai un sufixo *-iña*, frecuente cando se dirixe á súa Alejandra (“Alejandriña”), recurso, no estilo

---

2 Cfr. B.O.E. n.º 122, 30/10/1938: 2081-2082. Accesible en: <https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/122/A02081-02082.pdf> (Consultado no día 21 de xullo de 2020).

afectivo intencionado e incluso frecuente no castelán utilizado, na época, polas clases acomodadas alleas á lingua do pobo. Polo menos nunha carta José Mejuto chama a unha das súas fillas “vidiña”.

Ignoramos por que conduto chegaron as cartas de José Mejuto á súa familia, algunhas, sen dúbida, a través dos funcionarios da prisión, que tiñan a obriga de lelas. Cando, en 2009, publiquei, nun groso volume, *Cartas de republicanos condenados a morte (1936-1948)*, percibín con precisión, en bastantes casos, que cartas saíron do cárcere pola vía legal ou pola vía clandestina, pródigas estas en descricións das condicións dantescas da prisión; tamén, nestas, non escaseaban, entre os comunistas, as dirixidas ao Partido ou a algún dos seus dirixentes (Pasionaria, por exemplo), con expresións ás que a censura carceraria non daría curso. O epistolario de José Mejuto dista notablemente de cartas como as sinaladas. Aínda así, debemos pensar que algunhas foron escritas sen autocensura, coa garantía de que non pasarían polas mans do funcionario censor.

Nunha, dirixida a súa irmá Carmen, despois de reiterar que sempre foi “un trabajador honrado y un enamorado de la familia”, conclúe: “Estas cualidades que constituyen la esencia de la virtud humana, las premian los enemigos de la cultura con la pena de muerte”. Poucas liñas despois, insiste:

Espero la muerte con la serenidad del hombre que no ha hecho mal a nadie, y con la esperanza de que un día no muy lejano brillará el sol esplendoroso en la justicia, que reparará todos los crímenes cometidos por estas bestias sanguinarias, enemigas de la civilización y de la cultura. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 124; data orixinal 21/5/1937)

Polos documentos que, ao editarse as cartas, exhumou a profesora Olivia Rodríguez, sabemos que algúns denunciante o acusaron de “socialista” e outros de “comunista”, condición esta que convertía a José Mejuto, naquel pavoroso contexto xurídico, en máis vulnerable e indefenso. Era, sen dúbida, un cidadán esquerdista que cría, para un futuro non moi afastado, en “el sol esplendoroso de la justicia”, expresión moi da literatura e da retórica da época nos textos progresistas. Esta carta ofrécenos unha pasaxe que non escribiría —nin subscribiría—, nesas mesmas datas, Antonio Gramsci, prisioneiro nos alxubes de Mussolini:

Sépárate de aquellas amigas que puedan conducirte por el camino del mal. No vayas jamás a los bailes, pues son lugares de corrupción y de perdición. Ten presente siempre que el hombre que quiere a una mujer para hacerla su compañera, no la va a buscar a ningún baile. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 123; data orixinal 21/5/1937)

Así de dereitas eran entón moitos esquerdistas, un, José Mejuto, honrado a carta cabal, traballador e amante do fogar, realidade esta que magnifica, ás veces, con palabras que parecen extraídas do arsenal retórico da dereita.

Editou estas trinta e catro cartas Ana Paula Mejuto Soba, neta do autor e filla de Manuel Mejuto, un dos catro fillos do infortunado José Mejuto Bernárdez. Ana Paula, psicopedagoga licenciada na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires (UBA), é muller culta, de fina sensibilidade, saberes e virtudes que están ao servizo dunha lealdade: a lealdade ao legado epistolar do infortunado avó. É, tamén, a lealdade a todos os que foron golpeados vilmente na España do 36, cuxas palabras non sempre chegaron a nós, tal era o medo dos seus naquelas arbitrarias e dolorosas datas. Ana Paula non só foi a coitada e amorosa promotora da edición das cartas de José Mejuto, e a responsable da documentación para as notas do libro que deu a coñecer o epistolario. Tamén escribiu nel, canda Olivia Rodríguez González, unha utilísima Cronoloxía, completada cun Extracto do Expediente da Causa na que se viu encartado seu avó. Pero no volume cómpre destacar, de modo moi especial, a introdución “Las palabras tienen la esencia de la luz”, escrita con pluma de ave por Ana Paula Mejuto. Con esta pluma fixonos, xa na primeira páxina, esta revelación sobre as cartas.

Recuerdo la primera vez que las leí. Tendría unos dieciocho años. Allí estaba mi abuelo. En unas cartas acastañadas por el color del tiempo perduraba una escritura de perfecta caligrafía. Dentro de ellas se condensaban emociones de intensidad absoluta. Lloré durante días. Tristeza infinita de cartas... (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 16, 28)

Tamén as cartas, como entidade física, teñen unha biografía moi importante na que faremos algunhas incursións. Fusilado José Mejuto o 27 de xullo de 1937, a familia, como tantos e tantas outras, vai vivir *in partibus infidelium*. Trátase dunha familia non só inxustamente ferida senón socialmente apestada. Na edición das cartas, Ana Paula ofrécenos, de novo coa súa sensibilidade, no capítulo iconográfico, unha imaxe que a min, que tiña oito anos en 1937, me devolve a aquel mísero tempo. É a fotografía, en 1939, de catro nenos pequenos, os fillos, xa orfos de pai, de Alejandra Nogueiras e José Mejuto. Por iso están de loito Manuel, Fernando, Fina e Isabel, loito que, entón e anos despois, vestiron nos seus xogos, na escola, nos paseos e na igrexa, aquela Igrexa que obrigaba a todos, especialmente aos parentes dos *malos españois*, a asistiren á misa os domingos e a cumprir o Preceuto Pascual. Con este forzado comportamento evitaban, naquel tempo de miseria e medo, algúns problemas, non todos. Sabido é que estas catro inocentes

e indefensas criaturas eran sinaladas, mesmo na escola, por compañeiros que non ignoraban que o seu loito era especial: o duns nenos que non podían invocar a seu pai con orgullo. Cativos e todo, percibían que os consideraban diferentes e peores. Tardarían en superalo.

Tamén había, en ocasións, actitudes dalgún veciño distintas, non alleas ao remordemento. Consta na tradición oral que a Isabel (Ita), a filla maior, achegóuselle en Cangas un garda civil e ofreceulle unha moeda, que ela rexeitou con estas palabras: “Non quero diñeiro dos que mataron a meu pai”. Conmóve e asusta un pouco a presenza de ánimo e a conciencia de dignidade desta nena, que, se o feito aconteceu en 1937, non chegaba aínda aos sete anos. A escena está recollida en *Galicia bajo la bota de Franco*, libro aparecido en París e Buenos Aires, en 1938, en versións francesa e castelán e sen firma, aínda que os autores seguramente foron Manuel D. Benavides e Luís Seoane. Existe un magnífico traballo sobre esta nena e este episodio, da profesora Olivia Rodríguez González, cun título moi significativo: “O círculo da historia. Unha nena da *Galicia mártir*” (Rodríguez González, 2014).

Non en todas as casas das vítimas do 36 se falaba das traxedias familiares. En moitas destruíronse cartas, queimáronse libros, enterráronse obxectos entrañables, escorrentáronse recordos... Na raíz de todo isto estaba o medo e a hostilidade dos que administraban a vitoria; tamén o feito de que pasaban os anos, a ditadura continuaba e as esperanzas, se non desaparecían, minguaban. Sei de non poucas familias de Galicia que destruíron cartas dos seus condenados a morte, valiosísimas, conmovedoras e alleccionadoras cartas. Non foi así no fogar de Alejandra Nogueiras, matriarca pun-donorosa e afouta ata onde daquela era posible.

Foi a cabeza reitora daquela familia, ademais de valente, perspicaz. Por iso, cando o seu fillo varón maior, Fernando, está a piques de ser chamado para o servizo militar (polo Exército que xulgou e asasinou o seu pai), Alejandra prepara, con moito coidado, o éxodo familiar. Faino en varias fases, dada a escaseza de recursos. En 1952 embarcan en Vigo, rumbo a Buenos Aires, ela e a filla maior, Isabel, e, en 1954, os dous fillos varóns, Manuel e Fernando, este a punto de ser incorporado ao Exército. Dous anos despois, en 1956, viaxan a outra nena, Fina, e Carmen (irmá do pai) mais Josefa Bernárdez, a avoa (editouse no libro, acompañando as cartas, a fotografía, de 1955, desta muller do pobo). Ese é o loito, polo seu fillo, que paseou por Buenos Aires ata a súa morte.

As dúas primeiras viaxeiras, Alejandra e Isabel, colocaron con unción na maleta de madeira as cartas de José Mejuto, eses trinta e catro documentos conmovedores e reveladores. (É a humilde maleta cuxa fotografía tamén ofreceu Ana Paula no capítulo iconográfico do devandito volume).

Nesta maleta viaxou tamén unha minúscula cinta que, en xullo de 1937, se atopou entre as pertenzas íntimas de José Mejuto, que acababa de ser fusilado: unha fita coas cores da bandeira republicana. Esta cinta tricolor foi doada por Ana Paula Mejuto á Real Academia Galega o 27 de decembro de 2013, nun acto no que tamén fixo doazón, para o Arquivo da Academia, dunha copia do epistolario completo do seu avó, cuxos orixinais chegaron finalmente en 2015, unha vez publicados.

Neste acto académico acompañaba a Ana Paula Mejuto, Olivia Rodríguez, profesora de Teoría da Literatura na Universidade da Coruña. A profesora Olivia Rodríguez coñecera a Ana Paula, en Buenos Aires, o 4 de maio de 2013, nun faladoiro que dirixían Débora Campos e Andrea Cobas, moi vinculadas ás Letras galegas. Ana Paula, que á idade de dezaioito anos vertera tantas bágoas lendo o epistolario de seu avó, acababa de encontrar a persoa idónea para dar a coñecer, fóra do ámbito familiar, sobre todo no galego, cartas tan ben escritas, tan importantes e tan reveladoras.

Xa en Galicia, a profesora Olivia Rodríguez, vella amiga miña, puxo nas miñas mans unha copia do sorprendente epistolario, que lin co interese que ela supuña. Seica con máis. Axiña confabulámonos para, aínda inédito, dálo a coñecer nos lugares de Galicia máis vencellados á vida cívica e carceraria do autor. Ela, Ana Paula e mais eu fixemos senllas presentacións en Cangas, patria de José Mejuto, e en Redondela, a vila pontevedresa, na Ría de Vigo, que está fronte á illa de San Simón, un dos tres cárceres onde José Mejuto estivo recluído (os outros dous foron o Frontón de Vigo e a prisión de Pontevedra). Por estas datas (primeiros de xaneiro de 2014), Ana Paula e súa filla Carolina —bisneta do fusilado— visitaron, na nosa compañía, a bucólica illa, non tanto para José Mejuto. El deixounos descricións moi literarias e orixinais daquela poética illa que Franco converteu, desde 1936, nun campo de concentración. Nunha das súas cartas, José Mejuto, o literato José Mejuto, aínda non condenado a morte, escribe:

*Son las seis y media de la mañana. Aún no tocó la campana para levantarse, mas yo me levanto, y desde una ventana de la brigada contemplo el mar, que no es de color azul como cuando está claro el cielo, sino gris oscuro. Y es que la mar y el cielo son dos enamorados, y como el cielo está nublado y triste, la mar también lo está, pues al igual que los enamorados, las penas o las alegrías del uno se reflejan en el otro. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 88; data orixinal 4/4/1937)*

Xa condenado a morte, escribe unha carta a seus fillos, tan pequenos que —aclara— deberá ser lida cando sexan maiores, á idade na que poidan

entender certas cousas. Nela convídaos a que fagan unha visita á illa “no como yo la he hecho, a la fuerza y con las manos atadas, sino en plena libertad”. Entón –continúa o atribulado pai– “recordad... que aquellos mirtos que forman un paseo era lugar predilecto mío” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 129; data orixinal 24/5/1937).

En xaneiro de 2014, cando Ana Paula se atopou con “el paseo de los mirtos”, separouse de nós, transitouno moi amodo, sempre soa, cunha emoción que só comprendiamos os privilexiados lectores desta carta e doutra, moi descritiva, sobre os suxestivos mirtos:

... hay un paseo aquí poblado por dos hileras de mirtos a ambos lados, que subiendo sus ramas a una altura de cuatro o cinco metros, se entrelazan entre sí formando una bóveda que apenas permite pasar la lluvia. Por él acostumbro a pasear yo aún en los días de más lluvia y viento, solo, para poder así entregarme a recordar las dulces horas vividas contigo, con mamá, con Carmen y con nuestros cuatro peques. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 76; data orixinal 15/3/1937)

Setenta e sete anos despois, a súa neta, Ana Paula, tamén nun día chuvieiro, percorreu soa e ensimesmada, o paseo dos mirtos, o paseo que mitigaba unha miguña o sufrimento de seu avó. O lume íntimo, en familias coma estas, nunca se apaga.



Paseo dos buxos. Illa de San Simón (Arquivo Gráfico Alvarelos Editora).

Ana Paula, futura responsable entón da edición das cartas, non perdeu o tempo e, pouco despois da experiencia de San Simón, informouse da historia e tamén da literatura da illa. No seu texto de introdución hai un capítulo encabezado por tres versos do poeta Mendiño, autor, no século XIII, dunha cantiga amorosa —e trágica— verdadeiramente antolóxica. Moi probablemente o prisioneiro, José Mejuto Bernárdez, tan letraferido, ignoraba que existía este maxistral poema cuxa protagonista expón as súas coitas e a súa desesperación nuns versos que teñen como escenario a “ermida de San Simón”, onde aquela angustiada doncela se desesperaba “atendendo o meu amigo” (“esperando o meu amado”).

Non tardamos, por medio de Olivia, en conectar con Henrique Alvarellos, director, en Santiago de Compostela, da editorial Alvarellos, moi atenta sempre a textos inéditos que enriquezan a curiosidade e a sensibilidade dos lectores esixentes. E ese día, un día de xaneiro de 2014, na Coruña, a confabulación consumouse: Galicia (e non só) coñecería este prodixioso epistolario, escrito sempre desde a dignidade e nun estilo que honra a literatura de todos os obreiros que optaron, ás veces heroicamente, por seren obreiros ilustrados.

As trinta e catro cartas saíron á luz case oito décadas despois de escritas, longo período no que foron custodiadas con amor e lidas con dor pola familia. Tamén as custodiaron para todos nós.

José Mejuto Bernárdez, curiosamente, non foi detido nos dous primeiros meses do conflito. El, que se sabe perseguido desde moi cedo, agóchase onde pode, pois naquelas primeiras semanas a arbitrariedade era superlativa. O 20 de setembro de 1936, o azar foille adverso: capturárono en Teis (Vigo) na casa de súa media irmá Manuela Veiga Bernárdez. A Garda Civil rexistra ese domicilio cunha lista de sospeitosos na que, por certo, non figura José Mejuto, quen, en calquera caso, é retido á espera dos informes que procedan das autoridades de Cangas. Xa non o soltarán. Coñecedores do suceso os seus inimigos persoais —entre eles, rabiosos falanxistas— móvense, dilixentes, na sombra, para apoñeren ao retido múltiples e graves accións.

Nas primeiras cartas, o nobre José Mejuto —nobre pero un pouco inocente— escribe as palabras máis alentadoras para a súa muller, para todos os seus. Aínda o 11 de abril de 1937 comunícalles “que recuperará la libertad perdida y podremos vivir felices”. José Mejuto, nesta ocasión, non só quere animar os seus senón que, nalgunha medida, cre no que di. Cando o 12 de maio dese ano un tribunal militar o condena á pena de morte non sae do seu abraio e menos por “un llamado delito de rebelión en Cangas de Morrazo”.

Colaborou José Mejuto no que os franquistas, persoalmente, chamaban rebelión? Sabemos, por un documento exhumado por Olivia Rodríguez, que

en 1932 asistiu en Madrid a unha reunión do Comité Nacional como delegado do sindicato metalúrxico da UGT, pero todo fai supoñer que na primavera de 1936 —e, incluso, en outubro de 1934, a Revolución de Asturias— José Mejuto non tivo actividade política (nin sequera se pode afirmar que militase no PSOE). Nunha das últimas cartas, figura esta súa defensa:

Quando, en vísperas del juicio o consejo de guerra en que me condenaron a muerte, me leyeron estos informes, yo declaré al juez que eso era falso: que yo no estuve preso ni en octubre del 34 ni nunca en mi vida; y que no había tomado parte alguna en aquellos sucesos, toda vez que yo no residía en Cangas en el año 34. Y para demostrarlo, puse como testigo al dueño del taller en que trabajaba en Vigo, el cual me extendió una certificación en la que declaraba y hacía constar que en octubre del año 1934 yo trabajaba en su taller y que residía en Vigo. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 168; data orixinal 10/7/1937)

É nesta carta onde non omite que “tenía un ideal político de izquierda”. Nesta e outras cartas insiste na súa inactividade política tanto no 34 como no 36, data esta na que, dono dun taller de reparación de barcos, en Cangas, era un pequeno patrón, non un asalariado como en 1932. Son as cartas nas que explica, mesmo aos seus nenos cativos (para que as lean xa adultos), as manobras de parentes e veciños que, na sombra, propiciaron o seu infortunio. Faino con nomes e apelidos, aínda que non o explicita todo: “Las causas por que el tal Jesús Graña y estos últimos me han perseguido con tanta saña [los hijos de Manuel Moldes] os las contará vuestra madre y mi hermana Carmen” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 177; data orixinal 16/7/1937).

Ignoro se investigacións posteriores probarán que José Mejuto, nos días decisivos do 18, 19 e 20 de xullo de 1936, emitiu algún xesto a favor do Réxime legal e lexítimo, a República. Facelo significaba ser *rebelde* ao Movemento Salvador do Exército e a Falanxe, que así terxiversaban as palabras os tribunais militares franquistas. Con esa perversión filolóxica miles de republicanos alleos a calquera delito común foron condenados a longos anos de prisión e non poucos a pena de morte, como José Mejuto, que confesou, como xa vimos, nunha das súas cartas testamentarias: “Espero la muerte con la serenidad del hombre que no le ha hecho mal a nadie”. Noutra pregúntase: “¿He matado, he robado... he calumniado?”. E a continuación a gran interrogación: “¿Por qué, pues, se me condena a muerte?” (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 124, 133; data orixinal 21/5/1937 e 2/6/1937 respectivamente).

Nunha carta á súa nai chega a formular este desexo: “Si fuese solo en el mundo, si no tuviese amor, créeme madre, después de ver lo perversos

que son los hombres, lo ruin que es esta humanidad, moriría gustoso por no convivir más tiempo en medio de una sociedad que condena a muerte a sus semejantes” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 142; data orixinal 11/6/1937).

Non hai dúbida: se algunha vez José Mejuto foi político, se nalgunha ocasión protagonizou algunha actividade política, foi sempre, antes que un político, un cidadán esencialmente moral. Como tal fálanos nesta carta do 11 de xuño de 1937. Asistimos á execución dun inocente.

Inocente, totalmente inocente, foi tamén Pablo Soba Arenzana, nado en Torrecilla en Cameros (La Rioja) o 7 de xuño de 1914. Foi asasinado o 30 de setembro de 1936, un asasinato especialmente vil: fuxido da casa e sabedor de que, se non se entregaba, matarían a seu pai, entregouse. Aínda así, ese día de setembro, mans anónimas executárono e o seu cadáver apareceu nunha gabia. Por que comparece neste relato o nome dun rioxano, Pablo Soba Arenzana, que non coñeceu a José Mejuto nin tivo noticia del por moito que fosen camaradas de infortunio? Sexa, de novo, Ana Paula Mejuto, coa súa excelente prosa, quen nos informe:

Mi madre se llama Ángeles. Nació en Torrecilla en Cameros en junio de 1936... Ella llegó, junto con su familia, a Buenos Aires, cuando tenía quince años de edad. A su padre lo habían asesinado durante la guerra civil española. No traía cartas, sólo una foto sepia. Pablo no había tenido tiempo para escribir. Dejaron su cuerpo tendido en una carretera. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 45)

Conta logo a nosa cronista, Ana Paula, que Ángeles, súa nai, e Manuel, seu pai, “se encontraron en un baile de carnaval del Centro Asturiano de Buenos Aires”, namoraron e casaron. Ángeles, orfa de pai, chegou á Arxentina nas datas nas que chegaron, procedentes de Galicia, Manuel e a súa familia. As matriarcas de ambas as dúas casas non querían que os seus vivisen, na súa terra, como apestados.

Fale de novo Ana Paula Mejuto: “José y Pablo jamás se conocieron. La frontera de la Guerra Civil los unió en la Argentina” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 46). Ana Paula, ao legarnos as cartas de seu avó paterno, legounos tamén a biografía de seu avó materno, tan semellantes ambas.

O gran capítulo do volume de 2015, as cartas de José Mejuto Bernárdez, é unha páxina antolóxica da epistolografía dos condenados a morte da Guerra Civil Española. Unha obra, por outra parte, que debería ser libro de texto, nos institutos, nas clases de Historia, de Ética e de Literatura.

**Apéndice: dúas cartas de José Mejuto escritas tras coñecer a sentenxa.****En la Cárcel Provincial de Pontevedra, a 24 de mayo de 1937****A mis hijos queridos, Isabel, Josefina, Fernando y Manuel.**

Hijos míos, pedazos de mi alma: cuando ya en pleno uso de razón —pues en los momentos dolorosos en que os dedico esta carta sois aún muy pequeñitos y no comprendéis por los momentos de angustia que pasa vuestro padre— leáis estas líneas e invoquéis el nombre sagrado de padre, y al igual que otros niños más afortunados, preguntéis por el vuestro, sabed que el infortunio lo arrebató de esta vida cuando más falta os hacía. Cuando lleno de dicha os contemplaba como los más preciados tesoros en que cifraba su cariño más tierno, su esperanza más fundada.

Os privó de la gran dicha de mi existencia un desenfreno de pasiones de los hombres que no consideraban a los demás hombres como hermanos sino como fieras que hay que exterminar por tener ideas liberales de solidaridad humana, de convivencia social entre todas las clases. Fui perseguido con la calumnia por gentes, quienes solo a odiar aprendieron y nunca amar supieron.

Cuando estas líneas leáis, ya estarán consignados en las páginas de la historia estos episodios trágicos que están ensangrentando a España en estos momentos; y en ellas contemplaréis con horror esta inmensa catástrofe que no tiene precedentes en la historia contemporánea del mundo. En la historia veréis que no ha sido solo vuestro padre el que ha caído víctima del odio y del terror de estas fieras sanguinarias, sino que ella os dirá cómo han caído también y han sido sometidos a los más horribles tormentos millares y millares de españoles, de trabajadores honrados, de hombres dignos, por el solo delito de tener sentimientos de humanidad, de fraternidad y de amor hacia sus semejantes.

La historia os explicará también, hijos míos, el estado de ruina y destrucción a que han llevado a España estas hordas salvajes y cómo en nombre de Dios y de la patria, pretenden justificar sus horrendos crímenes, mancillando así el nombre sagrado de Dios, que es todo amor, en cómplice de esos crímenes.

Pero Dios los maldecirá. Y la patria, que sois vosotros y los centenares de miles de huérfanos, hermanos vuestros de infortunio, niños hoy, hombres del porvenir mañana, sabréis construir sobre este montón de ruinas, una España generosa y grande en donde no sean posibles las guerras y las injusticias sociales.

Quiero no obstante relataros, aunque no sea más que ligeramente, algunos pasajes de mi vida para que sepáis cómo ha sido vuestro padre y cuánto

os ha amado, deseándoos que en la vida seáis más afortunados de lo que yo he sido.

Mi infortunio empieza cuando escasamente tenía tres años. En esa edad, tan tierna como la vuestra, la muerte arrebató a mi padre. Era vuestro abuelo el hombre modelo en virtudes. Fue llorado por todos los que le conocieron por su bondad con todo el mundo, por su amor a la familia, por su acrisolada conducta y por su laboriosidad. Mi madre, vuestra abuelita hoy —ojalá viva cuando leáis estas líneas—, perdió así para siempre aquel compañero tan bueno, quedando un vacío muy grande en aquel hogar antes tan feliz. Desde aquel día, todo su amor de madre lo cifró en mí, y en mí puso todas sus ilusiones, todas sus esperanzas.

Desde aquel día, encorvada sobre las tierras de labor, fue dejando jirones de vida para ganar el sustento para mí y para ella. Parece que la estoy viendo, trabajando en aquellos campos mientras yo jugaba y saltaba alegremente. ¿Quién iba a decir que aquel niño iba a ser algún día, siendo hombre, condenado inocentemente a muerte?

Así fueron deslizándose los días hasta que quiso el destino, transcurridos unos seis años, que un hombre que más tarde fue un padre para mí y que se llamó Manuel Veiga Bernárdez, primo hermano de mi madre, le propusiese casarse con él.

Mi madre, vuestra abuela hoy, encontró en su segundo compañero un santo. Y yo encontré en él un padre cariñoso y bueno que no reparó en sacrificios para educarme y darme un oficio con el que poder más tarde defenderme en la vida.

Fruto de aquel segundo matrimonio fue mi hermana Carmen, que os quiere con toda la ternura de una madre.

La desgracia vino a turbar nuestra dicha nuevamente cuando contaba yo unos dieciocho años, llevándose la muerte aquel segundo padre que tanto me quería y que tanto bien me hizo. Desde aquel mismo día cogí con toda el alma, hijos míos, el sagrado deber de llenar el vacío que dejó mi segundo padre, siendo desde entonces el sostén y el consuelo de vuestra abuela, y de mi hermanita Carmen, hoy vuestra tía la cual era una niña entonces —tendría unos ocho años—.

Con mi trabajo honrado y con el entusiasmo propio de la juventud, quise mantener aquel hogar con honradez, no abandonando en ningún momento mis deberes de hijo para aquel hogar; y con mi solo esfuerzo, instruirme y elevar mi cultura hasta donde mis medios me lo permitían.

Más tarde me casé con vuestra madre, huérfana de padre y madre.

Hijos míos, al nombrar el nombre sagrado de vuestra madre, no hay

palabras en el lenguaje humano que sean capaces de describir ni aún aproximadamente los dones que adornan su alma noble y pura. En esta nueva etapa de mi vida, mi dicha aumentó al encontrar una compañera como jamás había soñado que existiese. Fue la etapa más feliz de mi vida entera. No por eso olvidé a mi madre y a mi hermana. Aumentó aquel hogar haciéndolo más feliz con la compañía de vuestra madre, que acogió a vuestra abuela con la ternura de una verdadera hija, y a mi hermana, como una hermana real y verdadera.

Desde entonces, no solo he atendido mis obligaciones de hijo, sino de buen esposo. Y más tarde, de padre ejemplar y cariñoso cuando vosotros ibais viniendo al mundo y enriqueciendo así la ilusión de mi hogar. Era feliz en medio de todos estos seres queridos, pero esta felicidad se oscureció con motivo de mi detención el 20 de septiembre de 1936 por considerarme injustamente complicado en sucesos políticos que dieron lugar, como os dejo explicado ya en otro lugar, a la terrible guerra civil, la más cruel que registra la historia del mundo.

No podéis imaginaros, hijos queridos, por los sufrimientos horribles por que tuve que pasar durante todo el tiempo que estuve preso. Mi dolor era grande, más que por mi sufrimiento, por el amor que por todos vosotros sentía. Pensando noche y día en vosotros todos, pensando en aquel hogar, antes tan feliz, se fueron pasando aquellos días horribles. Conducido de cárcel en cárcel y en una atmósfera de odios y torturas sin cuento, fui arrastrando aquella triste existencia. En mi peregrinación de prisión en prisión fui conducido a la isla de San Simón, situada al fondo de la ría de Vigo, y convertida en colonia penitenciaria. Allí me tuvieron unos dos meses. Durante este tiempo recibía la visita de vuestra madre y de vuestra tía Carmen, las cuales, arrastrando mil fatigas con días de temporal y lluvias, venían a verme durante unos minutos (no les permitían más) y a traerme vituallas para toda la semana. Alguna vez también os traía a vosotros. Con qué dolor os contemplaba a través de aquellas rejas, hijos queridos. Cuando seáis mayores y hagáis una visita a esa isla, no como yo la he hecho, a la fuerza y con las manos atadas, sino en plena libertad, recordad que allí ha estado vuestro padre. Que cada rincón de la isla es un recuerdo mío, que aquellos mirtos que forman un paseo, era lugar predilecto mío y en el que me entregaba a mis meditaciones. Que en él pasaba la mayor parte de las horas del día acariciando la esperanza de algún día ser libre para llevar a mi hogar la alegría perdida y volver a ser para vosotros y vivir para vosotros. De allí fui conducido a esta cárcel de Pontevedra y, después de un proceso urdido con la mentira y con la calumnia, fui condenado a la pena de muerte el día 12 de mayo de 1937. Hoy hace doce

días que pesa sobre mí esa terrible sentencia. Los días que me quedan de vida son contados. Estas líneas os las escribo en la celda llamada Especial n° 1. Algunas veces durante el día, me acerco a una de las tres ventanas que dan a la calle y a través de esos hierros veo cómo juegan alegremente algunos niños y oigo sus vocecitas infantiles. Me acuerdo de vosotros, inocentes criaturas, que cuán ajenos estáis a lo que le pasa a vuestro padre. Un dolor inmenso desgarrar mi alma y mis ojos se nublan de lágrimas.

No es la idea de la muerte lo que me abruma, es el tener que separarme de vosotros para siempre. La vista de la calle me entristece y ya no quiero verla más. Todo me apena, todo me recuerda mi vida pasada. Veo una mujer que lleva un niño en brazos; me acuerdo de mi santa madre, enferma de tanto llorar por mí. Veo un joven y una joven que son novios como se dice corrientemente; me acuerdo de los días venturosos en que, llenos de dicha y de esperanza, yo y vuestra madre vivíamos felices, cifrando nuestras ilusiones en un porvenir risueño. Y contemplo ahora nuestro hogar destruido por la adversidad y la desventura. Una pena inmensa invade todo mi ser. No quiero recordar en este momento más. Podría contaros muchas cosas más, pero el recordarlas me es un martirio.

Hijos míos, antes de terminar quiero deciros que el amor al trabajo, al estudio y a la familia fueron las tres condiciones principales de mi vida. Vuestra abuelita —mi madre querida—, mi hermana Carmen, que os ayudó a criar, y vuestra madre juntamente con vosotros, fuisteis todos, mis seres más queridos, mi hogar feliz. Ellas os podrán contar mejor que yo cómo era vuestro padre.

Sed buenos hijos para con vuestra santa madre; que el hogar sea para vosotros una cosa sagrada. El hogar es la base de la sociedad, y con hogares honrados se obtendrá una sociedad honrada y digna. Llevaros siempre bien los cuatro y no os dejéis arrastrar por las pasiones; no riñáis nunca. Atender siempre los consejos de vuestra madre. En fin, apartaos del vicio y de las malas compañías; y así, cumpliendo todo cuanto os dejo dicho, honraréis la memoria de vuestro padre.

Que ya mayores, seáis buenos padres y, en todo tiempo, honrados ciudadanos respetuosos de vuestros semejantes, principalmente con los ancianos y desvalidos.

¡Adiós, hijos míos! ¡Adiós, hijos queridos! ¡Adiós para siempre!

Os desea de todo corazón felicidad y dicha vuestro padre,

José Mejuto B.

**En la Cárcel Provincial de Pontevedra,  
a 2 de junio de 1937**

**A mi amadísima esposa Alejandra Nogueiras.**

Querida esposa: Hoy hace 20 días que, como sabes, fui condenado injustamente a muerte. No hace falta que te relate todas las penalidades que llevo sufridas desde el nefasto día 20 de septiembre del pasado año en que fui detenido, hasta la fecha, porque de ti son conocidas; porque a ti te ha tocado sufrir en silencio y llorar mi desgracia; porque mi desgracia era la tuya.

Mis sufrimientos, durante todo ese tiempo, con ser grandes por verme privado de libertad y pasar miles de penalidades físicas, resintiéndose mi salud en medio de un ambiente insano, podía ir soportándolos. Lo que no podía soportar, lo que me producía un dolor imposible de describir, lo que me desgarraba el alma de dolor, haciéndome sufrir mil veces más que todos los dolores y padecimientos del cuerpo, era tu recuerdo. Era el recuerdo de nuestros hijos, de aquellos cuatro angelitos de cabezas rubias y ojos azules a los que amaba con locura. Era, en fin, el recuerdo de mi pobre madre, y de Carmen, mi hermana. Que juntos todos constituíais mi hogar querido.

Pero todos estos sufrimientos tenían un lenitivo, que era la esperanza de que algún día recuperaría la libertad y podría volver a nuestro hogar y continuar nuestra felicidad interrumpida. En estos momentos de tristeza infinita, en que escribo estas líneas, en que los días de vida que me quedan son contados, tal vez horas; en que esa esperanza se agranda. Pero no es la idea de la muerte misma la que me asusta y me hace sufrir: es tu recuerdo; es el contemplar nuestro hogar deshecho, antes tan alegre y hoy tan lleno de tristeza. Es nuestro hogar, que tan llenos de esperanzas risueñas hemos construido; es nuestro hogar querido, al cual consagré mi vida entera y en el cual cifré mis esperanzas más nobles; es, en fin, el verte sufrir a ti y a los demás seres míos tan queridos.

Por otro lado, hay momentos en que mi ánimo se subleva al considerarme condenado a perder la vida sin haber cometido delito alguno y pregunto: ¿pero qué falta he cometido yo para que se me condene a muerte? ¿He matado o he intentado matar a alguien? No. ¿He robado o he intentado robar algo a alguien? No. ¿He calumniado o he levantado falso testimonio a alguien? No. ¿Por qué, pues, se me condena a muerte, entonces?

Tú sabes, Alejandriña querida, que ni esos ni otros delitos he cometido. Tú conoces mi vida, tú sabes cómo soy yo. Tú sabes que jamás le hice mal a nadie, y sin embargo se me condena a perder la vida.

Pero tú sabes también quiénes son nuestros enemigos personales y sabes además cómo escondiendo sus nombres cobardemente, han dado de mí

informes falsos a la Guardia Civil y Delegado de Orden Público de Cangas, y han cogido como instrumento para acusarme a ese miserable Miranda, quedando ellos, o pretendiendo quedar, escondidos; para así, aprovechando las circunstancias por que atraviesa España, envolverme en un proceso en el cual me hicieron aparecer como dirigente. Cuando, como tú sabes y todo el mundo, yo no era dirigente más que de nuestro hogar querido, del cual era un enamorado. El arma que han empleado contra mí para matarme es la mentira y la calumnia. Esta arma responde perfectamente a lo que son, a lo que han sido siempre: unos cobardes; unos asesinos, mucho más asesinos que los profesionales del crimen. Porque estos, al menos se juegan la vida y dan la cara, mientras que ellos fraguan sus criminales propósitos contra sus víctimas escondidos en la sombra, y los matan sin exponerse a nada.

Ahora, Alejandra querida, ten valor. No me llores más. Ya me has llorado bastante. Fortalece tu espíritu, y tu cuerpo debilitado por tantos sufrimientos, para poder hacer frente a la vida y criar y educar a nuestros hijos queridos, bella ilusión de mi vida. Te pido encarecidamente: no te desesperes y no pierdas el dominio sobre ti misma, y sabe esperar y verás cómo llegará un día en que esos emboscados pagarán caro su crimen. Lo mismo le digo a Carmaña y a mamá. No os separéis nunca. En medio de mi dolor tengo el consuelo de que mi santa madre encontró en ti una hija y tú en ella una madre; y Carmaña halló en ti, y tú en ella, una hermana verdadera.

Quiero ahora advertirte contra las asechanzas de nuestros emboscados enemigos. Ten presente esto que te voy a decir: andando el tiempo, personas habrá que, a pretexto de que se compadecen de los males que te aflijan, traten de darte consejos para que te separes de la compañía de mamá y de Carmen.

Cuando cualquiera, sea quien sea, se te acerque a darte semejantes consejos a pretexto de lo que sea, acuérdate de los medios de que se valieron nuestros enemigos para meter la cizaña en nuestra casa. No olvides que llegaron hasta a coger miembros de la familia como instrumentos que, inconscientemente, se prestaban a introducir la discordia en la familia misma. Claro que, todas las maniobras que pusieron en juego, se estrellaron siempre y no lograron en nuestro hogar querido hacer la menor mella, porque nuestro amor era grande y verdadero. Así que, quienes quieran que sean los que andando el tiempo te den esos consejos, no olvides: puedes tener la evidencia completa de que no te quieren bien o son elementos consciente o inconscientemente al servicio de nuestros enemigos. Vivid, pues, unidos siempre. Aconséjate siempre con mamá. Guía a Carmaña. Eres buena y generosa, y la guiarás siempre, con tus consejos y advertencias, por el camino del bien.

Quiero ahora ponerte al corriente de asuntos y negocios que quedan pendientes a fin de que puedas tener la orientación necesaria para que puedas resolverlos con el menor número posible de obstáculos.

El primero es el pleito que sostuve con Moldes, reclamándole con sobrada justicia el trabajo y materiales invertidos en la montura del vapor de pesca "M. Moldes I", el cual asciende —la cantidad reclamada— a dos mil ciento y pico de pesetas.

Mi procurador en este litigio era D. Maximiliano Pérez Prego, a favor del cual le había yo otorgado poder, que fue hecho en la notaría que está enfrente del Nuevo Café, en Vigo, calle de Policarpo Sanz. Este señor ha muerto hace unos meses y no sé a qué procurador dejó encargado de sus asuntos, entre ellos este de mi reclamación. Aquí hay un muchacho detenido de aquí de Pontevedra el cual me dijo que le parece que el procurador que quedó encargado de los asuntos de Pérez Prego es el procurador residente aquí en Pontevedra D. Luis García Temes. No obstante, para mayor seguridad, cuando lo creas oportuno te diriges a la viuda de mi procurador, la cual vive aquí en Pontevedra, calle Virgen del Camino. No recuerdo en este momento el número pero tú preguntas en esa calle en dónde vive la viuda de Pérez Prego y ya te enseñan la casa. Esta señora es la que te puede decir con certeza quién es el procurador que quedó o está encargado de este asunto.

A él te diriges a fin de que active lo mas rápidamente el asunto. A ver si logras cobrar lo más pronto posible esa cantidad. Mientras no te hagan la liquidación, no pagues ni un céntimo. La liquidación te la tiene que hacer el procurador, entonces, en el momento mismo de cobrar tienes que pagar los gastos de procurador y exiges que te den un recibo de la cantidad pagada por ti en concepto de honorarios, etc.

Quiero también hacerte una advertencia, y es que no firmes ningún documento sin antes ser muy bien leído. Como también, mientras no te paguen, no firmes recibo alguno. Te hago todas estas advertencias para que vivas siempre prevenida, pues hay muchos pillos en el mundo.

Pudiera suceder que el procurador de Moldes, o el mismo Moldes, te propusiese una fórmula de arreglo. Si esto sucediese, antes de comprometerte formalmente al arreglo, le preguntas al procurador tuyo a cuánto ascienden los gastos que te corresponden pagar. Y entonces echas tus cuentas: de un lado, lo que puedas cobrar y de otro lado lo que tengas que pagar. Y si ves que te queda líquido una cantidad que te conviene, arréglate. Como también, si quieres tú arreglarte, se lo propones a tu procurador y este te orientará en definitiva.

Otro asunto que me queda sin resolver es la construcción de la azotea de la casa de la Retirosa que, como sabes, se la contraté al Felecho. Esta azotea

nos la contrató el Felecho al precio de 14 ptas. m<sup>2</sup>, y había de estar construida de la siguiente forma: un piso de ladrillos por la parte superior de los raíles, bien revestido de una capa de cemento y arena por encima. Después, otro piso de ladrillo por la parte inferior de los raíles, revestido de estuque y blanqueado. Este piso era el que había de quedar formando el techo raso o interior de la casa. De esta manera se conseguía:

1. que no se viesen los raíles por la parte interior del techo de la casa y
2. lograr que quedase un espacio o cámara de aire entre la capa o piso de ladrillos de arriba y el de abajo, a fin de que no pasase la humedad.

Por las causas que tú conoces, no queda construido más que el piso que va por encima de los raíles. Falta por consiguiente el otro piso o capa de ladrillo de abajo para completar el trabajo, y el precio convenido de 14 pesetas por metro cuadrado. Como la superficie de la azotea es aproximadamente de 42 m<sup>2</sup> a 14 pesetas el metro cuadrado, importa el total de la azotea terminada en las condiciones que te dejo dicho: 588 ptas.

Cuando le contraté al Felecho la construcción de la azotea, convinimos en que no le pagaría el importe de la misma hasta que no estuviese totalmente terminada, así que a cuenta de la azotea no le entregué cantidad alguna.

El resto de los trabajos que se hicieron en la casa están todos pagados. También están pagadas las maderas. Los raíles que sirven de sostén a la azotea están también pagados: los compré yo mismo en Vigo en la chatarrería de Paredes. En el cajón del armario están los recibos de todos estos trabajos y materiales pagados.

Alejandra: conviene que cuanto antes vendas la casa de Coya a fin de verte libre de esa carga de los intereses y así poder pagar las 12.000 ptas en que está hipotecada, y los intereses devengados, para que puedas con el dinero que te pueda sobrar, emprender.

Para que no encuentres dificultades, en el sentido de que el comprador que aparezca pudiese poner reparos, y no se atreviese a comprarla por temor a que, como la casa fue construida por nosotros dos y, como según las leyes determinan, la mitad de los bienes gananciales corresponden a nuestros hijos, por la parte mía te dejo escrito ese papel que va junto con esta carta. En él declaro que tanto el terreno sobre el cual se ha construido la casa, como la casa misma, han sido adquiridos con dinero heredado por ti de tus difuntos padres. Y así, en caso de que el comprador pusiese algún reparo, le presentas ese escrito y creo que no pondrá dificultad ninguna, porque después, al realizarse la venta ante el notario, ya este hace constar la declaración que yo dejo hecha en la escritura para mayor garantía del

comprador. Ese escrito, una vez que hayas hecho la venta, lo conservas guardado en tu poder, que te puede algún día hacer falta.

Al hacerte todas estas recomendaciones para el porvenir me he olvidado por un momento de mí mismo.

Cuando estas líneas leas, sabrás, Alejandriña de mi vida, que hasta el momento mismo de morir no se ha apartado tu imagen de mi pensamiento.

¡Adiós, Alejandra! ¡Adiós, esposa mía! ¡Adiós, compañera querida! ¡Adiós para siempre!

Te deseo de todo corazón felicidad y dicha en compañía de nuestros hijos queridos y de nuestra madre y de Carmiña. Y cuando en el mundo hayas cumplido tu misión, vendrás a unir tu alma con la mía para gozar amor eterno.

Tu Esposo y Compañero,  
José Mejuto B.



## José Mejuto Bernárdez nas prisións franquistas

¡Os milleiros de horas, de séculos,  
que fixeron falla  
para faguer un home!  
Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres o de obreiros.  
Lama, sangue e bágoas nos sulcos  
son semente.

Luís Pimentel, "Cunetas".

Trataremos neste capítulo o contexto represivo vivido por José Mejuto Bernárdez desde antes mesmo da súa detención. Imos ocuparnos, sobre todo, da súa estadía en tres centros de confinamento: catro meses longos no Frontón de Vigo, case tres meses na Illa de San Simón e dez semanas no Cárcere Provincial de Pontevedra, onde espera dun momento a outro a execución da sentenza.

Queremos tamén chamar a atención sobre o papel das mulleres na vida dos presos durante o franquismo. Reparemos no contraste entre a inxente cantidade de presos masculinos fronte ao número de mulleres encerradas. Houbo, si, importantes cárceres de mulleres para castigar aquelas que estaban exercendo na República unha función social, educativa ou política destacada, eran defensoras activas do frontepopulismo ou membros e colaboradoras da guerrilla. Podían entrar en prisión tamén as que carecían dunha mínima rede social de apoio na nova España. Pero a maioría das mulleres seguiron vivindo de portas para fóra. As da familia de Mejuto forman parte desa enorme masa de termadoras da supervivencia dos españois durante a represión, a guerra e a longa ditadura. Non era que as novas autoridades lles perdoasen a vida, senón que se servían delas para que exercesen de balde como traballadoras do coidado de anciáns, nenos, presos, etc... Aínda que fose entre humillacións e ameazas. Se o Estado as encerraba e eliminaba, a vida social tras o golpe sería imposible de manter.

## A creba da legalidade

Como xa se dixo, unha vez fracasado o golpe militar, comeza a Guerra Civil acompañada dunha violenta represión, sobre todo nas zonas onde non hai confrontación bélica, como foi o caso de Galiza. Os sublevados tiñan programada, desde antes do levantamento, a represión sen cuartel dos que non se sometesen. Para dar a entender o grao de salvaxismo dos vitimarios desde o primeiro minuto, é un lugar común remitir ás alocucións de Gonzalo Queipo de Llano en Radio Sevilla, que espallaban as consignas de Emilio Mola sobre o proceder dos participantes no golpe contra o inimigo ideolóxico e social. No referido aos encarceramentos, a principios do s. XXI os historiadores calculaban en 150.000 as vítimas mortais da represión franquista, número en parte debido a que “el hacinamiento, las condiciones higiénicas y el hambre provocaron la muerte de miles de presos durante la guerra y en los primeros años cuarenta” (Molinero, 2003, p. XXI).

O 21 de setembro de 1936, na cidade de Salamanca, o xeneral Francisco Franco Bahamonde erixese xefe do novo Estado xurdido do golpe militar que se inicia en África o 17 de xullo contra o goberno da II República. Lógrao por un acordo rubricado polos membros do directorio militar alí reunidos, despois de que se suprima no papel, no último intre, a restrición temporal que marca a proposición *mentres dure a guerra*<sup>1</sup>. O día anterior, José Mejuto Bernárdez era detido nun concello próximo a Vigo (Pontevedra). Velaí que, nun lapso de 48 horas, un mecánico naval, republicano e amante da cultura, perdía a liberdade para terminar perdendo a vida; ao tempo que nacía un ditador vitalicio que marcaría durante case un século o destino da España sobrevivente.

En Vigo, a confirmación do golpe de Estado empezara o luns, 20 de xullo. Houbo unha caótica lectura do bando de guerra na Porta do Sol que acabou con fogo de granalla sobre o pobo alí reunido, deixando un regueiro de mortos, feridos e fuxidos. A carga sobre aquela multitude desarmada foi ordenada polo comandante Felipe Sánchez e o capitán Antonio Carreró Vergés. A cidade obreira estaba inmersa daquela na folga xeral que a comezos de semana convocaran os sindicatos UGT e CNT, en protesta pola insubordinación militar da que termaban os poderes económicos e a Igrexa católica. Era, pois,

---

<sup>1</sup> A frase “mientras dure la guerra”, cuxa anulación no devandito acordo significou o golpe persoal de Francisco Franco Bahamonde ao seu propio directorio, é utilizada por Alejandro Amenábar como título do seu filme de 2019. A película ten a toma do poder absoluto por Franco como tema principal, e a postura dubitativa de Miguel de Unamuno como tema secundario, aínda que proxectado este como pábullo narrativo da historia.

consciente da gravidade do levantamento, como confirmou a enxurrada de detencións e asasinatos, tanto na rúa como nos paredóns, rexistrándose como o primeiro en morrer fusilado, o 5 de agosto, Manuel del Río, traballador e sindicalista da Compañía de Tranvías (Anónimo, 2005, p. 40).

Coa creba de 1936, o plan de aniquilación da resistencia prevista dá vía libre aos moitos seguidores do golpe que elixen o camiño extraxudicial, pero tamén se cursa a través de decretos do devandito directorio —axiña autodenominado *Junta de Defensa Nacional*—, como o do 31 de agosto de 1936, que ordenaba instruír procesos a aqueles que actuaran a prol do goberno republicano (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 168). Para aparentar que se aplicaba a legalidade, recorreuse ao derradeiro Código de Justicia Militar, de 1930 —é dicir, da monarquía de Alfonso XIII na fase ditatorial do xeneral Dámaso Berenguer—. Iriase acoplando esta normativa ás necesidades da represión, con reformas emitidas en decretos sucesivos, como o nº 9, do 31 de agosto de 1936, en cuxo preámbulo se advertía da necesidade de *rapidez* na aplicación de sentenzas. Ordenábase, xa que logo, tramitar as causas por xuízo sumarísimo, para o cal “podían desempeñar cargos de jueces, secretarios y defensores en los procedimientos militares todos los jefes y oficiales del ejército y sus asimilados, aunque se hallaran en situación de retirados” (Vega Sombría, 2011, p. 81).

Abofé que José Mejuto tería, desde eses días de xullo de 1936, motivos para temer o peor no medio dun gran sufrimento persoal. Vigo fora o seu fogar tras o regreso de Huelva en 1923 coa nai, viúva por segunda vez, e a irmá pequena, Carmela. Fixo estudos na Escola Industrial, e foi contratado sucesivamente en dúas empresas de construción naval. Afiliado á UGT, converteuse en dirixente sindical e representou Vigo como delegado da zona 8ª da Federación Sidero-Metalúrxica, no Comité Nacional reunido en Madrid en febreiro de 1932 (Mejuto Soba & Rodríguez González, 2015, pp. 213-214). Imaxinámolo entón, no seu cativo tempo de ocio, participando canda seu tío, o periodista Ángel Bernárdez Rodríguez, nas actividades sociais e culturais asociadas aos círculos republicanos da cidade.

Hai unha fotografía familiar do verán de 1935 na finca da Retirosa (lugar de Cangas), na que destaca en escorzo e en primeiro termo o can, Tito<sup>2</sup>, que mencionará nalgunha ocasión José Mejuto nas cartas desde o presidio. Entre

---

2 Mejuto púxolle ese nome ao can como homenaxe a Josip Broz, *Tito*, comunista moi activo do entón Reino de Iugoslavia, antes da ocupación nazi e da proclamación da República Federal de Iugoslavia (testemuño oral de Manuel Mejuto Nogueiras, pai de Ana Paula Mejuto Soba).

os nenos, aparecen os dous fillos da súa curmá e de Apolinar Torres López, mestre e activo sindicalista da Federación do Ensino da UGT. Cando estoura a violencia represiva, Torres está desempeñando a presidencia da Agrupación Socialista de Vigo. Agochado primeiro e detido despois, tras un xuízo sumarísimo, será fusilado o 27 de agosto de 1936 á beira do alcalde de Vigo, Emilio Martínez Garrido e do alcalde de Lavadores, José Antela Conde; os deputados Ignacio Seoane Fernández, Antonino Bilbatúa Zubeldia e Demetrio Bilbatúa Zubeldia; así como outros membros frontepopulistas da corporación municipal viguesa e de organizacións políticas da cidade: Ubaldo Gil Santostegui, Enrique Heraclio Botana, Ramón González Brunet e Manuel Rey Gómez. Contra a tapia do cemiterio de Pereiró, foron abatidos por un pelotón ás ordes (Anónimo, 2005, p. 42) de Francisco Rodríguez, *El Rabioso*.

Os nenos, Lucila e Santiago Torres Bernárdez, serán acollidos pola irmá da nai, María Bernárdez. Ela e o marido, Santiago, vanlles procurar un fogar lonxe da represión viguesa e manterán toda a vida relación epistolar coa familia de Mejuto.

Como acabamos de ver, unha das moitas mensaxes que transmite a foto é a identificación do ambiente socio-político de José Mejuto e a súa familia.



Foto familiar de 1935. Aparece unha curmá de José, casada co mestre Apolinar Torres López –fusilado en agosto de 1936-; e os fillos de ambos, Lucila e Santiago Torres Bernárdez.

## Escenarios de resistencia na Ría de Vigo e Pontevedra

Os que, como José Mejuto, ven perigar a legalidade republicana na comarca do Morrazo, decátanse de que os resultados do golpe están moi ligados á sorte que corra Pontevedra, capital da provincia. Nesta cidade, mentres o gobernador civil, Gonzalo Acosta Pan, dubida se dar ou non armas ao pobo<sup>3</sup>,ponse á cabeza da sublevación o tenente coronel de Artillería Antonio Durán Salgado, secundado polo coronel de Artillería José Vila Fano, mais os comandantes do mesmo corpo do exército, José Pontijas Fernández e Santiago Revilla Gala. Súmanselles oficiais do polígono de tiro Janer de Marín, onde toman a iniciativa o capitán de fragata Manuel Moreu Figueroa e o tenente de navío Francisco Javier Quiroga Posada (Amoedo López & Gil Moure, 2007, pp. 166-167). Marín, daquela, actúa de fortaleza sublevada que interrompe e castiga o envío de axuda á capital —armas, vehículos e xente— desde localidades como Bueu e Cangas.

Nesta última vila, dende o triunfo electoral da Fronte Popular, como ditaba a lei e sucedía noutros municipios españois, unha comisión xestora estaba a facerse cargo do Concello. Integrábase catro membros de Izquierda Republicana (IR), Agustín Jorge Echeverri, Jesús Barreiro Martínez, Ángel Fernández del Río e Francisco Secundino Martínez; dous concelleiros do Partido Socialista Español (PSOE), Antonio Varela Vázquez e Miguel Palacios Laparra; e dous máis da anarquista Confederación Nacional de Trabajadores (CNT), Manuel Sotelo Suárez e José Rodal Lanzós<sup>4</sup>.

Desde marzo, esta comisión trataba de poñer orde nas contas municipais porque se detectaran irregularidades que, nalgún caso, tiñan todo o aspecto de deberse a unha trama de corrupción. Estaba o asunto, pois, en pleno proceso de investigación, antes de faceren os oportunos expedientes

---

3 O alcalde de Cangas, Agustín José Echeverri, afirmará perante o tribunal militar que o gobernador civil lle transmitira a orde de requisar armas e pasarllas ao *personal* para a defensa da legalidade republicana, pero Gonzalo Acosta Pan negó cando declara desde a prisión da Coruña. Haberá un careo entre os dous o 25 de agosto de 1936 en Cangas, con insistencia enérxica por parte de ambos nas súas declaracións anteriores. Cando se recupera o telegrama do gobernador do 19 de xullo, citado por Echeverri, lese: “esos momentos tiene V.S. toda autoridad de adoptar medidas necesarias para defensa régimen, teniéndome al corriente cuanto ocurra mantenimiento orden”. Acosta Pan tamén acabará fusilado (AA.VV., 1936 e ss., pp. 21, 45, 45v, 48).

4 Ao historiador Carlos Velasco sorpréndelle a ausencia na Comisión Xestora de representantes comunistas nun enclave onde o Partido Comunista tiña abondo peso (2006, p. 252). O mestre Víctor Sánchez Martil afirma —seica para salvar a vida—, nunha das declaracións perante o tribunal militar, que non había representación comunista na Comisión Xestora porque en Cangas non existía ese partido (AA.VV., 1936 e ss., p. 92).

administrativos. O funcionario Francisco Búa Carou fora enviado en comisión de servizos ao Concello de Cangas, xa que algunhas irregularidades tiñan orixe no anterior secretario, Jesús Cordeiro Santos —que solicitara unha baixa médica para non estar presente mentres era investigado—. Outras desfeitas proviñan do anterior alcalde, Francisco Eiroa. Velaí as razóns da rápida e violenta represión tras o golpe, pois os corruptos quixeron tomar de novo o poder municipal e borrar as pegadas dos seus delitos (Fernández del Río, en Caeiro, González & Saá, 1995, p. 114). Corrobora isto o feito de que, desde a Falanxe Española de Vigo, lle chegase unha carta o 26 de xuño a Búa Carou ameazándoo de morte se entregaba a memoria que estaba a facer sobre o anterior secretario (AA.VV., 1936 e ss., p. 91).

José Mejuto comproba como en Cangas fracasa o intento de salvar a República: os camións que, con armas e dinamita requisadas aos particulares da localidade e entregadas no Concello, acoden á capital, acaban interceptados na mañá do día 20 no polígono de tiro Janer, en Marín. Os seus ocupantes son detidos de inmediato, como é o caso de Rufino Miranda Cabral, ou ingresan máis tarde en prisión, como ocorre con Agustín Sanjuán Sansinenea, que se entrega o 24 de agosto (AA.VV., 1936 e ss., pp. 20, 48; Santos Castroviejo & Nores Soliño, 2005, p. 684).

Mentres desde Cangas e outras vilas mariñeiras acoden en auxilio de Vigo “barcas repletas de luchadores del pueblo a los que ni siquiera se quiso proporcionar una pistola” (Anónimo, 2005, p. 29), a resistencia na vila do Morrazo fracasa. Ás 23h do luns 20 de xullo, na Alameda fronte ao Concello, dáse lectura ao bando de guerra dos sublevados por parte do tenente de carabineiros, Dativo Córdoba Córdoba; o sarxento da Garda Civil e comandante do posto, Ildefonso Hernández Sancha —ambos, acompañados de gardas do seu corpo, procedentes algúns de Bueu (Santos Castroviejo & Nores Soliño, 2005, p. 684)— mais os catro gardas municipais: Modesto González, Manuel Miranda, Manuel Gil y Gil e José Piñeiro.

O alcalde de Cangas entrega o concello ás novas autoridades a mañá do día 21. Porén, a noite anterior xa empezaran as fuxidas, os asasinatos e os encarceramentos no edificio anexo á Garda Civil, coñecido como “Escola de nenas de dona Anita” (Dasairas Valsa, 2005, p. 665). Entre o 21 e o 31 de xullo, as autoridades da nova orde van detendo os membros da comisión xestora, empezando polo devandito alcalde, o médico Echeverri. Non caen todos, porque Antonio Varela Vázquez se agocha e termina fuxindo; e Miguel Laparra, pola razón que fose, queda vivindo en Cangas sen problemas. Ademais dos concelleiros, son apresados dirixentes de organizacións obreiras, como o canteiro Lorenzo Corbacho Rodal, socialista e fundador da Alianza Mariñeira

de Cangas; o mariñeiro Germán Chapeló Leiro, secretario da Alianza Mariñeira e do Pósito de Cangas; e o mariñeiro Estanislao Fernández Mallo, afiliado á CNT<sup>5</sup>. Tamén hai orde de detención contra os mestres Víctor Sánchez Mártil e Vicente Sáez Ruiz<sup>6</sup> (AA.VV., 1936 e ss., p. 59; Santos Castroviejo & Nores Soliño, 2005, p. 684; Dasairas, 2005, p. 668, Caeiro, González & Saá, 1995, p. 139). E, como non, contra o secretario en funcións, Francisco Búa Carou.

Na caza destes dirixentes de sindicatos e asociacións esquerdistas, colaboran delatores que se ofrecen ou son chamados para facer acusacións no procedemento que se instrúe en agosto, a fin de averiguar responsabilidades contra “Agustín Jorge Echeverri e once máis”. O primeiro en declarar é o farmacéutico Valentín Graña, que cun dos irmáns Moldes —nove en total— fora recluído por orde do alcalde nas dependencias do Concello, desde que o 18 de xullo se recibiron pola radio noticias da sublevación militar en África. Había sospeitas de que estes ultradereitistas estaban gardando armas nalgunhas das fábricas de conservas para apoiar o golpe (Velasco Souto, 2006, p. 252). Seguen as declaracións dos gardas municipais Modesto González, Manuel Miranda e Manuel Gil. E son decisivas a carta de denuncia e as declaracións do 14 de decembro de 1936 de José Rodríguez Rivera<sup>7</sup>. A carta ofrece unha listaxe de persoas que terminarán sendo encausadas na súa totalidade, empezando por Estanislao Rodal, *Remendo no Cu*, a quen sinala como sindicalista que case o golpea no peirao uns días antes da declaración de guerra. Tamén entrega un documento coas sinaturas e os cargos dos dirixentes obreiros, procedente con toda probabilidade da Oficina de Correos onde exercía o cargo de secretario, até que decidiu marchar a Vigo polo triunfo da Fronte Popular e a ocupación do Concello polo que el chamaba “Comité Rojo Local”. E, cando xa está sentenciado Víctor Sánchez Mártil, ao que denuncia igual que aos tamén docentes Víctor Saez e Gumersindo Gastiosoro, presenta ao xuíz un novo documento: unha carta na que o mestre que vai ser fusilado lle suplica axuda para os filliños

---

5 O cabo Jesús Barja Vázquez e os gardas segundos da Garda Civil, Pablo Lora López e Miguel San Juan Raposo, a noite do 25 de setembro de 1936 aplicaron a *lei de fugas* a Ángel Emilio Nores e Estanislao Fernández Mallo no km. 13 da estrada de Pontevedra a Vigo, nun suposto traslado ao cárcere de Pontearreas. Os cadáveres foron entregados ao alcalde de Arcade (AA.VV., 1936 e ss., p. 20).

6 A Vicente Sáez Martínez, Jesús Teijeiro Alonso, Santiago Gómez Bao e José Búa Baredo foilles aplicada a *lei de fugas* en Estribela, a noite do 4 de decembro de 1936, pola Garda Civil de Pontevedra. Os cadáveres foron conducidos ao depósito do cemiterio de Estribela (AA.VV., 1936 e ss., p. 257).

7 É un caso de resentido político, escorrentado de Cangas tras o triunfo da Fronte Popular (de mala maneira, como proba a intervención na súa axuda do mestre Vicente Sánchez Mártil). Fora fillo do alcalde durante a ditadura de Primo de Rivera e volverá ocupar postos oficiais co franquismo (AA.VV., 1936 e ss., p. 104).

que van quedar orfos. O delator utilízase como proba inculpatória da participación do condutor Agustín Sanjuán Sansinenea mencionado nela, e que aínda segue libre, nos feitos que se xulgan (AA.VV., 1936 e ss., pp. 103, 104, 104v).

Pecha a nómina de delatores Jesús Cordeiro Solla, fillo do investigado Jesús Cordeiro Santos, e tamén traballador no Concello. Será el o autor da denuncia falsa sobre a existencia de bombas agochadas no Concello, nun curruncho entre unha morea de papeis (AA.VV., 1936 e ss., pp. 6v, 21v). Pode comprobarse que a maior parte dos denunciante non estaban presentes no lugar dos feitos que se xulgan, pero abundaba cos seus pareceres e suposicións para condenar *elementos* tachados de perigosos, aínda que tamén estes se atopasen lonxe do escenario e fosen só *propagandistas*.

O 7 de setembro, o auditor de guerra da Coruña aconsella que, seguindo o Bando de Guerra do 31 de agosto, xa citado, se proceda contra unha quenda principal de oito persoas e, en pezas separadas, se prosiga máis adiante coas outras sinaladas pola investigación, "sin detener el rápido curso de la causa". É agora cando se lle dá nome, precedido do número 790, e a data de 1936. Eses oito acusados de rebelión son cinco membros da Xestora, o secretario municipal en funcións, un sindicalista e un mestre: Agustín Jorge Echeverri, Ángel Fernández del Río, Manuel Sotelo Suárez, Jesús Barreiro Martínez, José Rodal Lanzós, Francisco Búa Carou, Lorenzo Corbacho Rodal e Víctor Sánchez Mártel. Deteñámonos na declaración como imputado, ampliación das anteriores, deste último, amigo íntimo de José Mejuto, e que vivía de aluguer na casa contigua á súa, e propiedade de Vicente Nogueiras. Afirmo non estar presente nos sucesos do Concello de Cangas o 20 de xullo, porque marchara arredor das 13:00 h, na compañía de José Mejuto, a Vigo no vapor. Que chegaron moi cedo ao barco e esperaron sentados na cuberta a que saíse, e cando se aproximaban ao peirao de Vigo, oíuse un tiroteo e o vapor decidiu non atracar e dar a volta. Cando lle preguntan por posíbeis testemuñas da súa defensa, indica tres nomes: un deles, o de Alejandra Nogueiras. Ese é o último favor que puideron facerlle José e Alejandra ao amigo: estaren dispostos a declarar dándolle unha coartada para que salvase a vida (AA.VV., 1936 e ss., p. 92). O esforzo resulta inútil porque pídese para todos a pena capital, pese a que o defensor que escollen, Manuel López de Roda y Arquer, trata de xustificar que debido á confusión dos primeiros momentos, os acusados non sabían distinguir un golpe militar ao uso dun alzamento nacional para salvar a patria (AA.VV., 1936 e ss., pp. 84, 84v, 87v, 102).

Celébrase o consello de guerra o 13 de setembro de 1936. Sentencian a morte a seis, absolven a Manuel Sotelo e condenan a cadea perpetua a

Jesús Barreiro. Case inmediatamente despois —feito que pon de manifesto a arbitrariedade e o caos que arrodeaban todos estes procesos—, prodúcense tres conmutacións da pena capital: para o barbeiro e concelleiro Ángel Fernández del Río, por 15 anos, que máis tarde se verán reducidos a tres; para o secretario do concello, Francisco Búa Carou, por cadea perpetua; e para o mariñeiro José Rodal Lanzós, por cadea perpetua, que se verá tamén reducida en 1942<sup>8</sup>. É dicir, que son tres os fusilados o 24 de setembro en Pontevedra: Agustín José Echeverri, Jesús Barreiro e José Modesto Rodal Lanzós.

Durante xullo e agosto de 1936, no medio desa onda de detencións, consellos de guerra e crimes, José Mejuto optou por quedar na casa do Forte coa familia, acoirazado pola posición que Alejandra Nogueiras ten na sociedade canguesa, con familia natural e política vinculada á patronal conservadora. O seu irmán Vicente é un dos donos de Conservas Lago Paganini, xunto co cuñado falanxista Marcelino Moldes e o irmán do cónsul italiano en Vigo, mussoliniano coma el, Marcos Paganini. E tres irmás de Alejandra están casadas con armadores e industriais emparentados co clero católico.

Parece ser que Mejuto chegou a pechar o taller de Cangas, no que desde o golpe están usando os falanxistas o torno, unha vez requisado, para fabricar balas para o exército *nacional*<sup>9</sup>. E que foi traballar un tempo a Vigo para fuxir das ameazas dos Moldes, cos que iniciara antes do golpe un preito por impago de traballos encargados no taller.

Unha vez que os dirixentes políticos e sindicais son borrados do mapa, o obxectivo é seguir exterminando elementos de menor relevancia social ou pezas soltas. Terman desta caza odios ideolóxicos e de clase, aos que se dá renda solta na retagarda dunha guerra que aínda non se sabe quen vai gañar. A persecución non dá tregua a Mejuto: un día ve Alejandra, na casa da súa irmá Carmen, casada con Marcelino Moldes, o nome do marido apuntado nunha lista. Alarmada, propón ao home emigraren todos á Arxentina, onde Víctor, cuñado da súa sogra, Josefa Bernárdez Costas, pode servirilles de enlace pois pasara anos vivindo alí. Pero Mejuto prefire quedar, marchar a Vigo e agocharse nas casas das súas primas, fillas do seu recordado padrastró,

---

8 Jesús Barreiro Martínez será levado o 14 de outubro a San Simón e o 22 de marzo de 1939, a Astorga; en maio de 1943 obterá unha redución a tres anos de prisión menor. Ángel Fernández del Río escribirá unhas breves memorias en 1940 (cfr. Caeiro, González & Saá, 1995). Francisco Búa Carou será trasladado de San Simón ao Penal de San Cristóbal, en Pamplona, onde morre en 1940. Parte destes datos están tomados, como outros deste capítulo, do *Proxecto Nomes e Voces*.

9 Dato extraído do borrador da petición de indulto que José Mejuto escribe, desesperado, para que Alejandra o pase a limpo e o entregue ao *Caudillo* (Arquivo Familia José Mejuto).

porque seica a axuda internacional á República venza o golpe.

Refuxiado en Guixar, lugar da parroquia de Teis, na casa do veciño dunha media irmá e tamén curmá, Manuela Veiga Couto, José Mejuto é detido, como se dixo xa, a madrugada do 20 de setembro pola Garda Civil, que se fai acompañar de membros da Juventud de Acción Popular (JAP), integrados daquela na Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA).

Durante uns meses de 1936, Teis formou parte do concello de Lavadores, que á súa vez sería anexionado a Vigo a principios de 1940. Lavadores pasaría á historia por protagonizar unha das máis duras resistencias contra o golpe militar na comarca, cuxas consecuencias pagarán durante anos os habitantes, mariñeiros e labregos na meirande parte. Nos meses de verán de 1936, o municipio ferve de fuxidos e agochados, prontos a un novo abrollar da resistencia. Xorden para abortala verdugos e delatores<sup>10</sup>, entre os que moi ben puideron contarse os impulsores da redada desa madrugada de setembro, na que caen unha decena de mozos traballadores, á beira do mecánico Mejuto. Xa vimos como el non estaba na lista de delatados que os cazadores portan, pero por acharse lonxe do seu domicilio é separado dos demais detidos e retido no posto da Garda Civil de Teis, desde onde se comunican co posto de Cangas do Morrazo para informarse sobre el.

A escusa que dá á Garda Civil é que perdera o barco de Cangas tras estar ese día en Vigo procurando a venda da casa familiar en Coia. Sen deixar isto de ser verdade, é tamén unha escusa. O certo, como repetirá perante os xuíces, é que desde o “Alzamento” só foi a Cangas o 18 de xullo para ver se eran certos os rumores de guerra, pero que comprobou que estaba todo tranquilo. E que “dejó de ir con frecuencia por Cangas quedando en su domicilio y lugar, por estar amenazado de muerte por un pleito que tuvo con unos convecinos y tener miedo de ser objeto de un atentado personal” (AA.VV., 1936 e ss., p. 130).

A detención de José Mejuto, aínda así, foi unha mala xogada do destino que os seus inimigos de Cangas aproveitaron moi ben. Mentres Manuela Veiga Couto manda aviso a Alejandra Nogueiras Lagoa da detención do marido, van sendo tantos os retidos no cuartel de Teis, que José e outros son

---

<sup>10</sup> Á parte do *paseador* Ramón Núñez, que era un dos fillos de Estanislao Núñez, empresario morto por negarse a entregar as armas e disparar desde a súa casa en Lavadores, atopábanse outros como Feliciano Maceiras Casales, que traballaba en *General Eléctrica Española* e pertencera no pasado ao Partido Comunista; Javier Varela R. de Guzmán; José Mourinho Barros, cabo da Garda Civil de Lavadores; o párroco de Santa Cristina e Antonio Alonso Villar, tendeiro de Cabral-Lavadores, que o 6 de outubro de 1936 caería baixo as balas dos fuxidos armados en guerrillas (Amoedo López & Gil Moure, 2007, pp. 143, 145, 147, 152).

levados para o local que a Sociedade de Agricultores ten na estrada próxima ao cuartel. As mulleres confían en que todo vai aclararse antes de que saia o último barco a Cangas. Pero pasan as horas, chega a noite e José queda preso: os informes do comandante do posto de Cangas, Ildefonso Hernández Sancha<sup>11</sup>, determinan o seu encarceramento. A partir dese momento, escribirá en dúas cartas dirixidas aos fillos, que foron moitos:

... los sufrimientos horribles por que tuve que pasar durante todo el tiempo que estuve preso. (...) en una atmósfera de odios y torturas sin cuento, fui arrastrando aquella triste existencia. (...) sumadas todas las adversidades y amarguras pasadas durante mi vida, no alcanzan en magnitud a los sufrimientos y penas pasadas en un solo día de prisión. (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 128-129, 141; Cartas nº 23 [24/5/1937] e 25 [11/6/1937], desde o Cárcere Provincial de Pontevedra)

Mejuto xa é recluso *gubernativo*, unha categoría que, en número cuantioso, chegaría a considerarse normal nas prisións do Réxime. Tratábase de detidos dependentes do gobernador civil, gobernador militar ou comandantes militares onde había guarnición: “no estaban sujetos a proceso alguno, pero podían estar reclusos varios años. No se les acusaba de nada, simplemente, las autoridades los consideraban peligrosos. Era una figura ya prevista en la legislación republicana”. (Vega Sombría, 2003, p. 188; 2011, p. 99)

### Prisioneiro no Frontón de Vigo

A irmá, Carmen Veiga Bernárdez e outra prima, Ángela Veiga Couto, acompañano esa noite desde Teis até o Frontón Vigués. Camiñan, flanqueados polos gardas, até a parada de Os Caños, onde soben ao tranvía que leva ao centro de Vigo e que é obrigado a deterse na rúa García Barbón, á altura da igrexa de Santiago Maior. Continúan camiñando, sorteando a xente que aproveita ao aire libre as últimas horas do domingo e que Mejuto mira coma nunha película allea á súa traxedia: “Yo, mientras me conducían camino de la prisión, contemplaba el ir y venir de las gentes a través de las calles con infinita tristeza, pensando en mi triste situación comparada aún con la del día anterior en que era libre”. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 163; data orixinal 3/7/1937)

---

11 Xa se distinguira pola paixón coa que informara dos encartados na causa o 27 de agosto de 1936, entre os cales, hai que lembralo ben, non figuraba José Mejuto (AA.VV., 1936 e ss., pp. 53-55).

O Frontón da rúa María Berdiales<sup>12</sup>, xunto con outros espazos vigueses como os alxubes do Castelo do Castro, as cortes do edificio da Garda Civil, ou o colexio de monxas do Seixo, estaba a ser utilizado para recluír a multitude de detidos que rebordaban a cadea da rúa Príncipe, pois calcúlanse en non menos de 640 persoas as que, entre os meses de xullo e decembro, foron encerradas nela. (Pereira, 2004, p. 36)

Un preso que estivera até finais de agosto de 1936 alí recluído describíao como un “inmenso cuadrilátero de cemento” con teito acristalado que ardía no verán (Anónimo, 2005, p. 94). Mejuto describe tamén o sinistro lugar nunha das últimas cartas que dirixe aos fillos:

... fui detenido y encerrado en aquel inmundo frontón de Vigo (...) Ya dentro, la impresión que recibí no hay palabras que sean capaces de describirla. En un local que mediría aproximadamente treinta y seis metros de largo por diez de ancho, envuelto, por arriba y por una de sus partes laterales, por una tupida malla de hierro; y el resto de las paredes, pintadas de un color oscuro, formando todo este conjunto el aspecto más lúgubre que imaginar se puede, yacían hacinados trescientos ochenta hombres, 380 infelices que, como yo, habían perdido la libertad. Muchos de ellos han perecido ya. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 141 e pp. 163-164; data orixinal 11/6/1937 e 3/7/1937 respectivamente)

No Frontón ateigado de persoas que durmían apiñadas nos colchóns —aquelas que dispoñían dun—, facíase sitio para o recién chegado, sobre todo se se trataba dun detido político (Anónimo, 2005, p. 94). Así o narra Mejuto:

Al rato de estar dentro, recibí un colchón que me mandaba vuestra tía Carmen, y un cesto con la cena. La cena, tal como la recibí, se la di a uno de esos desdichados como yo, que tenía hambre, pues yo, a pesar de no haber comido nada desde el mediodía, no tenía gana ninguna de comer. Habían sido muchas las emociones que había recibido durante todo aquel infortunado día. Era la hora de acostarse. Por todo el suelo estaban tendidos multitud de colchones. No había ni siquiera un hueco donde tender el mío, hasta que al fin empezaron los demás compañeros de infortunio a apretar todo cuanto pudieron los

---

12 O local deportivo ocupaba un solar no que se levantou despois o Cine Niza que, tras ser transformado nunha sala de multicines, recentemente foi substituído por un supermercado. Non hai placa ningunha que recorde o uso que tivo eses primeiros anos de ditadura militar.

colchones unos contra otros, hasta que conseguieron hacer un pequeño espacio en donde pude colocar el mío doblado. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 164; data orixinal 3/7/1937)

Os detidos políticos mesturábanse con presos comúns que ían introducindo os sublevados seica para aparentar de portas para fóra que todos supoñían un perigo para a seguridade cidadá; pero tamén para humillalos (Anónimo, 2005, p. 94).

Os reclusos governativos non tiñan, en principio, dereito a correspondencia ou visitas. Pero nos primeiros meses era tal a aglomeración e o caos, que José Mejuto non queda comunicado de todo: puido enviar por conduto oficial —isto é, con censura— polo menos as dúas cartas que chegaron até hoxe, datadas en outubro de 1936. Nelas alude ás visitas da muller, na compañía ás veces dun dos filliños para que o pai poida bicalo a través dun marco enreixado (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 71). Tamén o visita o seu cuñado Vicente. E como se establece que os presos governativos, co aforro que iso supuña para as novas autoridades, teñen “dereito” a que lles leven de comer, a irmá Carmen instálase na casa do primo Ángel Bernárdez Losada para poder encargarse da tarefa.

Reparemos en que, nunha das citas que acabamos de extraer das cartas, José Mejuto lembra os moitos compañeiros do Frontón que, cando el escribe, xa non viven. Nunca entra en detalles, para aforrar sufrimentos á familia. Non fala da morte causada por grupos de sádicos, nin da que esperaba aos que escollían ser enviados como carne de canón ao Terzo da Lexión, animados por representantes inicuos da Igrexa, como foi o capelán de prisión Petronilo Nieto Gómez, “alto, fuerte y brutal”, que tanto no Frontón como na Illa de San Simón, lanzaba arengas disfrazadas de sermóns perante uns presos que consideraba infrahumanos (Anónimo, 2005, p. 107; Velasco Souto, 2006, p. 31; Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 88). É de supor no ánimo de Mejuto o *desgarro* pola perda de compañeiros, algúns deles amigos, no medio do terror que a morte sempre en axexo provoca.

Cando ingresa no Frontón ese 20 de setembro, xa non hai soldados nin gardas de asalto vixiando a porta. No seu lugar, quedaron os falanxistas e os autochamados *caballeros da Garda Cívica*. No capítulo “La vida en las prisiones franquistas”, Manuel D. Benavides explica que habería alí encerrados arredor de 480 homes nos primeiros meses, cunha trasfega continua de entradas de día, e saídas de noite polas *sacas* ou *paseos* (Anónimo, 1938; Anónimo, 2005, p. 93). Disto último encargábanse “grupos paramilitares nos que se mesturaban señoritos monárquicos como Víctor Lis Quibén, resentidos

como Ramón Núñez (...) e individuos de baixa ralea, nalgúns casos próximos ao lumpen (...)” (Amoedo López & Gil Moure, 2007, pp. 137-138). O Frontón vigués, como logo o campo de San Simón, ocupaba un dos primeiros postos na lista de frecuencia de *paseos*, tanto de reclusos gubernativos como de penados. Un dos máis arrepiantes que se recordan foi o dun fillo do mestre comunista de Coia (Vigo), Víctor Fraiz Villanueva, chamado Víctor Fraiz Castellanos, que con 19 anos era sacado á rúa, completamente espido, entre berros de terror, para non volver (Anónimo, 2005, p. 94; Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 28). Os asasinados proviñan normalmente doutros lares, pois preferían matar lonxe da súa veciñanza. Unha excepción representárona o trío de falanxistas vigueses Guillermo Oya García-Barbón, Joaquín Yáñez e Enrique Rodríguez Cantero, *Tajuelo*; que non tiveron reparos, por exemplo, en achegarse a noite do 14 de setembro de 1936 cos seus propios coches até o Frontón para *sacar* sete homes, aínda sen procesar, e matalos en Puxeiros, na estrada de Ourense, deixando á vista os cadáveres para infundir terror na poboación (Anónimo, 2005, pp. 50-55).

Cando Mejuto, o 14 de outubro, é incluído na causa 1.077/36, “instruída por el supuesto delito de rebelión contra Ramón Rey Fernández y otros”, pasa á seguinte categoría, a de *preso* ou *preventivo*, investigado por actividades contempladas no artigo 6º do Bando de Guerra publicado o 31 de xullo (Vega Sombria, 2011, p. 99). Na instrución da causa, o seu nome non aparece mencionado por ninguén, de maneira que, aínda que está *encartado*, non poden procesalo.

Mentres, os compañeiros de Teis cos que convive no Frontón, son procesados e xulgados. Quen dá nome a esta causa é un zapateiro de 21 anos que terminará sendo condenado a cadea perpetua, igual que o seu irmán de 19 anos, Manuel Rey Fernández, de oficio ferreiro. Son xulgados tamén José Lorenzo Martínez e Serafín de Dios Rodríguez —carecemos de datos, á espera de consultar ese expediente<sup>13</sup>—, o mariñeiro Darío González Pazo, *Pavito*, con sentenza a cadea perpetua; e José Alonso Castiñeira, de 29 anos, absolto. O resto, até preto de dez persoas, quedan sen procesar ou son procesados en rebeldía (como fuxidos ou asasinados).

Cando o primeiro informe da Garda Civil de Cangas é ratificado, con agravantes, o 11 de novembro, as dilixencias indagatorias desembocan no encartamento de José Mejuto nunha peza separada da devandita causa

---

13 Só aparece no *Proxecto Nomes e Voces* unha referencia a Flora de Dios Rodríguez, obreira conserveira de 22 anos, residente en Teis. Foi xulgada en Vigo e condenada a 12 anos de prisión.

instruída por rebelión militar, desde o 29 de xullo de 1936, contra “Agustín Jorge Echeverri e outros”. Iniciárase, como vimos, contra doce *individuos* considerados polo Delegado de Orden Público e novo alcalde de Cangas, Óscar Boán, *perigosos comunistas* (AA.VV., 1936 e ss., p. 1). Agora, como amosa esta 2ª *Pieza*: “Contra Antonio Fernández Fernández y veinte más”, vai servir como pozo sen fondo para ir eliminando máis veciños de Cangas, e xente relacionada coa vila, que *sobran* para a nova España.

Mejuto é chamado a declarar o 3 de decembro. Engade ao dito nas ocasións anteriores que non tomou parte nos sucesos de 1936 nin nos de 1934 (unha agravante moi utilizada para a pena capital) e que non pertence a partido nin sindicato ningún (AA.VV., 1936 e ss., pp. 131, 131v). Dez días despois, tómase declaración ás testemuñas de cargo na mesma vila de Cangas: o garda municipal Manuel Miranda González leva a voz cantante, e repiten como un eco as súas acusacións Modesto García González e José Piñeiro Villanueva<sup>14</sup>. Os tres afirman ter visto a José Mejuto no Concello de Cangas os días 19 e 20 de xullo, cando se estaba a facer a requisa de armas e o seu envío a Pontevedra. O certo é que as testemuñas non coinciden entre elas á hora de indicar os nomes dos acompañantes de Mejuto no Concello. Corresponden eses nomes, ademais, a persoas que están ou se dan por mortas ou desaparecidas nesa altura: o cangués Ángel Emilio Nores, industrial comunista ao que se aplicou a *lei de fugas* o 25 de setembro de 1936; e o mencionado Víctor Fraiz Villanueva que, despois de meses fuxido, entrégase a fin de evitar que sigan matándolle os fillos. Tras un consello de guerra o 13 de setembro de 1937, será fusilado en Vigo ao día seguinte. O terceiro nome que os municipais de Cangas dan, coidando que non está vivo, é o de Gumersindo Gastiosoro, mestre de Darbo detido en Viveiro a finais de agosto de 1936 por orde do Delegado de Orden Público, Óscar Boán Calleja. Tras pasar polos cárceres de Viveiro e Pontevedra, atópase desde finais de outubro en San Simón. Cando por fin o localizan, explicará que, malia enviar unha instancia ao Delegado de Orden Público para pedir a súa liberdade, nunca obtivera resposta. Até tal punto estaba esquecido que, nun informe do 22 de xaneiro

---

14 Óscar Boán recomendará ao xuíz en marzo unha lista de testemuñas para continuar co proceso, polo cal quedan rexistrados os delatores oficiais —seica algún deles forzado polos amos—, que había en Cangas: aos nomes citados até agora, únense os de Avelino Priego Martínez, porteiro do Concello; o do carteiro urbano Alejandro Rodal Fernández; o do empregado de Correos José Graña Rodal, así como os de Manuel Boullosa del Río, Alfredo Moldes Rodal, Guillermo Moldes Rodal, Ángel Moldes Rodal, o mecanógrafo Serafín Lemos Miranda, e o tamén mecanógrafo Eugenio Eiroa Hermo.

de 1937 do comandante xuíz instrutor de Pontevedra, Manuel Trigueros, dáse por fuxido (AA.VV., 1936 e ss., p. 136).

Levado por fin a declarar, Gastiosoro nega que entrase ao Concello con Mejuto, a quen por outro lado di coñecer só de vista (AA.VV., 1936 e ss., pp. 30v, 137).

Finalmente, informa a policía gubernativa de Vigo do pasado sindicalista de Mejuto: “durante la última huelga que sostuvo dicho sindicato en Vigo” era secretario do *extremista* Eduardo Araújo Conde. O subdelegado de Orden Público de Pontevedra, Julio Fernández de los Ríos e o gobernador militar, Leoncio de Aspe, engaden un breve, e francamente absurdo, informe para salientar a boa conduta do detido e a súa ideoloxía comunista (AA.VV., 1936 e ss., pp. 132v, 133).



Illa de San Simón.

### **Prisioneiro no campo de concentración Illa de San Simón**

Desde finais de agosto, as autoridades penitenciarias do novo Estado están a enviar presos aos traballos de acondicionamento como campo de concentración da illa de San Simón e da adxacente de Santo Antón, na enseada do fondo da Ría de Vigo. Séguese a suxestión do encargado das Institucións Penitenciarias desde que se desatou a Guerra Civil, o xeneral Severiano Martínez Anido, coñecido como o *Carnicero de Barcelona* (Amoedo López & Gil Moure, 2007, pp. 26, 43, 49). O que se estaba tratando como unha prolongación do cárcere provincial de Pontevedra, vai denominarse co eufemismo de “Colonia Penitenciaria de San Simón”, malia adoptar as

características propias dun campo de concentración<sup>15</sup>. Até entón, as illas eran coñecidas popularmente como “Lazareto”, desde que no s. XIX, o médico de Vigo, Nicolás Taboada, as propuxo como centro de corentena para os barcos que querían atracar na cidade e levaban enfermos contaxiosos a bordo (Abad Gallego, 2001, p. 140). Pasado este período, a principios do s. XX e até 1927, cando o cólera xa se podía curar con facilidade, utilizouse como un balneario para clases acomodadas (Guitián, 2005, p. 171).

Javier Rodrigo define os campos de concentración como “unidades bélico-administrativas que cristalizaron, en base a su naturaleza funcional, la solución que el Ejército y el Estado faccioso dio al problema del volumen masivo de aprisionamientos” (2003, p. 19). Estaban destinadas aos presos preventivos con carácter provisional, en principio, e en tanto persistise a situación de masificación nos cárceres. Viñan sendo o primeiro paso da xeira depurativa franquista. Alí os reclusos eran clasificados con etiquetas que os deixaban á marxe do sistema, como vencidos que eran. Comezaron en 1936 a funcionar nas fronteas, “sin regulación alguna ni institucionalización (...) alentando la desertión e internando a evadidos y prisioneros”; e tamén se crearon na retagarda con disidentes e reclusos diversos (Rodrigo, 2003, pp. 20-21). Non só San Simón responde ao tipo de campo de concentración desta primeira hora, senón tamén o Frontón de Vigo, empregado de xeito improvisado como espazo de detención e reclusión até que chegaba a pena, se antes non se producía o *paseo*: “En este sentido, las prisiones desempeñaron una función similar a la de los campos de concentración, improvisados por la administración franquista por el abarrotamiento de cárceles y presidios” (Cenarro, 2003, p. 134). Máis adiante, coa caída da Fronte do Norte e coa institucionalización das cadeas franquistas, acentuaríanse en San Simón os trazos de campo de concentración ao uso, entre os que estaba a humillación aos presos coa obriga de asistiren a misas e outros ritos católicos, así como aos discursos patrióticos nos que se lles recordaba a súa ínfima condición (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 77).

Pero o trazo definitivo que sen dúbida facía recoñecíbel o campo de concentración de San Simón foi a elevada mortalidade no seu seo:

---

15 A non inclusión oficial da Colonia Penitenciaria de San Simón como campo de concentración fai que na historiografía especializada non apareza mencionada. Ocorre, por exemplo, coa listaxe ofrecida por Carlos Hernández de Miguel, onde se ten en conta, en cambio, o campo para estranxeiros que se instalou durante a Segunda Guerra Mundial en A Graña (Ferrol, A Coruña) (Hernández de Miguel, 2019, pp. 36-38). Velasco Souto, pola súa parte, ofrece unha lista de campos de concentración próxima á vintena, entre os cales, o de Camposancos (Pontevedra) sería o máis achegado ao modelo de campo de exterminio (2006, p. 108).

Los campos de concentración españoles nunca fueron, ex profeso, campos de exterminio. Sin embargo, en ellos sí se seguían estrategias totalitarias que incluían la muerte, aleatoria o selectiva, entre sus objetivos. Se establecieron sistemas de poder en el cual los prisioneros adquirirían un carácter subhumano, porque se les podía infligir cualquier castigo. (Núñez Díaz-Balart, 2005, p. 82)

Xa que logo, era abondo castigo ser encerrado nun deles, pois xa a falta de hixiene e a mala alimentación —a fame chegou ao máximo grao no ano 1941— podían ser letais. Ese era, como pon de relevo Velasco Souto, un dos grandes obxectivos da represión: “Desaparecían as inquiredanzas políticas, intelectuais e de calquera outra caste e pasaban a primeiro plano as necesidades primarias” (2006, p. 84).

A institucionalización do sistema carcereiro franquista non comeza a dar os primeiros pasos até marzo de 1937, cando o xeneral Luis Ordaz Yoldi, que fora un dos conspiradores de xullo de 1936, crea a “Jefatura de Movilización, Instrucción y Recuperación” co obxectivo de *reciclar* combatentes capturados ao bando inimigo. O 11 de marzo promúlgase a “Orde General de Clasificación”, co fin de encadrar os reclusos en varias categorías, de acordo co seu grao de afección ao “Movimiento Nacional”. O seguinte paso será decisivo para sacar rendemento da situación penal española: trátase do Decreto 281, de maio de 1937, que concede aos prisioneiros e presos o “dereito ao traballo”. Ponse o ramo coa creación, o 29 de xuño de 1937, da Jefatura de Campos de Concentración, pola que 11 mil prisioneiros pasan a estar baixo o mandato directo do Cuartel do xeneral Francisco Franco. E o 5 de xullo dese ano, institúese a Inspección de Campos de Concentración de Prisioneros, para unificar e estender o sistema de categorías de confinados, que medraron considerabelmente coa devandita caída de Asturias, alcanzando os 70 000 reclusos (Rodrigo, 2003, pp. 22-23). Por fin, acabada a guerra, a Igrexa católica fai a súa gran achega á organización do sistema penitenciario franquista en forma de solución definitiva para compensar —de sobra— as cargas que para o Estado supón manter tanta xente nas prisións (Cenarro, 2003, p. 138). Trátase do que denominan cun termo relixioso: a *redención* de penas a través do traballo, idea que o xesuíta José Antonio Pérez del Pulgar explica no libríño de 1939, *La solución que España da al problema de sus presos políticos*.

Os confinados en San Simón vense afectados por todas estas decisións, até que o campo de concentración é clausurado en 1943, despois de pasaren por el arredor de seis mil persoas. No total da España franquista, calcúlase que entre 1936 e 1943 estiveron nos campos de concentración uns 700 000 presos (Velasco Souto, 2006, p. 107).

O 15 de outono empeza o traslado a San Simón, desde Vigo e Pontevedra, dos excedentes de reclusos franquistas da comarca, de maneira que se organizan varias expedicións de continxentes de arredor de 100 presos (“Diario de Bienvenido Lago Cid” en Caeiro, González & Saá, 1995, p. 155).

José Mejuto vai ter que esperar até finais de febreiro, xa coa categoría de preso preventivo e á espera do Consello de Guerra: “El día 3 o 4 de febrero fui conducido, convaleciente aún de un catarro gripal, a esta cárcel de Pontevedra. Y a últimos de ese mismo mes fui conducido a la isla de San Simón, convertida en colonia penitenciaria (...). Había allí en aquel entonces unos 750 presos” (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 113, 173; data orixinal 15/5/1937 e 16/7/1937 respectivamente). O xuíz José Solís y Riestra rubrica a descrición do delito que na peza separada da causa 790/36 se apón a un total de 22 procesados, entre os que se acha Mejuto:

Las diligencias practicadas en esclarecimiento de los hechos ponen de relieve la virulencia con que había hecho presa en el vecindario de Cangas, el morbo marxista, inculcado por profesionales que olvidando los deberes que su función les imponían, se dedicaron a la propagación de las teorías marxistas, y prueba esto bien claramente, la saña, la fovia (sic) con que es acogido el Movimiento Nacional por estas gentes, las que realizan los esfuerzos más considerables para oponerse a los designios redentores del Ejército. Lujo de bombas, escopetas, pistolas, de todos los medios ofensivos a su alcance, para ponerlos en juego contra las fuerzas Nacionales. (AA.VV., 1936 e ss., p. 203)

Os penados que forman parte do grupo de José Mejuto son todos traballadores, coma el. Seis ou máis deles son mariñeiros. Están tamén representados os oficios de labrego, albanel, canteiro, ferreiro, follalateiro, serrador ou músico —por Ismael Costas, director da Banda popular de Cangas—. Mestres había dous, Gumersindo Gastiosoro e José Meis. Este último estaba destinado no Seixo (Marín), e non se atopaba nos escenarios dos sucesos considerados delitivos os días de xullo de 1936, pero iso xa daba igual, porque teren ideas republicanas e expoñelas en público víñase castigando duramente nestes xuízos sumarísimos.

O traslado lévase a cabo en camiión desde o cárcere de Pontevedra até a parroquia de Santa Cristina de Cobres, na península do Morrazo, onde embarcan nunha gabarra até o peirao da illa (Abad Gallego, 2001, p. 142). Chega Mejuto o sábado, 27 de febreiro de 1937 e queda engaiolado co que ve.

A illa de San Simón é un espazo cargado de memoria histórica e literaria dunha magnitude que reborda con moito a súa cativa extensión, aínda que

Pero está en consonancia coa súa beleza natural. Cando un preso era conducido alá despois de estar encerrado nun tobo, coidaba chegar a un paraíso (Mosquera, 1984, p. 60; Caeiro, González & Saá, 1995, p. 20; Mejuto Bernárdez, 2015, p. 72). Axiña ese paraíso revelábase como un inferno creado polos que exercían a autoridade. De illa de curación pasara daquela a illa de sufrimento, na que os presos batían co terror das *sacas*, a fame e as enfermidades físicas e mentais, pois algúns chegaban a perder a cabeza, como o concelleiro cangués Francisco Secundino Martínez Rodríguez, que tivo que ser trasladado ao manicomio de Conxo a principios de marzo de 1937 (AA.VV., 1936 e ss., p. 122).

Pasa este campo de concentración pola primeira das súas etapas, que se estende até xuño e xullo de 1937 e se caracteriza pola improvisación e o desgobierno. Derrogada a lei penitenciaria republicana, que velaba polas condicións humanitarias dos cárceres, agora a vida dos reclusos, expostos a extorsións, torturas e *paseos*, depende do azar e da ira dos verdugos. Esta situación parece mitigarse cando pasa a primeira fase, pero non de todo, porque o sistema concentracionario franquista vai seguir fundamentado na ignorancia da Convención de Xenebra, que só se aplicaba aos prisioneiros brigadistas internacionais no penal de San Pedro de Cardeña, en Burgos (Rodrigo, 2003, p. 28).

Polo menos, cando chega o grupo de José Mejuto, xa non está en San Simón o corrupto Fernando Lago Búa como director, nin está algún dos “compinches” que colaboraron con el na trama de extorsión de reclusos, como o médico do Lazareto<sup>16</sup>, Francisco Bustelo Bustelo; o Tenente da Garda Civil Francisco Rodríguez, *El Rabioso*; o industrial Cándido Barros Martínez etc.<sup>17</sup> Despois de tropezar co mesmísimo Martínez Anido, e tras un consello de guerra, Lago Búa e Bustelo acabarían sendo fusilados en xaneiro de 1937 por un pelotón baixo as ordes, e isto é o sorprendente, de *El Rabioso* que, non se sabe de que maneira, soubo saír indemne. De todos eles tería noticia José Mejuto no seu paso polo Frontón, onde Lago Búa era o “mandamás da prisión de Vigo” (Anónimo, 2005, pp. 100-105), pois exercía, *por cortesía* do Xeneral Emilio Mola, o cargo de inspector de prisións da provincia de Pontevedra.

A estadia de Mejuto coincide coa dirección de Pelegrín González Velasco, músico e funcionario de prisións, que se incorpora tras a detención de

---

16 Despois del non se ocupou a praza de doutor na illa e os presos eran asistidos, en precario, polos compañeiros médicos que acababan encerrados alí (Mosquera, 1984, p. 65).

17 Amoedo López & Gil Moure apuntan a outros implicados, como o gobernador civil, tenente coronel da Garda Civil Ricardo Macarrón Piudo e o xefe da Oficina de Orde Pública, o capitán Gándara (2007, p. 73).

Lago Búa (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 76). E coa de Carlos Hidalgo Varela, que substitúe o anterior a finais de marzo e permanece até outono de 1937, deixando pegada da súa manía relixiosa e afección polos ripios, como se revelaría no folleto de 1948, *Toda España es Compostela: poema histórico de exaltación y homenaje al adorado patrón de España Santiago el Mayor*.

Daquela, as sacas continúan, sobre todo durante a madrugada. Causaba pavor entre os reclusos oíren o ataque dunha lancha e distinguiren entre os ocupantes falanxistas, *cívicos* ou gardas civís. Ao parecer, se viñan gardas de asalto, era para conducilos aos consellos de guerra (Caeiro, González & Saá, 1995, p. 43).

Os presos eran controlados mediante garitas levantadas en puntos clave do perímetro da illa. Unha ponte con barreira de control comunicaba San Simón con Santo Antón, a illa máis cativa, que se destinaba á residencia do destacamento militar e dos funcionarios coas familias. En San Simón había un edificio de varios pisos para as oficinas e o gabinete do director, a capela nun alto, unha esplanada e un fermoso paseo flanqueado de buxos<sup>18</sup>. Primeiro atopábase o antigo hospital de dous pisos, que abeiraba unha parte dos presos. Para o resto, levantáronse pavillóns dun só andar. Mejuto ocupou a brigada número sete, orientada ao leste e con vistas desde as grandes vidreiras á parroquia de Santo Hadrián de Cobre, no Morrazo:

Al despertar por la mañana a las seis hoy, la luz del astro rey penetraba a raudales por las amplias ventanas de la brigada. Sin perder un minuto me levanto, recojo la cama y lanzándome al pasillo, abro una ventana y respiro con deleite la brisa fresca de esta primera mañana de primavera (...) Extiendo la mirada hacia el mar teñido de un azul purísimo, y allá lejos, perdida la mirada en el horizonte, parece como si se besaran el mar y el cielo. Recorro con la vista luego la campiña de San Adrián y mi mirada se detiene ante una casita por cuya chimenea sale una cinta de humo. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 80; data orixinal 22/3/1937)

O preso Manuel Córdoba Piñón, do que coñecemos unha carta datada o 3 de novembro de 1936<sup>19</sup>, sendo director do campo de concentración Vicente

---

18 Son buxos, e non mirtos, especie esta distinta á primeira e máis propia da paisaxe mediterránea (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 77). Talvez popularizou o segundo nome o escritor Joaquín Dicenta Benedicto, que publicara *Bajo los mirtos* (1912) tras unha tempada como hóspede do balneario de San Simón.

19 Recibimos dos familiares unha copia da carta deste vigués, preso en San Simón, empregado de banca afiliado á UGT e finalmente liberado, por sobresemento.

Fonturbel García, fornece información sobre as diferenzas entre unhas e outras brigadas. A nº 7<sup>20</sup>, onde dorme José Mejuto, semella ter a mesma orientación que a que Córdoba ocupa:

Ayer me trasladé de la 4ª Brigada a la 12ª ocupando el sitio de Ferreiroa que marchó confinado a Puebla de Sanabria. Con este traslado fui ganando considerablemente pues la 4ª B. está ubicada en el bajo del edificio de al lado del muelle de poniente. Allí casi no da el sol en todo el día pues es precisamente el ala del edificio que da a un desmonte. La 12ª somos 27. Es la planta baja derecha de un edificio situado en la parte oriental de la isla. Todos estamos diseminados en las cinco habitaciones del local. Por la mañana nos da el sol en la habitación donde dormimos seis, todos de Vigo (...). (Córdoba Piñón, 1936)

Con respecto á maneira de organizarse para durmir, o que conta Mejuto, poñendo un chisco de humor para manter distraídas as destinatarias das cartas, coincide co que atopamos nas memorias doutros presos que describen as ringleiras de homes amoreados no chan, sen apenas poder cambia- ren de postura e xa non digamos saíren fóra por algunha urxencia (Caeiro, González & Saá, 1995, p. 20):

Hace unos minutos que me he levantado y ya tengo recogida la cama, digo, el colchón. Por cierto, que me levanto hoy con un dolor en un hueso, de duro que me resulta dormir con el colchón en el suelo. Pero esto no es nada, dentro de poco doy cuatro *pinchos* por la isla y ya me pasó. Ahora ya estoy acostumbrado; a todo se acostumbra uno (...). Ya que hablo de dormir, ya sabéis la costumbre que tengo de soñar alto por veces. Pues bien, debía de barruntar temporal, como en efecto lo hay, porque una de estas noches pasadas desperté gritando e insultando en sueños no sé a quién, hasta que uno que duerme a mi lado, creyendo que era él a quien insultaba, armó un escándalo que despertó a toda la brigada. Y yo, también, naturalmente. Pero no soy yo solo el que sueña alto, ya me quitaron la exclusiva, porque esta noche desperté a los gritos que daba uno. Pero gritaba y pateaba el condenado de tal forma que os aseguro que yo soy mudo a su lado. Costó trabajo hacerlo callar. En fin, unas veces despierto y otras veces soñando, vamos pasando los días. (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 78-79; data orixinal 18/3/1937)

---

20 Consérvase un *parte de retreta* do 3 de xaneiro de 1939 sobre a distribución dos presos. Aparecen 13 brigadas e a nº 7 contén 85 presos (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 110).

Malia dar a impresión de que Mejuto se anima a contar a vida cotiá do campo de concentración, é moito máis o que oculta. En contraste con el, a locuacidade de Córdoba Piñón é tal que nunha soa carta ofrece máis datos sobre o que se fai na illa, que José Mejuto en todas as cartas que escribe falando dela. Seica sexa porque o mozo Córdoba se expresa confiado na xente que o arrodea, e mesmo no seu porvir; mentres que o cangués sabe que pode facer sufrir os seus, e que os inimigos están cercándoo, así que mantén o tempero para non dicir máis do necesario. Por exemplo, nunca escribe Mejuto sobre o que en realidade comían alí os reclusos, aínda que supomos que as mulleres da familia xa se informarian polos parentes doutros presos. A elas pídelles comestíbeis para “merendar” e completar o rancho. Se algunha vez menciona algo, faino ao fío dalgún conto dedicado a divertir os nenos, como o da cunca de macarróns que un ollomol morde. Pola súa banda, as mulleres, están pendentes da súa delgadeza, preguntanlle que lle apetece que lle leven de comer e mesmo lle propoñen un cocido que el rexeita por disparatado.

En cambio, do rancho que uns meses antes se repartía, cando Lago Búa cometía corruptelas de todo tipo, Córdoba Piñón dá conta tan exacta que semella extraída dun informe das oficinas da “colonia penitenciaria”:

Aquí cada recluso cuesta 1.37 ptas. Está racionado con 300 gr diarios de garbanzos, patatas, berzas, habichuelas, cascarilla y algo de carne, sardinas, potas, tocino... Esos 300 gr cotidianos están distribuidos así:

Desayuno: Cascarilla con agua y leche algo azucarada.

Comida: Rancho: un plato sopero de caldo de verdura -casi siempre blanca- con patatas, un trozo de tocino así [*sigue un dibujo*]<sup>21</sup> y un pedazo de chorizo así [*sigue otro dibujo*]. A veces viene algo de olla, esto es una tajadita de carne.

Por la noche -a las 6- otra vez rancho poco más o menos igual: un plato de habichuelas o garbanzos guisados con algún trozo de tocino.

Al día siguiente pota guisada con patatas y sardinas asadas...

Para todo el día dan una barra de pan de un kilo.

Como el rancho igual que cualquier veterano y sigo perfectamente bien de salud.

---

21 Nota —como outras que aparecen aquí e na seguinte cita— da persoa que transcribe a carta, familiar do autor.

Despois de que os presos fosen utilizados en traballos de acondicionamento da illa, o máis seguro é que as aptitudes de Mejuto, como as doutros reclusos, fosen aproveitadas polas autoridades. Aínda que trate de transmitir á familia que case todo o seu tempo o tiña dedicado ao ocio, Mejuto non pode ocultar que traballa a madeira, porque aproveita para facer outras pezas, que dan mostra da súa habilidade manual e sentido artístico: carros para os nenos, figuras de xadrez, etc... Unha vez máis, o contraste coa información de Córdoba Piñón, que mesmo dá algún nome dos que aprendían aos demais as súas artes, indica que Mejuto está decidido a calar cousas por discreción ou porque seguramente eran desagradábeis:

Si sigo más tiempo en presidio le va a salir a Pepito el Bailademos un formidable competidor, pues aprendí a tejer cordeles y actualmente estoy haciendo un cinturón para Maruja. Cuando lo termine intentaré hacer un bolsillo de mano con el mismo motivo para hacer juego. Después haré otros para Dito [*nombre con el que familiarmente se refería a su hermano Camilo*] —como aquel que le regalé una vez—, Fernandito, Marcelo, etc. Estuve una tarde aprendiendo a hacer jerseys de punto en telar de clavos, pero mi maestro —vaya personaje, Pepe el Negro— se fue en libertad. (Córdoba Piñón, 1936)

Mejuto bebe o aire da illa nos paseos solitarios baixo os buxos, sobre os que escribe as páxinas máis fermosas das súas cartas, amosando a cara máis leda do lugar e intentando unha vez máis distraer a atención dos destinatarios. Atopa tamén na escritura unha vía de escape propia a través da imaxinación. Poucas veces aflora unha preocupación que teña causas externas moi próximas, como por exemplo ocorre cando o tifo está a decimar os presos de San Simón e el teme polos nenos:

Me disgusté cuando me dijo Carmen el lunes que aún no habéis vacunado a los niños. Yo comprendo las dificultades económicas que tenéis que vencer, pero si se ponen enfermos se gasta mucho más dinero en medicinas de lo que puede importar el vacunarlos. Y además el disgusto que para mí supondría el saber que estaba enfermo alguno de ellos, y yo aquí preso. Así que te ruego los vacunes cuanto antes. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 91; data orixinal 7/4/1937)

Tamén se preocupa cando os días de visita vai mal tempo e se fai perigosa a travesía, na motora e no lanchón, que Alejandra e Carmela teñen que facer para chegar ao peirao da illa. Tratando de disuadir a nai, que quere ir velo, explica o custoso peregrinar ao que se vían obrigadas as mulleres:

Mamá: dices que quieres venir a verme. Yo también tengo ganas de verte a ti. Pero te aconsejo que no vengas porque hay que andar mucho, viniendo en tren hasta Redondela [*despois de cruzar no vapor a Ría*]<sup>22</sup>. Hay que andar más de dos leguas desde Redondela aquí entre ida y vuelta. Y viniendo en el motor, hay que andar saltando desde el motor a la chalana y desde esta al motor, y ya ve que estos trajines son demasiado molestos.

Si traéis a los niños, tener cuidado, no dejarlos nunca de la mano, que pueden caerse al mar al saltar de un lado para el otro. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 82; data orixinal 22/3/1937)

As mulleres tiñan que facer todo ese esforzo para os poucos minutos que duraba o encontro. Os días de visita, luns e xoves entre as 9 e as 11 da mañá, aquendábanse a irmá e a esposa. O locutorio, repetidamente descrito nas memorias dos sobreviventes, respondía ao modelo que se construíría en serie ao longo das prisións españolas. Atopábase ao final do peirao ao que arribaban as lanchas, pegado ás columnas da entrada, cun galpón de cemento levantado para que as visitas entrasen e, en ringleira, detidas ante un parapeto con reixa, se comunicasen a berros cos presos colocados diante súa, detrás dun muro semellante. A berros, porque entre eles había un corredor polo que transitaban os gardas de vixilancia. Ao finalizar a guerra, este locutorio sería derrubado por Constantino Cacho, director do campo de concentración desde abril a outubro de 1939 (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 78).

A información do desenvolvemento da guerra e as consecuencias próximas da represión só poden chegarlles por traballadores de fóra ou polos xornais portugueses que se introducen ás agachadas<sup>23</sup>. Nas visitas, pásanse cestos de comida e roupa que permiten introducir misivas burlando a censura<sup>24</sup>. Os funcionarios ou aqueles nos que o director delegaba a tarefa —ás veces, un preso con instrución superior á dos gardas e funcionarios, o cal non era raro—, lían as cartas que o preso enviaba e tamén as que

---

22 Nota da autora.

23 Non só había prensa portuguesa. Tamén vixilantes nas garitas da illa, non se sabe se soldados da Legião ou falanxistas portugueses, como os que tamén apareceron no Frontón de Vigo (Amoedo López & Gil Moure, 2007, p. 84).

24 Aproveitábanse todas as posibilidades. Na presentación en Cangas do Morrazo, o 23 de outono de 2015, da edición das cartas por Alvarellos Editora, o fillo dun preso compañeiro de José Mejuto, que se encontraba entre os asistentes, contounos que o pai levaba na bot, ao saír de prisión, unha das cartas de Mejuto para entregarlla a Alejandra.

recibía, e podían non serlle entregadas de detectarse algo censurábel (Vega Sombria, 2011, p. 115). Por moito que esquivase a censura, Mejuto non se expón nunca, porque o medo a que a familia sufra represalias chama á prudencia, e el érao en alto grao, como estamos vendo. Así, cando escribe, alterna fragmentos de auténtica literatura con indicacións sobre viandas, utensilios que necesita e intercambio de roupas suxas e limpas. O certo é que estas indicacións encabezan sempre as cartas (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 92-93; Carta nº 12 [11/4/1937], desde a Illa de San Simón).

Moitas veces nos preguntamos pola posíbel existencia de mensaxes encriptadas na súa escrita: mensaxes que non irían destinadas só, é de supoñer, a Alejandra, senón aos achegados, ideoloxicamente falando. Seica a aqueles aos que se refire de cando en vez ao mandar recordos (“en general a todos los que se acuerden de mí”), aínda que nese conxunto tamén incluía, con toda a intención, a Vicente Nogueiras e a Marcelino Moldes, que aparentaban portarse como bos cuñados cando lle facían chegar latas de sardiñas da súa fábrica (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 83, 84, 92; Cartas nº 8 [28/3/1937] e nº 12 [11/3/1937], desde a Illa de San Simón).

Hai dous casos que chamaron a nosa atención neste sentido: nunha das cartas nas que fai acusamento de recibo dos comestíbeis, Mejuto menciona a palabra “rabuxo”, que aínda hoxe non logramos identificar. Tras consultar dicionarios e pescudar nomes de establecementos da época e da zona, axudándonos co informante cangués Manuel Caamaño, optamos por relacionar “rabuxo” con “cabuxo” na edición das cartas de 2015. Pero seica se refira ao alcume de alguén, de quen probabelmente recibiron unha mensaxe: “Isla de San Simón, 4 de abril de 1937 (...) Pues he recibido todos los comestibles que me mandaste el jueves, a saber: huevos, rabuxo, dulce de crema de huevo y una botella de leche” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 87).

O segundo caso é máis rechamante. Trátase da carta do 14 de abril de 1937, que coincide co sexto aniversario da proclamación da II República. Mejuto dá conta, outra volta, do recibido na cesta, e ao mencionar o papel de lear tabaco fai un longo excursio que, en principio, non está xustificado. Podería estar advertindo a Alejandra dalgunha persoa perigosa, da que el acaba de librarse. Fala dun tempo pasado —nunca mencionara antes Mejuto ese avó ao que alude agora— e de alguén que estaba encerrado e saía disposto a vingarse:

Por cierto, que me causó mucha gracia el librito de papel. Es de una marca para mí totalmente desconocida: *El cazador*. Por más que hago memoria, no recuerdo haberlo visto nunca. Recuerdo, cuando era niño, que mi abuelo q. e. p. d., usaba la marca *Rey de oros*. Y

era aquela marca de papel, sin disputa alguna, así como veinte veces mejor que esta del *Cazador* —qué malo es el condenado—. Yo creo, sin temor a equivocarme, que aún no había nacido mi pobre abuelo cuando se fabricaba este papel. Por malo lo debieron de encerrar los viejos de aquella época, pero ahora debió de encontrar la puerta de su encierro abierta y sale enfurecido, dispuesto a vengarse en nuestras gargantas. Claro está que tú no tienes la culpa, pero para que no te cojan desprevenida, por eso te digo que no compres más. Mira si será malo, que el primer cigarrillo que lié con él gasté media caja de cerillas, y cuando aún no tenía la mitad fumado, si no tiro con él, a estas horas no cuento el cuento. Dirás: ¿Por qué? Pues porque me quedo sin mandíbulas de tanto chupar. ¡Qué sudores me entraron! Te aseguro, *Cazador*, que a mí no me pescas más. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 97; data orixinal 14/4/1937)

### Prisioneiro no cárcere de Pontevedra

Por último, Mejuto accede á categoría de *penado* cando, tras ser encartado na devandita peza separada da causa contra o xa fusilado Agustín Jorge Echeverri, recibe a sentenza de morte o 12 de maio, nun Consello de Guerra con 22 acusados de rebelión militar, todos de Cangas ou relacionados con esta vila<sup>25</sup> (AA.VV., 1936 e ss., p. 131v).

O fiscal pediu cadea perpetua para Mejuto e catorce máis. Para un acusado coa atenuante de minoría de idade, Evaristo Dobarro Landín, pediu reclusión temporal. E para outros cinco, solicitou a pena de morte: José Gallego Nogueira, José Meis Martínez, Germán Chapela Leiro, Ángel Martínez Fandiño e Agustín Sanjuán Sansinenea (AA.VV., 1936 e ss., p. 251).

Mentres deliberaba o xurado, Mejuto consolaba a un deses cinco —podía ser Germán Chapela ou Ángel Martínez Fandiño—, sen saber que no fallo final, quen resultaría condenado a morte sería el mesmo, mentres librarían dela o compañeiro ao que consolaba e outro máis (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 175). O mesmo que a Mejuto pasoulle a Antonio Fernández Fernández. En cambio, Germán Chapela Leiro quedaría con cadea perpetua e Ángel Martínez Fandiño, *Gatorroxo*, mariñeiro e armador desde 1936, sería absolto. Tamén había absolución para o labrego Ramón Costas Otero; e cadea perpetua para Joaquín Nores Rodríguez e Serafín Gómez González, *Canas*.

---

<sup>25</sup> Finalmente serían 21 os xulgados, pois un dos reos, Estanislao Rodal, *Remendo no Cu*, fora sentenciado a morte con anterioridade (AA.VV., 1936 e ss., p. 185).

O reo menor de idade foi condenado a seis anos e un día de prisión. O resto, rapaces que se achegaban aos vinte anos, debían cumprir penas de reclusión de 12 anos e un día (AA.VV., 1936 e ss., pp. 251, 251v, 252).

Despois do fallo do tribunal, os condenados a morte quedan no cárcere de Pontevedra, no edificio que actualmente é sede da Audiencia Provincial. Nos primeiros momentos, Mejuto trata de lograr a derradeira táboa de salvación, que é “la gracia de indulto” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 102; Carta nº 14 [s. d.]). Faino, como o fan pola súa conta tamén José Gallego e José Meis, procurando a intermediación da Igrexa, pois disque o bispo de Santiago de Compostela é quen de conseguilo. Daquela, fai que Alejandra pida axuda ao irmán Vicente. Tras redactarlle á muller un telegrama para el, compón a carta de petición de indulto ao goberno de Burgos e, para acompañala, copia literalmente os documentos probatorios da súa inocencia. O único que obtén como resposta é o silencio e a soidade na que a muller viaxa en van a Burgos para intentar entregarlle ao ditador a solicitud.

Alejandra pasa a maior parte do tempo hospedada na casa doutra das primas e medio irmás do marido, Saladina, na rúa Manuel Quiroga de Pontevedra. Despois regresará a Cangas a ocuparse do resto da familia, e no coche de liña fará as viaxes até o cárcere para visitar a José. Este, consciente da inutilidade dos últimos esforzos, queda a agardar a execución da sentenza. Non lles din cando, pero coidan que será inminente. O caso é que a morte tarda en chegar e estará Mejuto, cos demais, dous meses e medio esperando por ela, contendo a desesperación coa dignidade de que veu facendo gala desde que perdeu a liberdade.

As cartas que redacta neste cárcere son moi distintas ás de Vigo e San Simón, tanto polo contido como pola forma. Primeiro escribe auténticos documentos que, baixo a aparencia de cartas de despedida a Alejandra, a Josefa, a Carmen e aos catro fillos, respectivamente, constitúen o seu testamento. A herdanza que lles deixa é o amor que sente por cada un deles, pero tamén a verdade do que aconteceu: non só a el e aos compañeiros de desgraza, senón a España toda. Tamén lles deixa ás mulleres unha serie de encargos, especialmente a Alejandra, para que non se separen nunca e saiban resistir os embates que con toda seguridade sufrirán. Mejuto sabe que esta é tamén unha guerra de clases. Morto el, os seus inimigos —cobizosos patróns conserveiros, armadores, xente de Igrexa e pesos fortes da Falanxe— tentarán arrincar a Alejandra do grupo familiar que un obreiro metalúrxico intelixente e culto, pero obreiro á fin e ao cabo, creou, aspirando a escalar postos na estrutura social canguesa sen deixar de ser o que sempre foi.

Como o tempo se prolonga, Mejuto escribe un longo discurso a prol da súa inocencia para que os fillos o lean cando maiores e comprendan que seu pai non cometeu delito ningún para acabar así. Por último, o condenado a morte afúndese nunha longa relación autobiográfica, con carácter didáctico, para que os seus comprendan ben a historia de quen está a sufrir a represión na retagarda dunha cruel Guerra Civil, aínda de final incerto.

Podemos aventurar que estas cartas irían ser entregadas á familia axiña lle comunicasen o momento de ser levado ao paredón, pois redáctanse sen pausa, aínda que facendo constar a sucesión de datas. Non sabemos como logrou facelas chegar a Alejandra. A este respecto, cómpre indicar que a derradeira carta que se coñece e que leva data do 6 de xullo, está interrompida xusto despois de revelar aos fillos os nomes dos verdugos. O relato parece que acaba aquí, pero hai unha indicación na última folla sobre que a escritura continúa nun sobre adxunto. Ese sobre nunca apareceu.

O silencio dos dez días posteriores, antes do fusilamento o 27 de xullo, seica se deba a un castigo por ser descuberto escribindo sen someterse ás regras. Tampouco non sabemos de certo se houbo realmente silencio, porque as causas poderían ser outras: un dos fillos, Manuel Mejuto Nogueiras, que nas viaxes que fixo a Cangas a principios do s. XXI estivo en contacto con membros activos na recuperación da memoria histórica dos presos de San Simón, parece ser que tempo antes destruíra algunha polo insoportábel sufrimento que lle causaba. Polo momento, todo queda en conxecturas.

O interesante é que na longa serie de cartas derradeiras, Mejuto rompe as barreiras da autocensura e, mesmo, unha boa parte da discreción que até ese momento se viña autoimponendo. Non só se desafoga no discurso de defensa e no relato autobiográfico —compartido con Alejandra e Carmela—. Tamén rompe esa barreira falando, en tempo presente, dos seus sentimentos no cárcere nos últimos días.

Cando Alejandra vai visitalo, algunhas veces cunha das fillas máis vellas, o carcereiro ten un xesto de humanidade e abre a reixa para que a nena poida estar no colo do pai durante o breve tempo da conversa. Despois, José Mejuto toma a pluma para recrear as escenas da visita e, horas máis tarde, do paso por debaixo das fiestras da muller coa filla con acenos e palabras de despedida. Escribe, inmediatamente despois, que cando estaba mirándoas desde a ventá, disimulaba cun sorriso forzado o inferno que o queimaba por dentro.

As fiestras e o que a través delas pode ver o prisioneiro, son un motivo repetido na escritura epistolar de Mejuto. Xa vimos a descrición da tobeira enmallada de ferro de Vigo, que contrastaba coa ledicia de asomarse ás vidreiras para ver amanecer desde San Simón. Agora, a fiestra está no alto,

como no castelo kafkiano. Abaixo, o espectáculo que ofrece o rebulir da vida na rúa magóao fondamente ao fitar tan de preto a morte:

Yo le enviaba besos por el aire y le saludaba también con la mano, y procuraba sonreírme más, para ocultar la emoción. Cuando ya ibais doblando la esquina de la cárcel, percibí nuevamente la voz de Finita, que me decía: “Vamos ligeras para coger el auto de Cangas, adiós”.

Tan pronto os perdí de vista, me retiré de la ventana, y no pudiendo contener por más tiempo mi emoción, me oculté cuanto pude de las miradas de los demás compañeros y di rienda suelta a mis lágrimas. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 155; data orixinal 2/7/1937)

Polo cárcere, malia estar en celas especiais, había unha trafega constante de presos camiño do consello de guerra ou de volta del; ou ben recalando alí antes do traslado a outro presidio. Mejuto non está só, mesmo volve facer uso das súas habilidades compoñendo un xadrez de papel para xogar cos compañeiros:

¿Te acuerdas, Alejandra, del cartón que le mandé pedir el otro día a Saladina? Pues era para eso, para el tablero. Como no sé debido a qué causa no lo recibí, pues hice uno con un papel grande, cuadrado, que apareció por aquí.

Bueno, voy a jugar la partida que mi contrincante ya me está llamando. Hasta mañana. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 153; data orixinal 30/6/1937)

Na mesma carta conta como se despide dun grupo de prisioneiros que van ser levados á illa de San Simón, felices porque *tan só lles caeu cadea perpetua*: “Unos abrazos de despedida. Un adiós acompañado con un *buena suerte*. Un saludo para los amigos que tengo en la isla de San Simón pone fin a esta despedida, triste para unos, alegre para otros” (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 152; data orixinal 30/6/1937).

Do grupo de condenados, logra salvarse da morte o santanderino Agustín Sanjuán Sansinenea, mecánico e condutor de autos de liña nunha empresa de Marín. O 26 de xullo, véspera do fusilamento, comunícanlle que a súa pena é conmutada pola cadea perpetua (en 1944, quedará reducida a seis anos de prisión) (AA.VV., 1936 e ss., p. 257).

Deste xeito, foron catro as persoas fusiladas na madrugada do 27 de xullo na Avenida de Buenos Aires de Pontevedra: José Meis Martínez (1890-1937), nado en Sanxenxo e mestre no Seixo, Marín, que fora detido en Santa Cristina de Cobres, xunto con Víctor Sánchez Mártel. Antonio Fernández Fernández, *Pavito* (1904-1937), albanel de Darbo, do Sindicato de Oficios Varios e encartado desde o 31 de xullo; José Gallego Nogueira, *o Neno de Camiña* (1904-1937), nado en Aldán, follalateiro e membro do Sindicato da Solidaridad Marinera, que foi detido o 31 de outubro. E José Mejuto (1906-1937), mecánico naval, antigo delegado sindical da UGT.

### Nota final

Non se pode negar que a escrita de Mejuto posúe un estilo peculiar, de difícil parangón entre as cartas coñecidas de presos, mesmo as de auténticos intelectuais (Alonso Montero, 2009; Krivopissko, 2009). Con ese estilo é quen de transmitir as distintas fases do ánimo dun preso franquista que primeiro ten valor e esperanza, porque cre na xustiza entendida como persistencia da legalidade republicana e das leis internacionais. Mesmo sabe alimentarse de optimismo a forza de escritura e soños que o levan á liberdade que acaban de arrebatarlle. Descoñece as primeiras semanas o que vai sabendo a medida que pasa dun cárcere a outro: que a realidade española xa é outra, que unha ditadura está callando e estendéndose coma unha mancha de aceite. Que “España es una inmensa prisión”, como escribiría anos despois en *Las soledades del muro* o poeta Marcos Ana, o preso que máis anos sufriu os cárceres franquistas. Que a República non se vai recuperar e, no seu lugar, o Franquismo invadirá todo até facer imposible a vida dos seus fillos no país.



## Cartas de amor entre os crimes

Aunque bajo la tierra  
mi amante cuerpo esté,  
escribeme a la tierra,  
que yo te escribiré.

Miguel Hernández, "Carta".

*Mil veces al día me acuerdo de vosotros todos. Yo estoy aquí privado de libertad y alejado de vosotros, pero mi pensamiento está siempre a vuestro lado. A este no hay fuerza humana capaz de privarlo de libertad, a donde quiera que me lleven, mi pensamiento traspasará los muros* (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 81; data orixinal 22/5/1937).

Os relatos son como espellos. Vemos a través deles. O mundo enteiro cabe nun relato. Nas profundidades das letras *somos* esas historias. As palabras gardan as memorias dende a nora de todos os tempos. Crean universos. Interpretan os sucesos. Como se narra unha guerra? Cando eu era nena non sospeitaba que a miña propia familia a vivira. Que o meu avó a deixaría escrita nas súas cartas. Que deixaría pegadas para sempre.

Todo o que aquí se conta aconteceu.

En España, en xullo de 1936, houbo un golpe de Estado contra o lexítimo goberno da Segunda República. Un xeneral de nome Francisco Franco encabezou o alzamento militar. Ese home, xunto aos grupos de apoio que representaba, dispúxose a aniquilar o dereito á liberdade, á expresión e á vida de mulleres, homes e nenos. Culpábeis de pensar, de reclamar unha vida digna, ou de nada. Os sublevados non conseguiron rapidamente o seu obxectivo. Sanguentos enfrontamentos sacudiron a poboación. Iniciouse a guerra en varias cidades españolas. Galiza quedou rapidamente sometida ao dominio das tropas sublevadas. Dende ese día, comezou unha vaga de terror sen precedentes. Alí non houbo fronte de batalla. Alí houbo unha represión sen igual. O meu avó relátallelo aos seus fillos:

Día 3 de julio

Galicia quedó en pocos días sometida y por consiguiente fueron destituidas todas las autoridades del Frente Popular y encarceladas siendo más tarde la mayoría de ellas condenadas a muerte. Desde aquel momento la libertad y la vida de las personas quedó a merced de

los que en los pueblos y aldeas tenían influencia en la nueva situación creada, los cuales, aprovechando su situación de privilegio, vieron llegar la hora de ejercer contra las personas que ellos quisieron las más ruines venganzas personales y así ocurría y está ocurriendo aún, que bastaba la más insignificante denuncia falsa para que inmediatamente fuera encarcelada y procesada cualquier persona (...) detenían a sus víctimas y las asesinaban durante las noches dejando los cadáveres tirados por las carreteras y cuando por la mañana las gentes pasaban se hallaban horrorizadas con aquellos macabros espectáculos. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 157)

O meu avó naceu en marzo de 1906 en Coiro, Cangas do Morrazo (Pontevedra). Cando tiña tres anos faleceu o seu pai. A súa nai contraeu segundas nupcias seis anos despois, e desa unión nacería Carmela, a súa irmá. A familia era humilde, a súa nai non sabía ler nin escribir. José era un mozo intelixente, con inquietudes intelectuais e sociais. Sensíbel á desigualdade e á pobreza, bregaba por un mundo máis xusto. Cando tiña dezaioito anos, morreu o seu *segundo pai*. Buscou un emprego para manter a familia. Saía do traballo e, con apuro, entraba na Escola Industrial de Vigo, onde se graduou como mecánico.

A miña avoa, Alejandra Nogueiras Lagoa, naceu en Cangas do Morrazo en febreiro de 1904. Se ben o seu pai amasara unha fortuna, o único que vivía con privilexios era o fillo varón, Vicente. Ingresou ao sacerdocio pero non chegou a ser cura. As catro fillas mulleres debían traballar para gañar o seu sustento. Alejandra era unha moza laboriosa e alegre.

Unha tarde do ano 1929, os meus avós coñecéronse por casualidade. El viaxou de Vigo a Cangas. Entrou á panadaría onde Alejandra traballaba. Como adoita suceder nos grandes amores, miráronse e souberon que eran o un para o outro. Un ano máis tarde, un día de novembro, casaron na igrexa do Hío, en Cangas.

Os meus avós, xunto con Josefa, a nai del e Carmela, a súa irmá, foron vivir xuntos a Vigo. Alí naceron as dúas primeiras fillas, Isabel, Ita, e Josefa, Fina.

Dende había un tempo, o meu avó tiña unha ilusión: montar un taller mecánico para reparar barcos. Esta idea víñalle dando voltas na cabeza, por iso buscaba un lugar para instalalo. En Cangas, Alejandra herdara tres terreos dos seus defuntos pais. Nun deles, prepararían o taller. Marcharon no ano 1935 a Cangas. Alejandra tiña as súas irmás vivindo alí. Na Retirosa, outro dos terreos herdados, os meus avós plantaron árbores froiteiras. Amaban ese lugar. O meu avó noméaos varias veces nas súas cartas:

Día 16 de julio de 1937

Os diré de paso, hijos míos, que yo era un enamorado del campo. En esa finca de “Retirosa” planté por mi propia mano numerosos árboles frutales con la esperanza de que algún día sirviesen para recreo y solaz vuestro... En verano, a la sombra de aquellos árboles, he jugado muchísimas veces con vosotros y cogido, con gran contento vuestro, los sabrosos frutos que hacían vuestra delicia. Yo gozaba en veros felices y contentos. En cada árbol de aquellos ved un recuerdo mío. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 172)

Nunha viaxe que fixen hai uns anos a Cangas, entrei nesa casa da Retirosa. A propietaria convidoume a ver as árbores. Seguían con vida. Abraceime a elas como quen abraza a memoria dun familiar.

En Cangas, naceron Fernando e Manuel, o meu pai. Así quedaría conformada a familia.

Con catro fillos.

A vida de todos daría unha viraxe —para sempre— a partir de 1936. A miña familia sería testemuña e protagonista dos sucesos máis dolorosos que xamais puidera imaxinar.

Un dos primeiros traballos que recibiu José no seu taller foi a reparación do motor dun barco de pesca. O propietario era o pai dun cuñado, marido dunha das irmás de Alejanda. Cando o barco estivo reparado, ese home negouse a pagar os materiais e o traballo. “Esa fue nuestra perdición” [“Esa foi a nosa perdición”], díxome a miña avoa anos máis tarde.

O meu avó endebedárase coa compra dos materiais para ese labor. Eran tempos de premas económicas. Reclamoulle o diñeiro en varias ocasións. Pasado o tempo, consultou cun procurador para facer a correspondente reclamación a través do xulgado.

Esta débeda converteuno nunha das miles de persoas que, por vinganzas persoais, foron acusadas con denuncias falsas fronte ás autoridades do réxime. Procesados e máis tarde asasinados.

“Todos en el pueblo sabían qué clase de familia era esa”, dicía Alejandra [“Todos na vila sabían que clase de familia era esa”].

Os debedores ameazárono de morte. Nunha das súas últimas cartas, José escribiu que unha noite o quixeron levar e que se non se chega a interpoñer unha persoa, esa mesma noite matábano. Eran falanxistas da primeira hora. Dispoñían da vida de calquera persoa con total *liberdade*. En Cangas, a algúns dos integrantes desta familia, de apelido Moldes, lémbraunos como pistoleiros, asasinados sen escrúpulos. Así quedou escrito en varios libros: “Estes

asasinatos empezaron a ser xa sistemáticos, requintados, feitos por persoas que ocuparon lugares destacados na Falanxe, entre os que se destacaron case tódolos irmáns Moldes e algúns Pesqueites” (Santos Castroviejo & Nores Soliño, 2005, p. 715).

Alejandra, temendo o peor, rogoulle á súa irmá, muller dun dos que ameazara o meu avó, que intercedese no conflito. Ela non ía facer nada. Era unha férrea defensora do réxime. Un familiar contoume que esa muller irrompía na casa de parentes e veciños para observar se había actividades en favor da República ou actitudes sospeitosas en contra do réxime franquista. Era unha delatora. Esa actitude alentábase dende o Estado e amparábase dende o poder político. Considerábase un acto patriótico. Unha vez viu a miña avoa usando unha chaqueta de cor vermella. Abalanzouse contra ela. Querendo sacarlle, guindou a Alejandra ao chan mentres lle gritaba: “¡Roja! ¡Roja!” [“Roxa!, roxa!”].

Algunhas das historias que a miña avoa me contaba atopeinas escritas, moitos anos máis tarde, en libros de historia. Achei neles a súa boa amiga, a Sra. Lola Rodal Blanco, que foi torturada e case asasinada porque o seu fillo fuxira antes de que o detivesen. Achei historias de veciños e parentes. Grande foi a miña emoción ao encontrala tamén a ela neste relato:

... la mujer de José Mejuto le fue a suplicar a su cuñado que salvara a su marido. Estaban enojados por causa de un capital (un dinero...). A pesar de todo, ella le fue a suplicar de rodillas que salvara a su hombre. ¡Tengo cuatro hijos!, ¿qué voy a hacer sin él? Marcelino Moldes le escupió en la cara. Y Vicente, el cura, que era hermano de ella, tampoco hizo nada por salvarlo. (Santos Castroviejo & Nores Soliño, 2005, p. 729)

A partir da ameaza de morte, o meu avó viaxaba a Teis, en Vigo, para pasar a noite na casa duns primos. Era durante esas horas cando os asasinados sacaban as vítimas dos seus fogares. Quixo o destino que, estando o meu avó na casa dos seus primos, bateran na porta: “¡Abran, la autoridad!” [“Abran, a autoridade!”], gritaron os gardas. Eran as seis da mañá do 20 de setembro de 1936.

Tiñan ordes de rexistrar as casas e deter as persoas con *los nombres* que figuraban nunha lista. O meu avó non aparecía nela. Non obstante, detivérono igual. Levárono ao cuartel da Garda Civil. Querían indagar nos seus antecedentes. E así o fixeron. Pediron por teléfono os informes ao cuartel da Garda Civil de Cangas. Nese lugar non sabían nada del. Non o coñecían.

Había moi pouco tempo que vivía alí. Recorreron aos seus parentes para que desen información. E, entón, a fatalidade quixo que os falanxistas parentes do meu avó tivesen a súa oportunidade para vingarse.

Cando o levaban detido en Vigo, José pediulle á súa prima que fose a Cangas e avisase a Alejandra do que estaba ocorrendo. Ela, inmediatamente, xunto a Carmela viaxou a Vigo. Entrada a tarde, Alejandra volveu a Cangas confiando que pola noite estarían todos reunidos. Carmela quedou, coa intención de volver con José a Cangas unha vez que o liberasen. José pediulle a Alejandra que marchase tranquila e que fose ao cuartel da Garda Civil para pedir que mandasen o antes posíbel os informes.

O meu avó estaba tranquilo. Non cometera ningún delito, non tiña antecedentes penais. Ese momento, en que o garda lle dixo que os informes sobre el eran negativos, ficou testemuñado na seguinte carta dirixida aos seus fillos:

Día 3 de julio de 1937

Las horas iban pasando sin que se viese resolución alguna. Mientras tanto ya se habían llevado de allí a los demás detenidos, quedaba yo solo. Llegó la noche, por fin me llamaron y me sacaron fuera del local conduciéndome otra vez al cuartelillo donde había estado por la mañana. Una vez allí me dijo el cabo que acababan de darle en ese momento desde Cangas los informes que de mí había pedido y que éstos eran poco satisfactorios y que por lo tanto se veía en la necesidad de detenerme (...). Ya en la carretera, y de noche cerrada, vuestra tía nos seguía sollozando. Aquellos sollozos me partían el alma de dolor. Los guardias, compadecidos sin duda de ella, la permitieron que se cogiese de mi brazo y de esta forma fuimos hasta la parada del tranvía de Los Caños". (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 161-162)

Encerrárono no Frontón de Vigo. O meu avó deixou escrito o que sentiu cando, por primeira vez, en toda a súa vida, perdía a liberdade.

Esa mesma noite, Carmela mandoulle un colchón e a cea. José deulles a cea aos compañeiros de infortunio. Non podía tragar un bocado. Pasou a noite esperto, esperando a que se fixese de día.

A partir de entón, Alejandra, Josefa e Carmela dispuxeron a súa vida para atendelo. Non só para levarlle roupa limpa, comida, tinta e papel para as súas cartas e asistir ás visitas nos cárceres, senón tamén para realizar todo tipo de xestións para liberalo. Facían grandes sacrificios económicos para alimentar os fillos e viaxar aos cárceres onde o ían trasladando.

A súa primeira carta escribiuna dende o Frontón de Vigo. Confiaba en que axiña saíría en liberdade.

Día 3 de outubro de 1936

Como una cinta interminable van desfilando por mis sentidos las gratas horas vividas con vuestra compañía, con nuestros hijos, amores de mis amores. También yo me doy cuenta lo mucho que vosotros sufriréis por no tenerme a vuestro lado. Mas no tener pena, pues como mi conciencia está tranquila de que ningún delito he cometido, confío en que pronto estareé en libertad para consagrarme como siempre a nuestro hogar... (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 69)

Vigo, 3 de Octubre de 1936.

Grā. Dama. Alejandra Vaqueiras  
Cangas.

Querida esposa: Sabiendo como sabes cuanto es quere, ya sabes comprender mi sufrimiento por no poder estar con vosotros y compartir como siempre nuestra vida en el hogar.

Como una cinta interminable van desfilando por mis sentidos las gratas horas vividas en vuestra compañía, con nuestros hijos amores de mis amores. También yo me doy cuenta lo mucho que vosotros sufriréis por no tenerme a vuestro lado, mas no tener pena, pues como mi conciencia está tranquila de que ningún delito he cometido, confío, en que pronto estareé en libertad para consagrarme como siempre a nuestro hogar.

Al día siguiente de estar tu aquí vino Vicente <sup>homenaje</sup> a visitarme. No encuentro palabras adecuadas para expresarte mi agradecimiento y ante la imposibilidad material de abrazarlo, dale uno de mi parte y sentireé la satisfacción espiritual como si fuese yo mismo quien lo hiciere, pues el cuerpo podrá estar ausente de los seres queridos mas el alma marcha siempre a unirse con ellos.

Primeira carta conservada do preso José Mejuto Bernárdez.

Carmela instalouse na casa dun familiar. Todos os días lle levaba comida e roupa limpa. Ao pouco tempo, o meu avó trasladárono á Illa de San Simón. Illa transformada en cárcere.

Escribe varias cartas dende alí:

Desde el mes de septiembre, en que fui detenido, mis ojos raramente vieron el sol, y mis pulmones no respiraron más que aire viciado e impuro en las celdas de las cárceles, así que al llegar a aquella isla respiraba aquel aire puro mezclado con el aroma fuerte del mar, como el hambriento que lleva muchos días sin comer y, de pronto, se ve ante una mesa servida con abundantes y ricos manjares. Mi vista, acostumbrada a ver nada más que muros y barrotes de hierro, contemplaba extasiada el inmenso y bello paisaje que desde allí se divisaba. Y, pronto, todo esto fue haciendo renacer en mi alma el optimismo y la esperanza. (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 173-174; data orixinal 16/7/1937)

Ningún deles era consciente da gravidade que se ía entretecendo entre as sombras do expediente. Ningún deles sabía os verdadeiros motivos polos que estaba preso.

A maioría non coñecía os cargos, xa que non cometeran delitos.

Escríbelle a Alejandra dende San Simón:

Día 15 de marzo de 1937

Por cierto que el tiempo está tan malo que poco invita a pasear por fuera. No obstante, hay un paseo aquí poblado por dos hileras de mirtos a ambos lados que subiendo sus ramas a una altura de cuatro o cinco metros se entrelazan entre sí formando una bóveda que apenas permite pasar la lluvia. Por él acostumbro a pasear yo aun en los días de lluvia y viento, solo, para poder así entregarme a recordar las dulces horas vividas contigo, con mamá, con Carmen y con nuestros cuatro peques. Como la primavera se acerca, se va poblando el bosque de pájaros, que con su algarabía contribuyen a poner una nota alegre en medio de esta tristeza. Sus trinos son cantos de amor y de libertad. Te voy a contar, o mejor dicho, os voy a contar una cosa que me pasa aunque os riais de mí tildándome de tener pensamientos de niño. Pero, ¡ay!, mi amada Alejandra, es tan grande la necesidad que tengo de expansionar mi espíritu con los seres que amo en el mundo, que no puedo dejar de contártelo. Ahí va en pocas palabras: todas las mañanas y tardes, cuando paseo solo por debajo de los mirtos de que te he hablado, veo dos mirlos, macho y hembra, que cantando alegremente, construyen un nido que he descubierto. Entonces, me oculto para dejarlos trabajar y amarse mutuamente y mientras tanto

los contemplo con una mezcla de profunda tristeza y alegría a la vez. Y, ¿sabes por qué?, porque me acuerdo de nuestro idilio amoroso, que día a día íbamos tejiendo al igual que esos mirlos el nido de nuestro hogar amoroso. Ha querido el destino que se interrumpiese nuestra felicidad privándome de la libertad, pero tengo fe de que algún día sea libre para poder reconstruir nuestro nido deshecho momentáneamente.

Ahora, Alejandra, cuando veas dos mirlos u otros pájaros como yo los veo a éstos, acuérdate, acuérdate, Alejandra, que te ama

Tu Pepe. (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 76-77)

Os días pasaban, agravando a súa situación. Mentres tanto, eles acañaban a idea de volver encontrarse no seu fogar. No expediente escribíanse outras cousas.

O expediente da causa contra o meu avó está, no presente, no Arquivo Intermedio Militar Noroeste, en Ferrol. A causa leva o número 790/36. Nela, contra José Mejuto Bernárdez ábrese unha peza derivada a partir de xaneiro de 1937. Accedemos a el e fotografamos os centos de páxinas que o compoñen. Ler un expediente e coñecer a mecánica que operaba nestes xuízos é internarse nunha maraña de follas, declaracións e testemuñas. É adentrarse nas emocións máis intensas de repulsión, impotencia e desgarradora tristeza. Resulta *obsceno* lelo. Non hai filtro: claramente enténdese como xuíces militares, fiscais, defensores, testemuñas de cargo, delatores..., levan a cabo crimes impunemente contra persoas que non cometeron ningún delito. As máis horrendas e perversas persecucións sucédense folla a folla. Os expedientes son os testemuños históricos. Quedou documentado, firmado e selado o horror condensado en folios de tinta negra. Tinta de morte.

Alí aparece escrita a denuncia falsa que contra el fixeron tres gardas municipais de Cangas. Nin o coñecían. Estes mesmos gardas municipais aparecen declarando en contra doutras persoas. Bastou con que dixesen que o “viran” os días 19 e 20 de xullo de 1936 no Concello “opoiéndose ao Movemento Nacional”, para que esa *denuncia* se convertese nunha acusación firme. Bastou que dixesen que o “viran” para procesalo nun xuízo militar. A vida do meu avó deixou de ter valor o día que o detiveron.

Ademais desa denuncia, foi acusado doutros cargos. Os meus avós presentaron testemuños e documentos que probaron a falsidade de cada unha das acusacións. Todas as probas demostraron a súa inocencia fronte a estes cargos e á falsidade dos mesmos.

Segundo consta no expediente, o propio defensor, un alférez de artillería de nome Juan Astor García de Medrano (escollido polo meu avó entre os

militares impostos como defensores), dixo no momento de elevar á Corte o seu veredicto:

... en los folios sumariales del 130 al 136 hay abundante prueba testifical que demuestra de una forma terminante que este acusado es totalmente inocente de los hechos que se le atribuyen (...). **Los informes no han concretado un solo hecho punible en contra del acusado** ... no puede ser objeto de una sanción tan grave ni puede dar lugar a que el Ministerio le califique de haber cometido un delito de rebelión militar con agravante de perversidad. (AA.VV., 1936 e ss., p. 245)

O fiscal militar, nese xuízo, pediu a pena de morte para algúns dos acusados que estaban a ser xulgados con José. Para o resto, entre os que se encontraba o meu avó, pediu a reclusión perpetua.

José escribiu unha carta dirixida aos seus fillos:

... he de señalaros que durante la vista del juicio, el fiscal, en sus conclusiones definitivas, solicitó seis penas de muerte<sup>1</sup>; y para los quince restantes, reclusión perpetua. Entre estas penas de reclusión perpetua figuraba yo, así que para mí no pidió el fiscal pena de muerte. Sin embargo, el tribunal en la deliberación acordó elevarme a mí la pena de reclusión perpetua, que era la petición final, a pena de muerte; y a dos de los que el fiscal pedía la pena de muerte, acordó el tribunal: a uno, absolverlo; y al otro, rebajarle la pena a reclusión perpetua.

A las seis de la tarde terminó el juicio y nos trajeron a todos nuevamente para la cárcel. Mientras tanto, el tribunal quedaba deliberando, así que no se conocía aún la sentencia.

Ya en la cárcel, uno de los compañeros para el cual el fiscal pidiera la pena de muerte, lloraba amargamente. Yo, que siempre he sido tan sensible al dolor ajeno, le dirigía palabras llenas de consuelo y de esperanza, diciéndole que el tribunal quedaba deliberando y que sin duda alguna había de rebajar las penas pedidas por el fiscal. ¡Oh, paradoja! Eran las diez de la noche cuando vino el juez, y los defensores, a la cárcel a comunicar la sentencia del tribunal. Aquel compañero al que yo consolaba se salva de la pena de muerte y a mí me condenan a ella. (Mejuto Bernárdez, 2015, pp. 175-176; data orixinal 16/7/1937)

O tribunal, logo de escoitar o defensor e o fiscal, quedou reunido en segredo. Horas despois ditou a sentenza firme. Nesa deliberación, sen atender ás

---

<sup>1</sup> Posíbel lapsus, pois segundo o Expediente, como xa se indicou, foron cinco as penas capitais solicitadas polo fiscal.

probas e ao pedido do defensor e do fiscal, condenaron a morte o meu avó. O tribunal sentenciouno por “delito de rebelión militar”. Escribiron no expediente: “Aún fallamos que debemos condenar y condenamos a los procesados (...) y José Mejuto Bernárdez a la pena de muerte” (AA.VV., 1936 e ss., p. 251).

Sabendo que as horas de vida son contadas, a miña avoa, desesperada, comezou a buscar axuda por todos lados. Viaxou a Burgos coa esperanza de conseguir o indulto de Franco. Tiña as probas da inocencia do seu marido. Levaba todo por escrito. O valado de ferro impediulle sequera que puidese achegarse á porta. Os gardas nin a miraron. Alejandra esperou e berrou. Necesitaba ver a Franco. Contarlle que condenaran inxustamente o seu marido. Que o ían matar.

Buscou a axuda do seu irmán Vicente. El podía conseguir o indulto, pola súa posición próxima ao poder eclesiástico. Era un home adañeirado e tiña contacto cos falanxistas.

Vicente respondeulle: “Si algo ha hecho tu marido, que lo pague” [“Se algo fixo o teu home, que o pague”].

José continuou escribindo. Sabía que os seus días estaban contados. “Estoy esperando a que un día —¿cuándo?— me digan: Salga usted, que le vamos a matar”, escribía nunha carta.

Estivo escribindo até o 16 de xullo, vencendo o desalento. Mesmo tratou de presentar racionalmente o que estaba a pasar perante os ollos dos fillos:

Día 3 de julio.

Hijos míos: a veces pienso, y con razón, que cuando lleguéis a mayores, y penséis y discurráis por cuenta propia, os preguntaréis: ¿qué delito habrá cometido nuestro padre para que le hayan condenado a tan terrible condena como es la *pena de muerte*? Cuando a esa edad hayáis llegado, ya estarán consignados en la historia estos episodios trágicos que ensangrientan a España en estos momentos; y en ella podréis leerlos, mucho mejor explicados de lo que yo puedo hacerlo. Pero, no obstante, voy a daros una ligerísima idea para que sepáis por qué vuestro padre ha llegado a este triste fin. (...)

Me propongo, hijos míos, presentaros estos hechos de una manera objetiva, es decir, sin poner de mi parte comentario alguno. Pues, como os decía antes, cuando seáis mayores, ya estarán consignados en la historia todos, absolutamente todos los hechos ocurridos en esta turbulenta época. (Mejuto, 2015, pp. 155-156)

Fusilárono o 27 de xullo de 1937 ás cinco e media da madrugada. Puiden ver no expediente como foi o momento previo e o posterior á execución.

Executárono no quilómetro 0 da avenida de Bos Aires —presaxio do destino familiar—. Tal e como consta no expediente, o pelotón de fusilamento desfilou fronte aos mortos. E berrou: “¡Viva España!”.

No certificado de defunción figurou como causa da morte: “Hemorragia interna” [“Hemorraxia interna”].

Os familiares dos presos non sabían en que momento os ían matar. De feito, á miña avoa dixéronllo cando José xa estaba enterrado.

Enterrárono sen nome no cemiterio de San Mauro, en Pontevedra. Colocaron a chapa, que colgaran do seu pescozo co número de preso inscrito, suspendida do gancho dunha estaca de ferro. Cravada sobre a sepultura. Aquele cemiterio poboouse de presos mortos. Ao soprar o vento, as chapas golpeaban incesantemente contra o gancho e o ferro. Un tintinar agudo, insistente, inundaba o cemiterio. A miña tía Isabel, que nese momento tiña seis anos, ía coa súa nai levarlle flores ao pai ao cemiterio. Foi ela quen mo contou. Ao facelo, instintivamente encolleuse de ombros e levou as mans aos ouvidos. Ese xesto involuntario impactoume. Entendín que as lembranzas non só están na mente. Lévanse ancoradas no corpo.

Cando chegou o momento de sacar os ósos da terra, Isabel acompañou a súa nai. Contoume que Alejandra bicaba os ósos, un por un, antes de poñelos nunha caixiña.

A miña avoa deixou os restos do seu marido no cemiterio de San Mauro. A súa grande amiga, Josefina Arruti Viaño, ofreceulle o panteón familiar. O meu avó descansou dende entón alí, sen nome nin sinais particulares. Josefina, muller solidaria, vivía tamén en carnes propias a represión, xunto cos seus fillos. Na actualidade, unha rúa de Pontevedra leva o nome desta gran muller.

Non hai palabras que poidan expresar *el desgarr*o familiar que seguiu á execución de José. Carmela contoume, moitos anos despois, que ela e Alejandra estaban desesperadas. Un día colléronse da man e asomáronse a unha pena coa intención de saltar. Esa escena resumía o límite que excedía as súas forzas.

Ninguén volveu falar de José, só dentro da súa casa podían choralo.

Os fillos seguían indo á escola. Tiñan que cantar o *Cara al Sol* e ir á misa. Se non, castigábanos. Alejandra quedou á fronte do traballo da terra na Retirosa. Algunhas veces chamaba un labrador e, xunto aos seus fillos, sementaba millo e cabazos. Gardaba as espigas de millo no hórreo e vendíaaas como alimento para o gando. Levaba o gran ao muíño para facer fariña e despois pan. A miña avoa dáballo xeito á fariña porque traballara varios anos na panadaría.

Alejandra e Carmela seguían cruzándose cos implicados na morte de José. Tamén cos gardas municipais que fixeran as denuncias falsas.

El cuñado de mi madre —contábame Isabel— no perdió el tiempo y vino inmediatamente a llevarse el torno y las herramientas de mi papá, que estaban en la bodega de la casa del Forte. Mi madre, que tenía un coraje terrible, le decía que era un asesino. Ella no volvió a hablar con su hermana ni con Vicente, el cura, que no había movido un dedo para ayudarla. ¿Tú sabes? —continuaba mi tía—, a las mujeres que tenían un hijo o el marido preso les rapaban el pelo como castigo para avergonzarlas delante de todos y les hacían hacer trabajo forzado en las carreteras, y a pleno sol no las dejaban ponerse pañuelos en la cabeza. Mi madre se salvó.

[O cuñado da miña nai —contábame Isabel— non perdeu o tempo e veu inmediatamente para levar o torno e as ferramentas do meu papá, que estaban na bodega da casa do Forte. A miña nai, que tiña unha coraxe terríbel, dicíalle que era un asasino. Ela non volveu falar coa súa irmá nin con Vicente, o cura, que non movera un dedo para axudala. Ti sabes? —continuaba a miña tía—, ás mulleres que tiñan un fillo ou o marido preso rapábanlles o cabelo como castigo para avergoñalas diante de todos e obrigábanas a realizar traballos forzados nas estradas, e a pleno sol non as deixaban poñer panos na cabeza. A miña nai salvouse].



Alejandra Nogueiras Lagoa, aínda en Cangas cos fillos, cara a 1940.

Até mediados dos anos 40, permaneceron en Cangas. A situación era insostíbel alí. Alejandra alugou A Retirosa e parte dun terreo do Forte e foron a Vigo. Alugou unha casa en Teis, cerca da prima de José. Marcharon todos para alí. Os fillos puxéronse a traballar dende moi pequenos.

O meu pai tiña doce anos cando comezou a traballar na casa dunha muller:

A los doce años —recordaba o meu pai— me fui a trabajar a Vigo a la casa de una mujer, Doña Fermina Alonso Lamberti, viuda de José Curbera Fernández, a quien prefiero olvidar. El lugar se llamaba Mirasol, al costado del Monte de la Guía. Era más mala que la peste. Le gritaba a toda la gente que trabajaba para ella. Yo trabajaba desde las 8h a las 20h. No me daba nada de comer. Me reemplazaba el sereno, que se llamaba Alonso. Tenía jardineros, mujeres jornaleras. Yo tenía que rastrillar el jardín y sacar la mala hierba y abría y cerraba la puerta por donde pasaban los autos de las visitas. Por la tarde me hacía poner el uniforme de pana azul con botones dorados y una gorra. Si sus visitas traían niños, me decía que yo los tenía que cuidar. Incluso compró una burra, Cuca, para que yo los paseara. A mí no me gustaba esa faena, y entonces le pinchaba a la burra y le hacía cosquillas. El animal levantaba las patas de atrás, los niños se asustaban, y no me pedían volver a subir. Yo era un niño. Me obligaba a ir a misa todos los domingos. Si podía, me escapaba. Ella iba en el auto y todos los que trabajábamos para ella, a pie. Me hacía sacar los zapatos del uniforme, cuando iba a regresar a casa, para no gastarlos. Había una puerta exclusivamente para la servidumbre, como ella nos llamaba. Tenía figuras de enanos esparcidas por todo el jardín y una fuente de adorno. El chalet era inmenso. En Vigo, íbamos con mis hermanos a la escuela de noche, con un maestro al que le habían matado un hermano. Se llamaba Gallego de apellido. Como no lo dejaban trabajar en la escuela pública, daba clases por su cuenta. Una vez Doña Fermina me mandó a lavar el caldero de la comida de las gallinas y yo le dije que no. Ella me echó, diciendo que hasta ese momento nadie le había dicho no. Me fui llorando para casa. Al otro día mi madre fue a hablarle para que me perdonara. Eran tiempos de miseria y necesitábamos ese dinero. Yo ganaba seis pesetas por día. Fermina tenía dos nietos viviendo con ella, hijos de una hija llamada Margarita y del marido, Don Antonio, capitán del ejército. El niño se llamaba Antonio y éramos amigos. Cuando lo llamaban para merendar, él decía que me tenían que dar a mí también; pero no le hacían caso. A él le gustaba quedarse conmigo. Yo le enseñé a treparse a los árboles, a él le encantaba. Le enseñé a montar en la burra. Todos los empleados tenían que llevar la libreta de racionamiento, era obligación para las personas que servían llevar la cartilla. Un pan por día y luego por semana y un cuarto litro de aceite por semana. A ella no le importaba lo que les hacía falta en

sus casas, a sus familias. Ella no necesitaba hacer eso. A veces, una cocinera me daba a escondidas un bocadillo con carne que para mí era un manjar. Tenía un camarero llamado Manuel, un cocinero José, jardineros. Tenía árboles frutales y, aunque la fruta estaba esparcida en el piso no nos dejaba comerla. Un día yo estaba acostado con dos jardineros, debajo de un peral y veía las peras con unas ganas de niño para comerlas. Entonces, dije yo en voz alta: no hay dios si no cae una pera ahora. Cosa increíble, la pera icayó! Y como los jardineros eran muy religiosos empezaron a decir que era el demonio y empezaron a persignarse. El caso es que me comí la pera.

[Aos doce anos —lembraba o meu pai— fun traballar a Vigo á casa dunha muller, dona Fermina Alonso Lamberti, viúva de José Curbera Fernández, á que prefiro esquecer. O lugar chamábase Mirasol, ao lado do Monte da Guía. Era máis mala que a peste. Gritáballe a toda a xente que traballaba para ela. Eu traballaba dende as oito da mañá ás oito da tarde. Non me daba nada de comer. Substituíame o sereno, que se chamaba Alonso. Tiña xardineiros, mulleres xornaleiras... Eu tiña que anciñar o xardín e tirar as malas herbas e abría e pechaba a porta pola que pasaban os coches das visitas. Pola tarde facíame poñer o uniforme de pana azul con botóns dourados e unha gorra. Se as súas visitas traían nenos, dicíame que tiña que coidalos. Incluso mercou unha burra, Cuca, para que eu os pasease. A min non me gustaba ese labor, e entón picaba a burra e facíalle cóxegas. O animal erguía as patas traseiras, os nenos asustábanse, e non me pedían volver subir. Eu era un neno. Obrigábanme a ir á misa todos os domingos. Se podía, escapaba. Ela ía no coche e todos os que traballabamos para ela a pé. Facíame tirar os zapatos do uniforme cando ía de volta á casa, para que non os gastase. Había unha porta exclusivamente para a servidume, como ela nos chamaba. Tiña figuras de ananos espalladas por todo o xardín e unha fonte de adorno. O chalé era inmenso. En Vigo, íamos cos meus irmáns á escola de noite, cun mestre ao que lle mataran un irmán. Chamábase Gallego de apelido. Como non o deixaban traballar na escola pública, daba aulas pola súa conta. Unha vez, dona Fermina mandoume lavar o caldeiro da comida das galiñas e eu díxenlle que non. Ela botoume, dicindo que até aquel momento ninguén lle tiña dito que non. Marchei chorando para a casa. Ao outro día a miña nai foi falar con ela para que me perdoase. Eran tempos de miseria e precisabamos ese diñeiro. Eu gañaba seis pesetas por día. Fermina tiña dous netos vivindo con ela, fillos dunha filla chamada Margarita e do marido, don Antonio, capitán do exército. O neno chamábase Antonio e eramos amigos. Cando o chamaban para merendar, el dicía que me tiñan que dar a min tamén; pero non lle facían caso. A el gustáballe estar comigo. Eu ensineille a rubir ás árbores, a el encantáballe. Ensineille a montar na burra. Todos os empregados tiñan que levar a cartilla de

racionamento, era obriga das persoas que servían levar a cartilla. Un pan por día e despois por semana e un cuarto de litro de aceite por semana. A ela non lle importaba o que lles facía falta nas súas casas, ás súas familias. Ela non precisaba facer iso. Ás veces, unha cociñeira dábame, ás agochadas, un bocadillo con carne que para min era un manxar. Tiña un camareiro chamado Manuel, un cociñeiro chamado José, xardineiros. Tiña árbores froiteiras e, aínda que a froita estaba espallada polo chan non nos deixaba comela. Un día eu estaba deitado con dous xardineiros debaixo dunha pereira e miraba para as froitas devecendo por comelas, como neno que era. Entón, dixen eu en voz alta: non hai Deus se non cae unha pera agora. Cousa increíbel, a pera caeu! E como os xardineiros eran moi relixiosos comezaron a dicir que era o demo e a persignarse. O caso é que eu comín a peral.

O meu pai deixou escritas algunhas das súas vivencias a pedido meu. Podería seguir escribindo as historias que deixou. Aínda conservo fotos súas na casa Mirasol. Dáme tenrura ese meniño vestido con uniforme.

A vida da familia seguiu adiante. No 1941, Carmela casou con Evaristo Iglesias Novovelich, que era seu veciño en Cangas de toda a vida. Era descendente de polacos. O día da voda, Carmela levou unha mantilla de cor negra porque aínda gardaba loito polo seu irmán. Evaristo estivera na fronte de batalla durante a guerra, volveu en 1939, moi perturbado. O meu pai e os meus tíos lembraban ese home corpulento, iracundo, que xeraba discusións á hora da cea e ameazaba con irse e non regresar máis. Porque viviron todos xuntos, despois de casados. Un día Evaristo cumpriu a súa promesa. Marchou con outro home da vila e, camiñando, cruzaron a pé os Pireneos. Chegaron á fronteira con Francia pero, ao pasala, foron detidos polos gardas franceses, que os deportaron de novo a España. Nesa viaxe, Evaristo saltou do tren pero volvérono deter e levárono a unha comisaría francesa. Alí coñeceu unha muller policía por quen se apaixonou. Foi recíproco. Ela levouno á súa casa, onde conviviron durante anos. Tiveron dous fillos. Pero nin Carmela nin ninguén sabía todo isto. No ano 1968, vivindo xa a miña familia en Bos Aires, Carmela recibiu unha carta do irmán de Evaristo. Este home tampouco sabía o paradoiro do seu irmán. Un día, nun xornal, leu a noticia dun accidente de tránsito ocorrido en París, onde Evaristo aparecía como vítima fatal. Así foi como a familia descubriu *o segredo* de Evaristo. Carmela seguía casada con el. Para poder emigrar a Bos Aires, tivo que tomar a identidade dunha das súas irmás de pai, María Veiga Couto, que falecera facía xa un tempo de tuberculose. Nesa época, as mulleres precisaban do permiso do seu marido para poder saír do país.

Despois de saber da morte do seu *aínda* marido, Carmela viaxou a Francia. Pasaran máis de vinte e catro anos e por fin podía pór os seus documentos en regra. Pasou a ser a viúva de Evaristo e, todos os meses, dende o consulado francés, recibiu o diñeiro da pensión.

A vida da familia mudou cando Fernando cumpriu dezasete anos. A miña avoa non quería que os seus fillos fixesen o servizo militar franquista. Entón, para reunir o diñeiro para as pasaxes do barco, malvendeu unha casa en Cangas e alugou A Retirosa.

Así, no ano 1952 partiron Alejandra e Isabel, as primeiras, rumbo á Arxentina. Saíron do porto de Vigo no vapor *Entre Ríos* e, despois dunha travesía de quince días, chegaron a Bos Aires.

En 1954, faríano Fernando e Manuel. E en 1956, Fina, Carmela e Josefa. Un dos rapaces, ao cabo de moitos anos, lembra a travesía:

Yo me metí de ayudante en la cocina del barco —contábame o meu pai—. Pelaba papas, les sacaba las cáscaras a los huevos, y de ese modo comía mejores porciones. Dormíamos en literas, Fernando arriba y yo abajo. Una noche, jugando, de tanto empujar su colchón con mis pies él se cayó al suelo y se hizo un corte en la cabeza. Terminamos en la enfermería. Cantábamos con los muchachos del barco, jugábamos con las mangueras de incendio en los baños, nos divertíamos. No sabíamos, entonces, cuánto extrañaríamos nuestra tierra.

[Eu fixen de axudante na cociña do barco —contábame o meu pai—. Planaba patacas, tiráballes a casca aos ovos, e dese modo comía mellores porcións. Durmiamos en liteiras, Fernando enriba e eu embaixo. Unha noite, xogando, de tanto empuxar o seu colchón cos meus pés caeu ao chan e fixo un corte na cabeza. Terminamos na enfermería. Cantabamos cos rapaces do barco, xogabamos coas mangueras de incendios nos baños, divertiámonos. Non sabiamos, entón, canta morriña iamos sentir da nosa terra.

No pasaporte do meu pai, como no de todos os seus irmáns, aparecía: “Viaja en compañía de su madre y con partida de defunción de su padre” [“Viaxa na compañía da súa nai e coa partida de defunción do seu pai”]. As cartas cruzaron o mar na equipaxe de Alejandra. As mulleres vestían de negro. Josefa, a nai de José, tiña oitenta anos cando chegou. Morreu en 1960, catro anos despois de pisar América, e sempre gardou o loito.

A familia foi vivir a un “cuarto” moi pequeno, nun *conventillo*. Alí vivían familias de franceses, polacos, arxentinos e galegos. Ese lugar só tiña un baño, compartido por todos. O meu pai e o meu tío contaban as historias de cada per-

sonaxe: dos polacos borrachos que tocaban o violín no patio, dos que poñían a música a todo volume, dos que fumaban cigarros toscanos. “Acostumbrados a la naturaleza y los espacios grandes que teníamos en Galicia..., imáxinate como nos sentíamos ahí”, me decían [“Acostumados á natureza e aos espazos grandes que tiñamos en Galiza..., imaxina como nos sentiamos ahí”, dicíanme].

En Bos Aires, todos comezaron a traballar. Fina e Isabel, nun taller de costura. A miña avoa nunha fábrica téxtil. O meu pai e Fernando, nun taller mecánico.

Con moitos sacrificios e sorteando toda clase de obstáculos, despois dalgúns anos, compraron unha casa. Nese novo fogar, que parecía Galiza, a miña avoa gardaba a memoria. Alejandra e Carmela viviron alí até os seus últimos días.



Alejandra Nogueiras Lagoa cos fillos en Buenos Aires: Fernando –á súa destra–, Isabel e Manuel. Circa 1955. Foto enviada ás tres mulleres da familia que esperaban en Galiza poderen reunirse con eles.

A miña avoa contábame historias que sempre comezaban así: “En aqueles tempos” [“Naqueles tempos”]. Eu amaba esas palabras que abrían o baúl das súas historias. Tiña o don da palabra. Transportábame, ao son da súa voz, a un lugar chamado Galiza. Galiza. Tan lonxe e tan preto.

A medida que fun medrando, os relatos da miña avoa expresaban con máis nitidez as vivencias pasadas. Cando chegou o meu tempo de coñecer a

traxedia familiar, as súas palabras non eran de odio. Dalgunha maneira soubo o valor que teñen as *boas palabras* para reparar. Sabía que narrar era o modo de curar. Á calor da chama dos afectos, sandaba as feridas dos sucesos máis traumáticos. Reconstruía a nosa historia no conxuro das súas palabras. A memoria é unha forma de resistencia á morte.

Un día contoume que conservaba unhas cartas. Cartas que o meu avó escribira dende o cárcere para a familia.

Tería eu uns dezaioito ou vinte anos cando llas pedín. Leveinas á miña casa. Quixen lelas na intimidade. Atravesada polas emocións máis intensas, transitei os vieiros de tinta que o meu avó trazaba. Chorei días e noites. Non sei cantas veces as lin, nin sei por canto tempo chorei.

Lembro o impacto que esas primeiras lecturas deixaron en min. Non puiden poñelo en palabras naquel momento.

Co tempo, comprendín que a súa escritura abriu todo un universo para min. Grazas a ela coñecino. Grazas a ela encontrei persoas e camiños que transformaron, e seguen transformando, a miña vida. Pregúntome que sería del se non escribise as cartas.

Cos anos, a súa luz extinguiríase lentamente, o seu recordo iría perdendo brillo e, escurecido, apagaríase para sempre no esquecemento. A escritura salvouno dunha morte segura.

As cartas viviron coa miña avoa para sempre. Ao abeiro das palabras encontrábanse abrazados. O amor é unha forza poderosa: xera encontros que só comprenden os que os viven e os senten.

Antes de morrer, José escribiulle palabras de amor profundo:

Te deseo de todo corazón felicidad y dicha en compañía de nuestros hijos queridos (...). Y cuando en el mundo hayas cumplido tu misión, vendrás a unir tu alma con la mía para gozar amor eterno. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 139; data orixinal 2/6/1937)

... serena, pues, tu espíritu atormentado y fortalece tu alma con la idea de que aunque mi cuerpo ha muerto, mi alma es inmortal y vivirá eternamente en vosotros todos. Fortalece también tu cuerpo debilitado por la pena, a fin de que puedas recuperar vigor y energía para tener salud y poder hacer frente a la vida. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 115; data orixinal 17/5/1937)

... cuando estas líneas leas, sabrás, Alejandriña de mi vida, que hasta el momento mismo de morir no se ha apartado tu imagen de mi pensamiento. (Mejuto Bernárdez, 2015, p. 139; data orixinal 2/6/1937)

Os meus pais coñecéronse en Bos Aires, en 1960, nun baile de Entroido.

Imaxino o asombro cando compartiron as súas historias de vida. En Galiza o meu pai, na Ríoxa a miña nai, o franquismo deixáraos orfos de pai e obrigáraos a marchar da súa terra.

Ao pai da miña nai, Pablo, asasinárono cando tiña vinte e dous anos. Ela tiña seis meses de vida.



Pablo Soba Arenzana, o outro avó de Ana Paula Mejuto. Foi paseado en 1936.

*Madre*, tan pequeniña e tan grande a túa traxedia!

Chamáronlle Ángeles. Paulina e Pablo casaran moi novos. Os dous eran obreiros da fábrica de móbeis Pascual Salcedo, de Torrecilla en Cameros. Apaixonáronse. A igrexa de Logroño, en 1934, foi testemuña dese amor. Pero chegou 1936 e con el o golpe de Estado. Torrecilla quedou baixo o mando dos sublevados aos poucos días. Igual que en Galiza, alí tampouco houbo guerra. Houbo unha brutal represión. O 30 de setembro de 1936, o corpo de Pablo apareceu tirado nunha cuneta.

A meu avó sacárono unha noite da súa casa e levárono ao cárcere de Logroño. A miña avoa Paulina salvouse porque tiña un tío cura. Ese foi o seu salvoconduto. Tampouco a raparon, nin lle deron aceite de rícino como a outras mulleres para sinalalas e humillalas.

Encontrei a miña historia paterna en libros. A materna tamén. Entre os capítulos do libro de Jesús Vicente Aguirre, *Aquí nunca pasó nada. La Rioja 1936*, apareceu o meu avó<sup>2</sup>. O autor escribiu:

... de Pablo Soba Arenzana no hemos encontrado documentos personales de militancia o de participación en los hechos de 1934. Pero por las informaciones recibidas, era compañero de trabajo en la fábrica de algunos de los asesinados, de los que era amigo o tan sólo compañero. (Aguirre, 2008, p. 25)

Levárono detido por ser amigo de obreiros afiliados ao sindicato. No libro, unha testemuña relata o momento en que o levan para matalo:

Yo los vi cuando los echaron al camión atados, prueba de que los llevaban a matar. En esta ocasión los asesinos tuvieron un fracaso pues cuando llegaron a ese lugar iban sueltos, cuatro brincaron del camión, se abalanzaron sobre ellos y lograron escapar, dos fueron al pueblo y los volvieron a coger, y otros dos estuvieron más de tres años escondidos. (Aguirre, 2008, p. 234)

Un dos que saltou do camión foi o meu avó. Pasou uns días agochado no monte. O seu irmán Manuel, ocultándose, leváballe ao abrente do día comida e roupa. Pablo soubo das ameazas que a Garda Civil lanzara contra a súa familia se el non se entregaba. Había toque de queda e os gardas controlaban a súa casa. Sabía que, se fuxía, torturarían ou matarían o seu pai. Unha noite escura, Pablo díxolle ao seu irmán que, ao saír o sol, marcharía ao cuartel da Garda Civil. Abrazáronse. Rogoulle que coidase da súa muller e filla. Manuel prometeullo. Imaxino, conmovida, ese último encontro fraternal. Detivérono. Aos poucos días, levárono para matalo no mesmo lugar no que el escapara. A miña avoa tivo coñecemento de onde estaba enterrado por unha veciña.

Paulina era de poucas palabras. De cando en cando contábame a súa historia:

---

2 "Pablo Soba Arenzana, 'El Pajarín', 22 años, paseado el 30 de septiembre de 1936 en Sorzano". Cfr. p. 783.

¿Sabes cómo me enteré de que habían matado a tu abuelo? —díxome un día— Tu abuelo estaba preso de nuevo. Yo estaba con tu madre en brazos y con una amiga que también tenía una niña pequena. Estábamos caminando frente a Islallana<sup>3</sup>, cuando pasou un auto, que es como un colectivo de aquí. Una del pueblo me vio y asomando su cuerpo por la ventana, me gritó: “Pauli, que han matado a Pablo”. Y el auto siguió su camino. Corrí al cementerio, mi amiga me acompañó. Colgada en una puerta, reconocí la ropa de tu abuelo. Lo enterraron, sin nombre, en una fosa con otro hombre. Una persona me dijo dónde estaba. Tiempo después me fui a vivir a Viguera, con mis abuelos. Allí me empleé para faenas domésticas, cocinando para una familia. Me quedaba toda la semana y los fines de semana iba a ver a tu madre, que estaba con mi madre en Torrecilla. Yo sufría por tener que dejar a mi Ángeles, pero no teníamos un duro, no podía quedarme con ella.

[Sabes como souben que mataran o teu avó? —díxome un día—. O teu avó estaba preso de novo. Eu estaba coa túa nai no colo e cunha amiga que tamén tiña unha nena pequena. Estabamos camiñando fronte a Islallana cando pasou un coche de liña, que é como un *colectivo* de aquí. Unha da vila viume e, asomando o corpo pola fiestra, gritoume: “Pauli, mataron a Pablo”. E o coche de liña seguiu o seu camiño. Corrí ao cemiterio, a miña amiga acompañoume. Colgada dunha porta reconecín a roupa do teu avó. Enterrárono, sen nome, nunha fosa con outro home. Unha persoa díxome onde estaba. Un tempo despois fun vivir a Viguera, cos meus avós. Alí traballei nas tarefas do fogar, cociñando para unha familia. Quedaba toda a semana e nas fins de semana ía ver a túa nai, que estaba coa miña nai en Torrecilla. Eu sufría por ter que deixar a miña Ánxeles, pero non tiñamos nin un peso, non podía quedar con ela].

Non existen humanos que non choren os seus mortos. Así o fixo a miña avoa, empregada doméstica.

José e Pablo, os meus dous avós, contan a través da súa forma de morrer, dous modos de represión do réxime franquista: a xudicial, institucionalizada con xuízo sumarísimo, e a extraxudicial, a dos *paseos*, a dos cadáveres nas cunetas. Sementaban o terror. Os cadáveres aparecían a plena luz do día. A xente atopaba ese espectáculo macabro. A mensaxe das represalias era clara: isto é o que lles acontece aos que están en contra do réxime franquista. A mensaxe ía máis aló dunha dimensión ideolóxica: manipulaban a alma das persoas. Buscaban lealdades compulsivas ao réxime, reais ou finxidas.

---

3 Pedanía do municipio de Nalda (A Rioxa).

Aniquilaban a liberdade de expresión. Ninguén buscaba os executores, non había culpábeis. Os mortos eran enterrados sen máis.

Rematada a guerra, Manuel volveu da fronte e cumpriu a promesa que lle fixera ao seu irmán.

O 21 de abril de 1940 casou con Paulina nunha igrexa de Logroño. Os dous viviron xuntos até os seus últimos días. Desas segundas nupcias naceron tres fillos, os meus tíos. Todos xuntos, coa miña nai, emigraron a Bos Aires en 1950. Amei profundamente a Manuel, o meu segundo avó. O avó que puider coñecer.

A miña nai, Ángeles, chegou a Bos Aires xunto coa súa familia cando tiña 15 anos.

Dicíame:

... bajamos del barco con lo poco que traíamos, nos subimos a un tranvía y llegamos a una casa que me causó una impresión horrible. Desde que salí de mi tierra ya quise volver a ella. Todo se me presentaba triste y gris.

[... baixamos do barco co pouco que traíamos, subimos a un tranvía e chegamos a unha casa que me causou unha impresión horribel. Dende que saín da miña terra xa quixen volver a ela. Todo se me presentaba triste e gris].

Os meus pais coñecéronse e casaron en Bos Aires. Tivéronnos a miña irmá e a min. Viviron “para sempre querendo volver á súa terra”. O noso fogar era “de aquí e de alí”. Como quen vive entre dúas terras. Destino do emigrante.

O meu pai tocaba a bandurra, cantabamos nas sobremesas cancións galegas. A miña nai amaba Galiza tamén. Xuntos exorcizaban a “infinda” morriña.

Pasaron anos antes de que puidesen regresar á súa terra. A miña nai volveu a Torrecilla en Cameros, o meu pai a Cangas. Xuntos desandaron os camiños que o réxime franquista os obrigou a abandonar. Foron *ver* os seus pais. Por primeira vez, de adultos.

Contábame a miña nai que ela non sabía onde estaba enterrado o seu pai. Entrou ao cemiterio cunha muller que tiña a chave do lugar. Para o seu asombro, esa señora, entrada en anos, sabía onde localizalo. Contoulle que ela viu que uns gardas conduciron a dous mortos nun carro. Que o cura quería enterralos no cemiterio, pero o xefe da Garda Civil opúñase e dicía que os tirasen por aí. O cura díxolle que inmediatamente ía pór a sotana para

identificarse como autoridade, tendo en conta que o garda levaba o seu uniforme. Discutiron por un bo tempo e, ao final, enterráronos xuntos, nunha foxa común, ben ao fondo do cemiterio. A señora acompañouna até o lugar preciso. A miña nai nunca tería descuberto que iso era unha tumba, xa que só había céspede e terra sen identificación ningunha. Despois de estar aí un bo cacho, a muller levounos até as tumbas do cura e do garda civil. Estaban enterrados un ao lado do outro.

A Guerra Civil e a represión multiplican infinitas historias coas súas propias traxedias, os seus propios mortos, os seus propios amores. A historia oficial, franquista, intentou silencialas durante corenta anos. Prolongou a violencia ao escribir unha historia desmemoriada, cargada de símbolos e ideoloxía franquista. E ao dar unha visión da guerra como necesaria para acadar a *paz* e rematar cos “enemigos de Dios y la patria” [“inimigos de Deus e da patria”]. Os *vencidos* eran cualificados de elementos perigosos, de ideas perversas para o ben común.

Aprenderon a odiar. Varias xeracións viviron e naceron nesta “cultura de visión franquista”, repetida arreo polos medios de comunicación, a educación, a propaganda, todas as institucións do Estado e a Igrexa. Esta visión continúa moi arraigada na sociedade española. Xa van cumprirse corenta e cinco anos da morte do ditador e as rúas continúan ateigadas de “lugares de memoria franquista” que pretenden perpetuar a súa presenza, ou a vida das persoas ligadas a el.

Os relatos das familias represaliadas resistiron o silencio e o esquecemento.

Porque o que é, é. Non hai artificios que poidan contra a *humanidade* do humano. Como se agochan miles de crimes perpetrados contra seres humanos que desexaban vivir? As historias viaxaron dende o acervo persoal ao colectivo. A historia reescribiuse con outros sentidos e significados. O pasado volveuse memoria como denuncia e testemuño. Miles de homes, mulleres e nenos foron exterminados, quitóuselles o dereito primordial, o dereito á vida. A memoria foi a forza, a presenza viva do pasado no presente.

Aínda hoxe, non houbo reparación histórica dende o Estado para os crimes perpetrados polo franquismo. Tampouco se revocaron as condenas dos expedientes franquistas.

A memoria é resistencia. O amor, tamén.

O meu avó escribiu palabras de morte inxusta.

O meu avó escribiu palabras de amor e de esperanza.

Os relatos son como espellos. Vemos a través deles. O mundo enteiro cabe nun relato.

Nas profundidades das letras *somos* esas historias. As palabras gardan as memorias dende a nora de todos os tempos. Crean universos. Interpretan os sucesos. Como se narra unha guerra? Cando eu era nena non sospeitaba que a miña propia familia ma contaría. Que o meu avó a deixaría escrita nas súas cartas.

*Mil veces al día me acuerdo de vosotros todos. Yo estoy aquí privado de libertad y alejado de vosotros, pero mi pensamiento está siempre a vuestro lado. A este no hay fuerza humana capaz de privarlo de libertad, a donde quiera que me lleven, mi pensamiento traspasará los muros.*

Querido avó:

As túas palabras teñen vida:  
podo sentirte nelas.

A túa escrita ilumina as sombras.  
Iluminou a miña vida.





## Referencias bibliográficas

AA. VV. (1936 e ss.). *Expediente de la Causa 790/1936 "Contra Agustín Jorge Echeverri", e "2ª Pieza: Contra Antonio Fernández Fernández y veinte más"*. Ferrol: Archivo Intermedio Región Militar Noroeste. Manuscrito inédito.

AA. VV. (2005). *Los campos de concentración franquistas en el contexto europeo*. Ayer, 57.

Abad Gallego, X. C. (2001). "La isla de los muertos (vida y muerte en la colonia penitenciaria de San Simón)". *Boletín de Estudios Vigueses*, 7, 137-172.

Aguirre, J. V. (2008). *Aquí nunca pasó nada. La Rioja 1936*. Logroño: Ochoa.

Alonso Montero, X. (ed.) (2009). *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. Vigo: Xerais.

Amoedo López, G. e Gil Moure, R. (2007). *Episodios de terror durante a Guerra Civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón*. Vigo: Xerais.

Anónimo [Benavides, Manuel D.? / Seoane, Luís?] (1938a, 2005). *Galicia bajo la bota de Franco*, versión castelá de *La Galice sous la botte de Franco. Episodes de la terreur blanche dans les provinces de Galice, rapports par ceux qui les ont vécus*. Paris: Jean Flory. Prólogo de Carlos Fernández Santander: Santiago de Compostela: Alvarelllos.

Anónimo [Benavides, Manuel D.? / Seoane, Luís?] (1938b). *Lo que han hecho en Galicia. Episodios de terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes lo han vivido*. París: Editorial España. Buenos Aires: Oficina de Prensa al Servicio de la República Española.

Anónimo [Alonso Montero, X.] (1966). "Presencia de Galicia en la zona republicana durante la guerra civil". En VV. AA., *Galicia Hoy* (pp. 56-62). Buenos Aires: Ruedo Ibérico.

Caeiro, A., González, J. e Saá, C. M<sup>a</sup>. (1995). *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón*. Vigo: Ir Indo.

Cenarro, A. (2003). "La institucionalización del universo penitenciario franquista": 133-153. En Molinero, C. / Sala, M. / Sobrequés, J. (eds.): 133-155.

Córdoba Piñón, Manuel (1936). "Carta a mis queridos padres y hermanos. Colonia Penitenciaria del Lazareto de San Simón, 3 / nov. 936", manuscrita en 4 caras de 2 folios. Archivo familiar dos descendentes de Córdoba Piñón.

Dasairas Valsa, X. (2005). "Cronoloxía da represión en Cangas do Morrazo". En *A represión franquista en Galicia. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria. Narón, 4 a 7 decembro 2003* (pp. 663-675). Ferrol: Embora.

Guitián Castromil, Jorge (2005). "O Lazareto de San Simón: proxecto, construción e reformas (1838-1927)". *Glaucoipis. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 11, 63-76.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Hernández de Miguel, C. (2019). *Los campos de concentración de Franco. Some-timiento, torturas y muerte tras las alambradas*. Barcelona: Penguin Random House.

Krivopissko, G. (2009). *Vivir a muerte. Últimas cartas de fusilados. Francia, 1941-1944* (D. Barral Hortet, trad.). Barcelona: Barril Barral.

Mejuto Bernárdez, J. (2015). *Cartas de un condenado a muerte. Los últimos días en prisión en 1936 y 1937 del republicano gallego José Mejuto Bernárdez*. "Palabras previas" de Eduardo Galiano; "Prólogo" de Xesús Alonso Montero; "Las palabras tienen la esencia de la luz" de Ana Paula Mejuto; "Cronología" y "Extracto del Expediente de la Causa" de Ana Paula Mejuto / Olivia Rodríguez González. Edición al cuidado de Olivia Rodríguez González. Santiago de Compostela: Alvarellos.

Mejuto Soba, A. P. e Rodríguez González, O. (2017). "La mujer emigrante y exiliada como custodia de la memoria histórica gallega. El caso del proceso a José Mejuto Bernárdez, republicano fusilado en 1937". *Madrygal*, 20, 165-177.

Mirta Núñez Díaz-Balart, "El dolor como terapia. La médula común de los campos de concentración nazis y franquistas". En *Los campos de concentración franquistas en el contexto europeo*. *Ayer*, 57: 81-102.

Molinero, Carme (2003). "Introducción". En Molinero, C. / Sala, M. / Sobrequés, J. (eds.) (2003): XVII-XXIV.

Molinero, C., Sala, M. e Sobrequés, J. (eds.) (2003). *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*. Prólogo de Josep Fontana. Barcelona: Crítica.

Mosquera, Evaristo Antonio (1984). *Cuatro años a bordo de una isla. Una extraña manera de vivir nuestra Guerra Civil*. O Castro / Sada, A Coruña: 1984 (reedición en galego: *Catro anos a bordo dunha illa. Memoria dun preso en San Simón ou un extraño xeito de vivir a nosa guerra civil*. Vigo: A Nosa Terra, 2006).

Núñez Díaz-Balart, Mirta (2005). "El dolor como terapia. La médula común de los campos de concentración nazis y franquistas". En AA.VV.: 81-102.

Pereira, D. (2004). "A represión franquista na provincia de Pontevedra (1936-1950)". *Unión Libre: cadernos de vida e culturas*, 9, 33-46.

*Proxecto Nomes e Voces* (2010 e ss.). Proxecto de Investigación Interuniversitario dirixido por Lourenzo Fernández Prieto, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (USC). Disponível en: <http://www.nomesevoces.net/>

Rodrigo, Javier (2003). "Campos en tiempos de guerra. Historia del mundo concentracionario franquista (1936-1939)". En Molinero, C. / Sala, M. / Sobrequés, J. (eds.): 19-36.

Rodríguez González, O. (2014). "O círculo da historia. Unha nena da Galicia mártir". En Acuña, A. (ed.), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (pp. 71-95). Berlín: Frank&Timme.

Santos Castroviejo, I. e Nores Soliño, A. (2005). *Historia de Cangas, 1900-1936. Unha ribeira de pescadores*. Vigo: A Nosa Terra.

Vega Sombría, Santiago (2003). "La vida en las prisiones de Franco". En Molinero, C. / Sala, M. / Sobrequés, J. (eds.) (2003): 177-198.

Vega Sombría, S. (2011). *La política del miedo. El papel de la represión en el franquismo*. Barcelona: Crítica.

Velasco Souto, C. F. (2006). *1936. Represión e alzamento en Galiza*. Vigo: A Nosa Terra.



Esta obra foi impressa pela Gráfica Comercial e paginada pela  
Bloco Design & Comunicação, com uma tiragem de 300 exemplares,  
ISBN 978-989-9023-04-8 e Depósito Legal 472506/20.

